



ACTA XUNTA DE GOBERNO
SESIÓN ORDINARIA DE VINTE E DOUS DE OUTUBRO DE DOUS MIL VINTE E UN
(ACTA NÚMERO 41)

Presidente:

D. José Tomé Roca

Sres. Deputados:

D^a. Tareixa Antía Ferreiro Tallón

D. Pablo Rivera Capón

D^a. Mayra García Bermúdez

D. Roberto Fernández Rico

D. Xosé María Arias Fernández

D. José Luis Raposo Magdalena

D^a. Mónica Freire Rancaño

Secretaria:

D^a. María Esther Álvarez Martínez

Interventora:

D^a. Rosa Abelleira Fernández

No Salón de Comisións do Pazo Provincial, sendo as once horas do día **vinte e dous de outubro de dous mil vinte e un**, baixo a Presidencia do titular do cargo, Ilmo. Sr. D. José Tomé Roca, reúnense as señoras e señores Deputados na marxe relacionados, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto, para tratar os asuntos incluídos na Orde do Día regulamentariamente remitida, en virtude das facultades delegadas que lle confire á Xunta o artigo 59 do vixente Regulamento Orgánico desta Corporación.

Actúa de Secretaria D^a. María Esther Álvarez Martínez, e asiste a Interventora D^a. Rosa Abelleira Fernández.

Non asiste a Sra. Deputada D^a M^a. del Pilar García Porto.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA QUINCE DE OUTUBRO DE DOUS MIL VINTE E UN.

Por parte do Sr. Presidente pregúntase aos Sres. Deputados, membros da Xunta de Goberno, se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día quince de outubro de dous mil vinte e un que foi distribuída entre os mesmos; e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade dos asistentes.

2.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, EN RELACIÓN CON MODIFICACIÓN/SUBSTITUCIÓN DE INVESTIMENTOS INCLUÍDOS NO PLAN ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2021.

Primeiro.- Proposta de aprobación, se procede, en relación co escrito da Alcaldía do Concello de Mondoñedo, solicitando modificación/substitución de investimentos incluídos no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2021.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

“En relación co escrito da Alcaldía do Concello de Mondoñedo no que solicita a modificación/substitución de investimentos incluídos no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2021, infórmase o seguinte:

Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria que tivo lugar o 29/12/2020 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2021. Ditas Bases foron publicadas no BOP do 12-01-2021.

Nas devanditas bases estableceuse que o prazo para a adxudicación das obras, ou o acordo da súa execución por administración, e a formalización dos contratos, de proceder, debería de ser adoptado na data límite do 30 de novembro de 2021.

O Plan Único de Cooperación cos Concellos 2021 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión ordinaria celebrada en data 30/03/2021, figurando incluídos os investimentos para os que solicita modificación:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
MONDOÑEDO	146	ACONDICIONAMENTO DE CAMIÑOS MUNICIPAIS NAS PARROQUIAS DE ARGOMOSO, O CARME, LINDÍN, MASMA, OIRÁN, OS REMEDIOS, SANTIAGO DE MONDOÑEDO E SAN VICENTE DE TRIGAIS, INCLUÍDO HONORARIOS	12.064,70€	100532,69€	112.596,39€

O concello indicado non achegou os correspondentes anexos III ou IV, non obstante inda esta en prazo ata o 30/11/2021.

A Alcaldía do Concello de Mondoñedo a través de escrito con RE de data 14/10/2021 solicita:

A modificación/substitución do investimento incluído inicialmente no Plan Único 2021, concretamente o investimento nº 146, aos que acompaña a xustificación dos motivos da modificación, que en síntese indica “... resolución de Patrimonio negativa, ao seren consideradas incompatibles coa protección do patrimonio...” polo que deseguido se indica, co orzamento que se sinala, documentación e proxecto da nova actuación solicitada:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
MONDOÑEDO	146	REFORMADO ACONDICIONAMENTO DE CAMIÑOS MUNICIPAIS NAS PARROQUIAS DE ARGOMOSO, O CARME, LINDÍN, MASMA, OIRÁN, OS REMEDIOS, SANTIAGO DE MONDOÑEDO E SAN VICENTE DE TRIGAIS, INCLUÍDO HONORARIOS	12.064,70€	74.694,66€	86.759,36€

Así mesmo solicita que o importe minorado como consecuencia do reformado sexa considerado como remanentes.

A base 16, indica que “...motivadamente poderá solicitar a modificación ou substitución do investimento, respectando en todo caso a mesma finalidade e por conseguinte o programa de gasto no que se incluíu o investimento (aplicación orzamentaria), sendolle igualmente aplicables os prazos de execución e xustificación fixados nestas bases. Se tendo en conta o anterior, ou outra circunstancia sobrevida, debidamente motivada, xurdira a necesidade de modificar ou substituír un investimento inicialmente incluído por outro, dita modificación/substitución será solicitada polo Concello con anterioridade ao vencemento do prazo outorgado para a adxudicación do mesmo, achegando o novo proxecto e desglose do seu financiamento, e someterase a aprobación da Xunta de Goberno da Deputación, dando conta ao Pleno na seguinte sesión ordinaria. Debe respectarse a finalidade, e dicir a mesma aplicación orzamentaria”.

A Deputación ten como atribución principal a cooperación cos Concellos. A proposta formulada polo Concello, en exercicio da súa autonomía responde aos plans e programas previstos nas bases reitoras, e respectan os diferentes límites cuantitativos establecidos nas propias bases. Quere dicirse que estas actuacións, se foran propostas antes da aprobación do propio Plan, serían aceptadas. Acceder ao solicitado contribúe a efectividade da cooperación da entidade provincial cos concellos da provincia, respectando a súa autonomía, capacidade de xestión e decisión para responder ás necesidades municipais.

O artigo 4 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, indica que as administracións públicas deben aplicar os principios de proporcionalidade e elixir a medida menos restritiva, como principios no desenvolvemento da actividade administrativa.

Tendo en conta a solicitude e xustificación exposta polo concello, incorporadas ao expediente, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá adoptar o devandito acordo, segundo as bases do Plan Único 2021, é a Xunta de Goberno.



Polo que vai dito, informase favorablemente a modificación/substitución do investimento relativo ao Concello de Mondoñedo que se sinala; así como que o importe minorado como consecuencia do reformado do proxecto sexa utilizado como remanentes, unha vez que o concello o solicite nos termos establecidos nas bases do plan; e que queda incluído no Plan Único 2021.

A vista do anterior, esta Presidencia, propón que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Acceder ao solicitado pola Alcaldía do Concello de Mondoñedo, e en consecuencia, aprobar a modificación/substitución do investimento relativo ao Concello indicado, e quedando o Plan Único de Cooperación cos Concellos 2021 modificado no investimento do concello indicado, nos seguintes termos:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
MONDOÑEDO	146	REFORMADO ACONDICIONAMENTO DE CAMIÑOS MUNICIPAIS NAS PARROQUIAS DE ARGOMOSO, O CARMÉ, LINDÍN, MASMA, OIRÁN, OS REMEDIOS, SANTIAGO DE MONDOÑEDO E SAN VICENTE DE TRIGAIS, INCLUÍDO HONORARIOS	12.064,70€	74.694,66€	86.759,36€

2º.- Determinar que o importe minorado na achega da Deputación (25.837,03€) como consecuencia do reformado do proxecto poida ser utilizado como remanentes polo Concello, unha vez solicitado nos termos establecidos nas bases do Plan.

3º.- Dar conta, do presente acordo, ao Pleno na seguinte sesión ordinaria.

4º.- Dar traslado do presente ao Concello solicitante para o seu coñecemento, significándolle que os investimentos deberán de estar adxudicados, executados e xustificadas nas datas que se indican nas bases reguladoras.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Segundo.- *Proposta de aprobación, se procede, en relación co escrito da Alcaldía do Concello de Pobra do Brollón, solicitando modificación/substitución de investimentos incluídos no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2021.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

“En relación co escrito da Alcaldía do Concello de Pobra do Brollon no que solicita a modificación/substitución de investimentos incluídos no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2021, infórmase o seguinte:

Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria que tivo lugar o 29/12/2020 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2021. Ditas Bases foron publicadas no BOP do 12-01-2021.

Nas devanditas bases estableceuse que o prazo para a adxudicación das obras, ou o acordo da súa execución por administración, e a formalización dos contratos, de proceder, debería de ser adoptado na data límite do 30 de novembro de 2021.

O Plan Único de Cooperación cos Concellos 2021 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión ordinaria celebrada en data 30/03/2021, figurando incluídos os investimentos para os que solicita modificación:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
POBRA DO BROLLON	229	HUMANIZACIÓN RÚA RIO SAA, INCLUÍDO HONORARIOS	3.804,20€	56.857,28€	60.661,48€

O concello indicado non achegou os correspondentes anexos III ou IV, non obstante esta en prazo ata o 30/11/2021.

A Alcaldía do Concello de Pobra do Brollon a través de escrito de data 14/10/2021 solicita:



A modificación/substitución do investimento incluído inicialmente no Plan Único 2021, concretamente o investimento nº 229, aos que acompaña a xustificación dos motivos da modificación, que en síntese indica “... falta de autorización sectorial...” polo que deseguido se indica, co orzamento que se sinala, documentación e proxecto da nova actuación solicitada:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
POBRA DO BROLLÓN	229-A	HUMANIZACIÓN RÚA ABAIXO E PRAZA DA CONDESA, INCLUÍDO HONORARIOS	2.662,94€	47.363,72€	50.026,66€
POBRA DO BROLLÓN	229-B	REXENERACIÓN DA RÚA NOGUEIRIÑOS, INCLUÍDO HONORARIOS	1.141,26€	9.493,56€	10.634,82€

A base 16, indica que “...motivadamente poderá solicitar a modificación ou substitución do investimento, respectando en todo caso a mesma finalidade e por conseguinte o programa de gasto no que se incluíu o investimento (aplicación orzamentaria), sendolle igualmente aplicables os prazos de execución e xustificación fixados nestas bases. Se tendo en conta o anterior, ou outra circunstancia sobrevida, debidamente motivada, xurdira a necesidade de modificar ou substituír un investimento inicialmente incluído por outro, dita modificación/substitución será solicitada polo Concello con anterioridade ao vencemento do prazo outorgado para a adxudicación do mesmo, achegando o novo proxecto e desglose do seu financiamento, e someterase a aprobación da Xunta de Goberno da Deputación, dando conta ao Pleno na seguinte sesión ordinaria. Debe respectarse a finalidade, e dicir a mesma aplicación orzamentaria”.

A Deputación ten como atribución principal a cooperación cos Concellos. A proposta formulada polo Concello, en exercicio da súa autonomía responde aos plans e programas previstos nas bases reitoras, e respectan os diferentes límites cuantitativos establecidos nas propias bases. Quere dicirse que estas actuacións, se foran propostas antes da aprobación do propio Plan, serían aceptadas. Acceder ao solicitado contribúe a efectividade da cooperación da entidade provincial cos concellos da provincia, respectando a súa autonomía, capacidade de xestión e decisión para responder ás necesidades municipais.

O artigo 4 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, indica que as administracións públicas deben aplicar os principios de proporcionalidade e elixir a medida menos restritiva, como principios no desenvolvemento da actividade administrativa.

Tendo en conta a solicitude e xustificación exposta polo concello, incorporadas ao expediente, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá adoptar o devandito acordo, segundo as bases do Plan Único 2021, é a Xunta de Goberno.

Polo que vai dito, informase favorablemente a modificación/substitución do investimento relativo ao Concello de Pobra do Brollón que se sinala, e que quedan incluído no Plan Único 2021.

A vista do anterior, esta Presidencia, propón que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Acceder ao solicitado pola Alcaldía do Concello de Pobra do Brollón, e en consecuencia, aprobar a modificación/substitución do investimento relativo ao Concello indicado, e quedando o plan único de Cooperación cos concellos 2021 modificado no investimento do concello indicado, nos seguintes termos:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
POBRA DO BROLLÓN	229-A	HUMANIZACIÓN RÚA ABAIXO E PRAZA DA CONDESA, INCLUÍDO HONORARIOS	2.662,94€	47.363,72€	50.026,66€
POBRA DO BROLLÓN	229-B	REXENERACIÓN DA RÚA NOGUEIRIÑOS, INCLUÍDO HONORARIOS	1.141,26€	9.493,56€	10.634,82€

2º.- Dar conta, do presente acordo, ao Pleno na seguinte sesión ordinaria.

3º.- Dar traslado do presente ao Concello solicitante para o seu coñecemento, significándolle que os investimentos deberán de estar adxudicados, executados e xustificados nas datas que se indican nas bases reguladoras.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

3.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONVENIOS E MODIFICACIÓN DE CONVENIOS DE COLABORACIÓN CON DISTINTAS ENTIDADES E CONCELLOS.



Primeiro.- *Proposta de aprobación, se procede, do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Guitiriz coa finalidade común de colaborar na ampliación centro de día municipal de Guitiriz, incluído honorarios.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Guitiriz para a execución dos fins común de ampliación centro de día municipal de Guitiriz, incluído honorarios, consta no mesmo:

Solicitude do Concello de Guitiriz con número de expediente no GTM: 2021/PES_03/020651, que inclúe ademais:

Proxecto ou memoria valorada do investimento.

Declaracións responsables relativas a non ter débedas e ás obrigas a asumir polo Concello.

Memoria de impacto económico, con CSV: IV7F42C7PYNZST6NWQ5D6XXS64.

Borrador de convenio con CSV: IV7F42C7PX5ZXPODWDVQEEQGLY.

Informe do Servizo de Contratación e Fomento, conformado pola Secretaria Xeral e impulsando a súa tramitación a Presidencia, con CSV: IV7F42BNJR VYJCJJAVNTKFXOI4.

Fiscalización limitada previa do expediente.

CSV: Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente á aprobación de convenio e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar o texto do convenio interadministrativo de cooperación a subscribir entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Guitiriz coa finalidade común de colaborar na execución dos fins comúns de ampliación centro de día municipal de Guitiriz, incluído honorarios, con un orzamento total de 71.825,60 euros.

2º.- Que se aprobe o gasto en concepto de achega económica, por parte da Deputación, para o financiamento das actuacións contempladas no convenio, que ascende á contía máxima de 50.000,00 euros, con cargo ao vixente orzamento xeral da Deputación de Lugo para a anualidade 2021.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Segundo.- *Proposta relativa ao convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Viveiro para a celebración do “Belén xigante 2021 - 2022”. Anualidade 2021.*

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“Consta diversa documentación incorporada ao expediente e o informe do servizo de Turismo que se transcribe:

(...)

“En relación cos escritos, presentados por dona María Loureiro García con NIF: ***9730**, en nome e representación do Concello de Viveiro, con CIF: P-2706700-H, con data 28/07/2021 (RE, nº: 2021RPE021688), mediante os que solicita unha achega económica no marco dunha relación interadministrativa de cooperación (público-público) para a realización conxunta polo Concello de Viveiro e a Deputación Provincial de Lugo dunha actividade na que conflúen os respectivos títulos competencias para o fin común da celebración do “Belén Xigante 2021 - 2022”, procede emitir o seguinte informe:

Fundamentos xurídicos.

1. A relación interadministrativa de cooperación (público-público) que se pretende coa formalización do convenio para a celebración do “Belén Xigante 2021 - 2022” enmárcase no



escenario dunha colaboración institucional cunha vontade e fins compartidos, de conformidade co precisado nas estipulacións do mesmo e referentes á súa vixencia e natureza xurídica, atendendo ao previsto no artigo 47.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

O artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público en adiante LRXSP), sinala a definición de convenios, establecendo que “son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas ente si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.

Este mesmo artigo 47 sinala os tipos de convenios, ao establecer que “Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos:

Convenios interadministrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...)”

Neste caso estamos ante un convenio interadministrativo. As normas deste capítulo da Lei 40/2015, do 1 de outubro, non se aplican ás encomendas de xestión, nin tampouco aos acordos de terminación convencional dos procedementos administrativos (art. 48. 9 da LRXSP).

O artigo 111 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das Disposicións legais vixentes en materia de réxime local recolle que: “As entidades locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios aos intereses público, ao ordenamento xurídico e aos principios de boa transparencia, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas no seu caso en favor de ditas entidades”.

2. A Memoria explicativa e xustificadora da solicitude sinala que os fins comúns de subscripción do convenio interadministrativo se refiren á potenciar o desenvolvemento económico da zona, a promoción do turismo e a posta en valor do patrimonio cultural.

A Lei de Bases de Rexime Local establece no art. 25:" O municipio, para a xestión dos seus interese e no ámbito das súas competencias, pode promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos favorezan a satisfacción de necesidades da comunidade veciñal" Viveiro enfronta o Nadal cunha ambientación que crece cada ano, impulsada polo Concello. Miles de luces iluminarán as rúas nas que se recrea un belén a tamaño natural. Localizado en pleno casco histórico, na contorna da igrexa de Santa María e fronte ao convento das dominicas, Viveiro ante o berce preséntase como un espectacular nacemento de centos de metros nos que se representan as escenas propias do Belén, que se completan con outras que recrean o movemento , a auga... Está composta por preto de 50 figuras a tamaño natural e 40 animais, e recrea con todo luxo de detalles como podería ser a poboación na que naceu Xesús. Ademáis dun maxestuoso Belén Xigante, o de Viveiro é un paseo por oficios tradicionasi canto os de tabernero, pescador, canteiro, pastor, viticultor, agricultor, tintorero, lavandeiro, secador de bacallau, florista, pastor, canteiro....

O Belén Xigante móntase dende o 10 de decembro do 2021 ata o 20 de xaneiro do 2022 na praza de Santa María, dentro do centro histórico, este ano intentarase ampliar ata a Praza da Fontenova e a rúa Teodoro Quirós. Poderá visitarse ata o vindeiro 20 de xaneiro, en horario de 09:00 a 23:00 horas de luns a domingo.

Por estimación doutros anos esta exposición e visitada por máis de 25.000 persoas que veñen dende toda a comarca da Mariña supoñendo un impulso ao comercio e a hostalería do concello de Viveiro converténdose no eixo das celebracións do Nadal na Mariña Lucense; son moitas as asociacións, colectivos, colexios e concellos que ao longo destes anos chamaron para interesarse por este belén único en Galicia converíndose nun referencia en Galicia.

Efectivamente, da lectura do Convenio Interadministrativo de actuación a subscribir entre a Excma. Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Viveiro, resulta que o seu contido compatibiliza coas competencias do ente provincial en canto aos fins e competencias da Deputación Provincial, fundamentalmente a que se menciona no artigo 36 apartado d) da LBRL, que se refire á cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. No mesmo senso tamén se pronuncia o artigo 109 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da administración local de Galicia, ao sinalar que serán competencias propias da



Deputación as que baixo este concepto lles atribúan as Leis, considerando como competencia propia da Deputación, en calquera caso e entre outras, a mencionada no apartado d) en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.

3. O presente convenio ten natureza administrativa e non lle é de aplicación a Lei de contratos do sector público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

Así mesmo, no artigo 31.1 desta Lei, relativo á potestade de autoorganización e sistemas de cooperación pública vertical e horizontal, establécese que:

“As entidades pertencentes ao sector público poderán cooperar entre si dalgunha das seguintes formas, sen que o resultado desa cooperación poida calificarse de contractual:

(...) b) Mediante sistemas de cooperación horizontal entre entidades pertencentes ao sector público, previa celebración dos correspondentes convenios, nas condicións e cos límites que se establecen no apartado 1 do artigo 6. (...)”.

Nestes supostos de cooperación entre administracións públicas, con contraprestacións entre os beneficiarios ou que as administracións que os subscriben ostentan competencias compartidas de execución, non é de aplicación a lexislación xeral de subvencións, consonte ao establecido no art. 2.4 do RD 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Subvencións.

4. O órgano competente para a aprobación do convenio, procede sinalar que lle corresponde á Xunta de Goberno da Deputación, en base ao establecido no artigo 59.18 do Regulamento orgánico da Excma. Deputación Provincial, publicado no BOP nº 202, de data 3 de setembro do 2020, e tendo en conta o establecido na nova Lei de contratos, que fixa o importe dos contratos menores nunha contía inferior a 15.000,00€, trátase dunha atribución que corresponde á Xunta de Goberno, atendendo ao importe económico do convenio.

A Deputación de Lugo efectuará unha achega de 35.000,00 € para afrontar os gastos que se deriven da execución deste convenio e o cumprimento dos seus fins. O Concello de Viveiro, de acordo co orzamento previsto, aportará 10.000,00€, e os terreos precisos, permisos e autorizacións da actuacións, para a súa correcta execución e financiará, no seu caso, o importe que reste, e resulte para dar cumprimento ao fin común perseguido.

5. Considerando os antecedentes expostos, á vista da documentación achegada, e no seu caso dos informes que procedan, infórmase favorablemente: a aprobación do Convenio Interadministrativo de Cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Viveiro para a execución dos fins comúns consistentes na celebración do “Belén Xigante 2021 - 2022”.

Por todo o anteriormente exposto, propónse que pola Xunta de Goberno de Deputación se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobar o o texto do “Convenio Interadministrativo de Cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Viveiro para levar a cabo o proxecto denominado “Belen Xigante 2021 - 2022” por importe total de 45.000,00 €.

2º.- Aprobar o gasto de 35.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 9420.46200 do vixente orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2021, a favor do Concello de Viveiro, para sufragar os gastos derivados do “Belen Xigante 2021 - 2022”.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Terceiro.- *Convenio entre a Deputación de Lugo e o Concello de Ribadeo.*

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Medio Rural e do Mar e Mocidade, do seguinte teor:

“Aprobación do texto do convenio interadministrativo de cooperación a subscribir entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Ribadeo, para a realización conxunta dunha



actividade, na que conflúen os respectivos títulos competenciais, para o fin común de “Actuacións urxentes previas ao acondicionamento e rehabilitación da estación vella do tren mineiro, no termo municipal de Ribadeo”; e do gasto, por importe de 16.738,97 €, con cargo á aplicación orzamentaria 4190.65009 do Orzamento Xeral Provincial para o exercicio 2021.

Don Fernando Suárez Barcia, en nome e representación do Concello de Ribadeo, presentou no Rexistro telemático desta entidade, o 10 de setembro de 2021 (RE nº 2021RT014005), escrito mediante o cal solicita a formalización dunha relación interadministrativa de cooperación para a realización conxunta, coa Deputación Provincial de Lugo, dunha actividade, na que conflúen os respectivos títulos competenciais, para o fin común de “Peche perimetral da estación vella do tren mineiro”. Xunto co dito escrito achega memoria valorada na que se describe o obxecto das obras, e que recolle os antecedentes e a situación previa ás mesmas, as necesidades a satisfacer e a xustificación da solución adoptada, detallándose os factores de toda orde a ter en conta.

Posteriormente, o 28 de setembro, o alcalde reformulou a súa solicitude (RE nº 2021RT014734), solicitando simplemente a cooperación económica da Deputación de Lugo, co fin de levar a cabo as obras para a adecuación e disposición dun peche de seguridade na estación antiga do tren mineiro en Ribadeo, engadindo documentación complementaria o día 30 do mesmo mes (RE nº 2121RT014820).

No expediente consta informe da Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade, do seguinte teor:

“Consideracións legais e técnicas

Os convenios a través dos que se formalicen as relacións interadministrativas de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e outras Administracións Públicas, Organismos públicos e entidades de Dereito público vinculados ou dependentes daquelas regúlanse por:

A Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (en adiante, LRXSP).

A Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (en adiante, LALGA).

A Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (en adiante, LRBRL).

O Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (en adiante, TRRL).

O Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, publicado no BOP nº 202, do 3 de setembro de 2020 (en adiante, RODPL).

As Bases de Execución do Orzamento vixentes en cada momento, de aplicación preferente en materia económico-orzamentaria.

O Municipio de Ribadeo ten un carácter eminentemente rural, onde os núcleos de poboación, incluso os que poden considerarse máis urbanos, teñen unha clara composición e estrutura rural. De feito, o estudo sobre a distribución dos usos existentes no territorio de Ribadeo demostra que no Municipio predominan claramente os usos rústicos (agrícola, gandeiro e forestal), que superan o 91% do termo municipal.

E é que o medio rural é un dos elementos fundamentais na vertebración social e económica galega, en xeral, e da provincia de Lugo, en particular. Ademais, é o soporte físico de un extenso e variado patrimonio natural e cultural que representa hoxe un dos nosos grandes valores, sendo a base de moitas actividades económicas do sector primario, é dicir, relacionadas coa obtención de recursos da natureza, como poden ser, entre outras, a agricultura, a gandería e a pesca.

Para o desenvolvemento do sector primario e, en consecuencia, do medio rural, é imprescindible procurar as condicións óptimas para que aquelas actividades se poidan levar a cabo do xeito máis eficiente posible, a través de actuacións no ámbito económico, tales como a dotación e actualización constante de instalacións e equipamentos.

Mais todas estas actuacións de carácter económico carecerían de eficacia se o elemento subxectivo do medio rural, a súa poboación, non atopa unhas condicións de vida dignas que lle permitan desenvolver un sentido de pertenza ao territorio tal, que lle faga dispoñerse a construír unha sociedade sobre a base dos citados recursos, e a exercer actividades económicas permanentes nas áreas rurais.



En definitiva, o desenvolvemento do sector primario, das súas actividades económicas e, en consecuencia, do medio rural, require non só de actuacións de carácter económico, senón, ademais, doutro tipo de actuacións no ámbito social. Deste xeito, podemos concluír que a mellora da calidade de vida dos habitantes do rural e a protección do seu tecido social constitúense en puntos clave do desenvolvemento rural.

O Concello de Ribadeo pretende a cooperación económica da Deputación de Lugo para a realización de actuacións urxentes previas ao acondicionamento e rehabilitación dun espazo, a estación vella do tren mineiro, que lle permitirá exercer axeitadamente as súas competencias en materia de: urbanismo, conservación e rehabilitación da edificación, equipamentos da súa titularidade, e protección civil; sen prexuízo de que, ademais, lle permita o exercicio das súas competencias en materia de medio ambiente urbano, en particular, no que a parques e xardíns públicos se refire, competencias todas elas atribuídas legalmente polo artigo 25.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

O exercicio pleno destas competencias contribúe, sen ningunha dúbida, á mellora da calidade de vida dos habitantes do rural, o que repercute, de xeito directo, na creación dunha conciencia colectiva de pertenza orgullosa a un medio rural que pode contar con moitas potencialidades, se recibe os coidados e atencións que precisa; todo o que deriva no desenvolvemento social e, en consecuencia, económico, do sector primario, en actividades como a agricultura, a gandería e a pesca.

Mais é evidente que as entidades locais, como é o caso do municipio de Ribadeo, carecen en moitos casos de medios económicos e materiais para o exercicio pleno das competencias descritas, pois estas constitúen unha pequena parte da totalidade das que lles corresponden.

Por elo cómpre ter en conta os principios de actuación do sector público establecidos na LRXSP, xa que as Administracións Públicas serven con obxectividade os intereses xerais, debendo respectar, na súa actuación e relacións, entre outros, os principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as mesmas. Así o establece o artigo 3.1.k) da citada LRXSP, que continúa dispoñendo, no artigo 140.1.d), que:

As diferentes Administracións Públicas actúan e se relacionan con outras Administracións e entidades ou organismos vinculados ou dependentes de estas de acordo cos seguintes principios:

(...).

c) Colaboración, entendido como o deber de actuar co resto de Administracións Públicas para o logro de fins comúns.

d) Cooperación, cando dúas ou máis Administracións Públicas, de maneira voluntaria e no exercicio das súas competencias, asumen compromisos específicos de cara a unha acción común (...).

Á súa vez, establece o artigo 143 do mesmo texto legal:

As Administracións cooperarán ao servizo do interese xeral e poderán acordar de maneira voluntaria a forma de exercer as súas respectivas competencias que mellor serva a este principio.

A formalización de relacións de cooperación requirirá a aceptación expresa das partes, formulada en acordos de órganos de cooperación ou en convenios.

Finalmente, consonte ao artigo 144 daquela lei:

Poderase dar cumprimento ao principio de cooperación de acordo coas técnicas que as Administracións interesadas estimen máis adecuadas, como poden ser:

(...).

d) A prestación de medios materiais, económicos ou persoais a outras Administracións Públicas (...).

Nos convenios e acordos nos que se formalice a cooperación preveranse as condicións e compromisos que asumen as partes que os subscriben.

En parecido senso, aínda que de xeito máis restrinxido, se pronuncia a regulación autonómica, ao establecer o artigo 193.1.b) da LALGA que:



As Entidades Locais galegas e a Xunta de Galicia adecuarán a súa actuación aos seguintes principios:

(...).

b) A colaboración, cooperación e auxilio que puidesen precisar conxunturalmente para o eficaz cumprimento das súas tarefas.

Xa no ámbito da normativa local, dispón o artigo 57 da LRBRL:

A cooperación económica, técnica e administrativa entre a Administración local e as Administracións do Estado e das Comunidades Autónomas, tanto en servizos locais como en asuntos de intereses común, desenvolverase con carácter voluntario, baixo as formas e nos termos previstos nas leis, podendo ter lugar, en todo caso, mediante os consorcios ou os convenios administrativos que subscriban.

Así mesmo, o artigo 111 do TRRL establece:

As Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por convinte, sempre que non sexan contrarios ao interese público, ao ordenamento xurídico ou aos principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades.

Pois ben, consonte ao artigo 47 da LRXSP:

Son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas entre si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común (...).

Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as Universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos:

a) Convenios interadministrativos asinados entre dúas ou máis Administracións públicas, ou ben entre dous ou máis organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas Administracións públicas ... (...).

En canto aos requisitos de validez e eficacia dos convenios, o artigo 48 da amentada LRXSP establece:

1. As Administracións Públicas, os seus organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as Universidades públicas, no ámbito das súas respectivas competencias, poderán subscribir convenios con suxeito de dereito público e privado, sen que elo poida supoñer cesión da titularidade da competencia.

(...).

3. A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír á realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

(...).

5. Os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sustentables, debendo quen os subscriban ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia do convenio.

6. As achegas financeiras que se comprometan a realizar os asinantes non poderán ser superiores aos gastos derivados da execución do convenio.

(...).

8. Os convenios perfecciónanse pola prestación do consentimento das partes.

Polo tanto, a relación de cooperación interadministrativa suscitada polo Concello de Ribadeo configúrase como un aparello técnico administrativo que se adecúa con plenitude aos principios xerais de actuación e funcionamento do sector público nas súas relacións, tal e como quedaron expostos.

O custo de execución das actuacións que constitúen o obxecto da dita relación de cooperación ascende, en total, a 23.408,35 €; mais a Deputación de Lugo ten dispoñibilidade orzamentaria para este proxecto por importe de 16.738,97 €, que se compromete a achegar para a financiación de aquelas.



Polo tanto, o Concello de Ribadeo deberá asumir a financiación do importe de 6.669,38 €, comprometéndose, ademais:

1. A poñer a disposición os terreos necesarios para a realización das obras obxecto do convenio.
2. A aboar a citada cantidade de 6.669,38 €, unha vez que a Deputación Provincial lle comunique a finalización das actuacións. Así mesmo, achegará o importe que reste e sexa necesario para dar cumprimento ao fin común perseguido e a súa correcta execución.
3. A convidar á representación institucional da Deputación de Lugo aos actos oficiais, recepción e calquera outros relacionados coas actividades obxecto deste convenio.
4. A difundir a colaboración prestada polo ente provincial no formato (cartel e/ou adhesivo ou semellante) que lle será facilitado polo Gabinete de Comunicación desta Deputación.

No que ao requisito de exercicio de competencias propias se refire, esixido polo amentado artigo 140.1.d) da LRXSP para a formalización das relacións de cooperación a través de convenios, consonte ao artigo 36.1 da LRBRL, son competencias propias da Deputación as que lle atribúan neste concepto as leis do Estado e das Comunidades Autónomas nos diferentes sectores da acción pública e, en todo caso, entre outras, a que se menciona no apartado d) do dito artigo, que se refire á cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito.

En parecido senso se pronuncia o artigo 109 da LALGA, ao sinalar que serán competencias propias da Deputación as que baixo este concepto lles atribúan as leis, considerando como competencia propia da Deputación, en calquera caso e entre outras, a mencionada no apartado d): en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.

Atendendo á normativa citada, é claro que as competencias que exerce a Deputación Provincial de Lugo, no marco da relación de cooperación que se formaliza a través da sinatura deste convenio, teñen plena cabida nos supostos dos amentados artigos 36.1 da LRBRL e 109 da LALGA, xa que a cooperación na promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre, e a asistencia e cooperación económica aos Municipios, contribúen, sen ningunha dúbida, ao desenvolvemento económico e social da Provincia.

Ademais, na idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as Administracións Públicas para a satisfacción dos intereses xerais, nun sistema multinivel de poder público e, polo tanto, con intereses, obxectivos e fins comúns, a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, establece, no seu artigo 3.3, que:

Non se entenderá como exercicio de novas competencias:

(...).

f) A colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para a solución de aqueles problemas, tamén comúns, que puideran formularse máis alá do concreto reparto competencial nos distintos sectores da acción pública...

Pola súa banda, o Municipio de Ribadeo, consonte ao artigo 25 da LRBRL:

Para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal.

O Municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas seguintes materias:

a) Urbanismo: planeamento, xestión, execución, e disciplina urbanística. (...). Conservación e rehabilitación da edificación.

b) Medio ambiente urbano: en particular, parques e xardíns públicos, (...).

(...).

d) Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade.

(...).

f) Policía local, protección civil, prevención y extinción de incendios.

(...).

Polo tanto, sendo competencias propias do dito Municipios: o urbanismo, a conservación e rehabilitación da edificación, os parques e xardíns públicos, equipamentos da súa titularidade, e a protección civil, queda lexitimada a súa competencia na execución das actuacións que constitúen o obxecto do convenio.



Ademais, a subscripción deste convenio mellora a eficiencia na xestión pública, contribúe á utilización conxunta de medios e servizos públicos e contribúe de xeito directo a satisfacer as necesidades da comunidade veciñal.

En canto ao órgano da Deputación competente para a aprobación do texto do convenio suscitado, así como do gasto que, en concepto de achega económica, corresponda asumir á Deputación, consonte ao artigo 59 do RODPL:

Correspóndelle á Xunta de Goberno:

(...).

b) As seguintes atribucións, delegadas do presidente/a e do Pleno:

(...).

18. Conceder subvencións na contía da aprobación do gasto en materia de contratación, e aprobar convenios de colaboración con outras entidades locais, organismos e administracións públicas, nos mesmos termos e condicións que os sinalados para a determinación da competencia en contratación, sempre que a devandita competencia non lle sexa atribuída ao presidente/a.

(...).

Pola súa banda, dispón a Base 24^a.4, das de execución do Orzamento Xeral Provincial para o exercicio 2020, que o órgano competente para o outorgamento de subvencións en réxime de concesión directa é o presidente, a proposta do delegado correspondente, sempre que o seu importe sexa inferior a 15.000 € de xeito individual, e a Xunta de Goberno para importes individuais iguais ou superiores.

O importe total necesario para a execución das actuacións previstas no convenio proxectado é de 23.408,35 €. Polo tanto, será a Xunta de Goberno o órgano competente para a aprobación do texto do convenio de cooperación proxectado e para a aprobación do gasto en concepto de achega económica comprometida pola Deputación no seu marco.

Considerando o anteriormente exposto, e á vista da documentación que obra no expediente, informo favorablemente para que, logo dos demais trámites regulamentarios procedentes, se aproben pola Xunta de Goberno:

O texto do convenio interadministrativo de cooperación a subscribir entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Ribadeo, para a realización conxunta dunha actividade, na que conflúen os respectivos títulos competenciais, para o fin común de “Actuacións urxentes previas ao acondicionamento e rehabilitación da estación vella do tren mineiro, no termo municipal de Ribadeo”, por importe total de 23.408,35 €, dos que: 16.738,97 € serán a cargo da Deputación Provincial de Lugo, e 6.669,38 € serán a cargo do Concello de Ribadeo.

O gasto, por importe de 16.738,97 €, con cargo á aplicación orzamentaria 4190.65009 do Orzamento Xeral Provincial para o exercicio 2021.”

Consta no expediente, así mesmo, certificación, expedida pola Sección de Contabilidade e Contas da Unidade de Intervención, acreditativa da existencia de saldo suficiente para a autorización do gasto derivado da sinatura do convenio.

No expediente consta tamén informe xurídico favorable do Servizo de Contratación e Fomento, do 14 de outubro de 2021, relativo ao texto do citado convenio.

E consta, ademais, a conformidade da Unidade de Intervención, manifestada no seu informe de fiscalización limitada previa do 18 de outubro de 2021.

Tendo en conta o exposto, propono que pola Xunta de Goberno se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobación do texto do convenio interadministrativo de cooperación a subscribir entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Ribadeo, para a realización conxunta dunha actividade, na que conflúen os respectivos títulos competenciais, para o fin común de “Actuacións urxentes previas ao acondicionamento e rehabilitación da estación vella do tren mineiro, no termo municipal de Ribadeo”, por importe total de 23.408,35 €, dos que: 16.738,97 € serán a cargo da Deputación Provincial de Lugo, e 6.669,38 € serán a cargo do Concello de Ribadeo.



2º.- Aprobación do gasto, por importe de 16.738,97 €, con cargo á aplicación orzamentaria 4190.65009 do Orzamento Xeral Provincial para o exercicio 2021.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Cuarto.- *Proposta relativa á addenda de modificación ao convenio interadministrativo entre a Deputación de Lugo e o Concello de Monforte de Lemos para a execución de fins comúns consistentes en: Mellora e ampliación de camiño público no polígono industrial de Reboredo.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe – proposta do Servizo de Contratación e Fomento, relativo á addenda de modificación ao convenio interadministrativo entre a Excma. Deputación Provincial de Lugo e o concello de Monforte de Lemos, coa finalidade común de colaborar na execución de fins comúns consistentes en: Mellora e ampliación de camiño público no polígono industrial de Reboredo que dispón o seguinte:

“Antecedentes de feito:

Primeiro.- A Deputación mediante acordo adoptado pola Xunta de Goberno, en sesión celebrada con data 24/09/2021, prestou aprobación ao convenio interadministrativo entre a Excma. Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Monforte de Lemos coa finalidade común de colaborar para a execución de fins comúns consistentes en: Mellora e ampliación de camiño público no polígono industrial de Reboredo

Segundo.- En data 28/09/2021 asinouse o convenio interadministrativo entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Monforte de Lemos no que entre outros se recollía na cláusula terceira, relativa ao obxecto:

“(…)

e) Executar os investimentos relacionados, obxecto deste convenio, na data límite do 31 de outubro de 2021.

(...)"

Terceiro.- D. José Tomé Roca, Alcalde do Concello de Monforte de Lemos achega a Deputación de Lugo escrito debidamente asinado, con 2021RT015390, de data 08/10/2021, a través do que solicita a modificación do convenio, apliando o prazo para executar as obras incluídas ata o 30/11/2021.

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- O artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala que “as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ao interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades”.

Segundo.- O artigo 86 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas sinala que “as Administracións Públicas poderán celebrar acordos, pactos, convenios ou contratos con persoas tanto de dereito público como privado, sempre que non sexan contrarios ao ordenamento xurídico (...)”.

Terceiro.- O artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, sinala a definición de convenios, establecendo que “son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas entre si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.

Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos. En tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto na lexislación de contratos do sector público”

(...)



Este mesmo artigo 47 sinala os tipos de convenios, ao establecer “Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos:

a) Convenios interadministrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...).”

Cuarto.- En canto aos requisitos de validez e eficacia dos convenios, o artigo 48 da amentada Lei 40/2015, establece “1. As Administracións Públicas poderán subscribir convenios con suxeito de dereito público e privado, sen que elo poida supoñer cesión de titularidade ou competencia; (...); 3. A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira; (...); 5. Os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sostibles, debendo quen os subscriban, ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia do convenio; 6. As aportacións financeiras que se comprometan a facer os asinantes non poderán ser superiores aos gastos derivados da execución do convenio; (...); 8.- Os convenios perfecciónanse pola prestación do consentimento das partes. (...)”

Quinto.- En canto ao contido dos convenios, o artigo 49 de Lei 40/2015, sinala que “deberán incluír, polo menos:

Suxeitos que subscriben o convenio e a capacidade xurídica con que actúa cada unha das partes.

A competencia na que se fundamente a actuación da Administración Pública.

O Obxecto do convenio e actuacións a realizar por cada suxeito para o seu cumprimento, indicando, no seu caso, a titularidade do resultado obtido.

Obrigas e compromisos económicos asumidos por cada unha das partes, se os houbera, indicando a súa distribución temporal por anualidades e a súa imputación concreta ao orzamento, de acordo co previsto na lexislación orzamentaria.

Consecuencias aplicables no caso de incumprimentos das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes, e no seu caso os criterios para determinar a posible sanción por incumprimento

Mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes.

Réxime de modificación do convenio.

Prazo de vixencia do convenio, tendo en conta:

Os convenios deberán ter unha duración determinada, que non poderá ser superior a catro anos, salvo que por norma se prevea un prazo superior.

En calquera momento, antes de finalizar o prazo previsto, os asinantes poderán acordar de forma unánime a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais ou a súa extinción.

(...)"

Polo que se refire ao contido da memoria, debe cumprir co previsto no artigo 50.1 da indicada Lei 40/2015 e na instrución terceira do acordo do Consello de Ministros do 15 de decembro de 2017, que establece as cuestións mínimas, en epígrafes diferenciados, a analizar na memoria xustificativa:

- “1. A súa necesidade de subscribir o convenio e a oportunidade de facelo nese momento
2. O seu impacto económico cuantificado.
3. A xustificación da natureza xurídica do convenio e, en particular, do carácter non contractual da actividade en cuestión a que se refire o obxecto do convenio.
4. Xustificación do previsto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, en particular, no previsto no artigo 48 da citada Lei”

Sexto.- Aparte das previsións de cooperación das Deputacións cos Concellos, fixadas na lexislación de réxime local, a normativa común sobre o réxime xurídico do sector público alude ás relacións de cooperación administrativa (aplicables neste caso a dúas administracións municipais) como aparello técnico-administrativo (acción colaborativa) manexado na proposta e no convenio analizado, ten cabida nos principios xerais de actuación e funcionamento do sector público, nas súas relacións, establecendo no art. 3.1.k da Lei 40/2015, do 01 de outubro que “as administracións



públicas, deberán respetar na súa actuación e relacións os principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas”.

Ademais resulta coherente cos principios que rexen as relacións interadministrativas tal e como se prevé no artigo 140 da mesma Lei, citando no seu apartado 1.a) “lealdade institucional” e concretando no artigo 141, na súa letra d), que consecuentemente aquelas deberán “Prestar, no ámbito propio, a asistencia activas que as outras administracións puideran recabar para o eficaz exercicio das súas competencias”. Estas relacións interadministrativas enraízan no título III da citada LRXSP.

Ademais, conforme aos artigos 143 e 144 desta mesma Lei 40/2015, “1. As administracións cooperarán ao servizo do interese xeral podendo acordar de maneira voluntaria a forma de exercer as súas respectivas competencias que mellor sirva a este principio. 2. A Formalización de relacións de cooperación requirirá a aceptación expresa das partes, formulada en acordos dos órganos de cooperación ou en convenios. (...). 2. Nos convenios e acordos nos que se formalice a cooperación preveranse as condicións e compromisos que asumen as partes que os subscriben. 3. Cada Administración pública manterá actualizado un rexistro electrónico dos órganos de cooperación nos que participe e de convenios que subscriba”.

Sétimo.- A lexislación de réxime local tamén é consecvente coa autoorganización a través de relacións de cooperación.

O artigo 30 do RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala:

“1.- A Deputación cooperará á efectividade dos servizos municipais, preferentemente dos obrigatorios, aplicando a tal fin: a) medios económicos propios da mesma que se asignen; b) subvencións ou axudas financeiras que conceda o estado ou CCAA; c) (...)

2.- A cooperación poderá ser total ou parcial, segundo aconsellen as circunstancias económicas dos Municipios interesados.

3.- Os servizos a que debe alcanzar a cooperación serán, en todo caso, os relacionados como mínimos no artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril.

(...)

6.- As formas de cooperación serán: (...) h) Subscrición de convenios administrativos; (...)”

A lexislación de réxime local de Galicia, na idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as administracións públicas para a satisfacción dos intereses xerais nun sistema multinivel de poder público e por ende con intereses, obxectivos e fins comúns, a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, precisa no seu artigo 3.3 que “non se entenderán como o exercicio de novas competencias, (...), f) a colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para solventar os problemas comúns que poidan formularse alen do concreto reparto competencial entre os distintos sectores da acción pública de acordo co ar. 193.2 da Lei 5/1997” –LALGA-; precepto este que regula a colaboración entre as administracións públicas autonómicas, e tamén o auxilio administrativo do art. 193.4 da LALGA conceptualizado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlle apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

O convenio implementa unha acción pública colaborativa, con mecanismos horizontais como unha manifestación da lóxica evolución do Estado prestacional ao Estado relacional, enfocado a desenvolver prestacións á cidadanía, mediante unha actuación adecuada e sumando esforzos administrativos, ben para acadar un resultado ou unha actividade.

Ademais, estas determinacións cadran co previsto na Lei de desenvolvemento sustentable do medio rural (Lei 45/2007, do 13 de decembro), artigos 2, 3, 34 e concordantes sobre obxectivos, definición do medio rural e financiamento polas administracións públicas das medidas de desenvolvemento do medio rural.

Oitavo.- Son fins propios e específicos da Provincia garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social (art. 31.2 LBRL). De acordo co establecido no artigo 36 LBRL modificado pola LRSAL unha competencia propia da Deputación é “a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito”. No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da Lei de Administracións Local de Galicia, ao sinalar que “é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o



fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia”, subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas lei das Comunidades Autónomas (artigo 36.1 LBRL na súa vixente redacción).

Entre as competencias das Deputacións Provinciais, o artigo 36 da citada LBRL sinala: “(...), b) Asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión; (...), d) A cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. (...)”. En aplicación do artigo 36, letra d) da LRBR “a Deputación da soporte aos concellos para a tramitación de procedementos administrativos e realización de actividades materiais e de xestión...”.

Os artigos 114 e115 da LRALG regulan respectivamente a asistencia económico-financeira e a asistencia técnica aos concellos, aplicables ao fin deste convenio.

Noveno.- A cooperación da Deputación Provincial, cos concellos, atribúese directamente polo ordenamento xurídico como unha competencia propia (cooperación competencial), aínda así a súa formalización require o consentimento da outra parte (o concello) para evitar que por medio da técnica de cooperación se limite a autonomía e o libre exercicio das funcións municipais.

A determinación competencial das Entidades Locais, fixada na lexislación básica estatal, complementase coa lexislación de réxime local autonómica e coa normativa sectorial estatal e autonómica, posto que a STC 41/2016, de 3 marzo, interpreta o artigo 25 da LBRL (reformado pola LRSAL), declarando que as Leis das comunidades autónomas poden atribuír competencias propias aos Concellos ao igual que outras leis estatais sectoriais.

Décimo.- O municipio de Monforte de Lemos é unha entidade local básica con personalidade xurídica e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins, que no seu labor de procura dunha mellora na calidade de vida dos cidadáns, promove actividades e presta servizos públicos que contribúen a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal; exercendo as competencias que lle atribúe como propias o Art. 25 da LBRL, na súa vixente redacción, e nos termos da lexislación do Estado e Autonómica, entre as que enumera “a)

Urbanismo: planeamento, xestión, execución ...; b) Medio ambiente urbano: parques, xardíns públicos, xestión residuos sólidos urbanos ...; c) Abastecemento de auga potable a domicilio ...; d) A infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade; (...)

O artigo 26 da Lei 7/85, de 2 abril, de Bases de réxime local, establece que “os Municipios deberá prestar en todo caso: alumeadado público, abastecemento domiciliario de auga potable, saneamento, accesos a núcleos de poboación, pavimentación das vías públicas; b) Nos municipios con poboación superior a 5.000 habitantes: parque público, biblioteca pública e tratamento de refugallo”. O apartado 2 deste mesmo artigo 26, sinala: “nos municipios con poboación inferior á 20.000 habitantes será a Deputación Provincial ou entidade equivalente a que coordinará a prestación dos seguintes servizos: a) Recollida e tratamento de residuos; b) Abastecemento de auga potable a domicilio e evacuación e tratamento de augas residuais; c) limpeza viaria; d) acceso aos núcleos de poboación; e) pavimentación de vías urbanas; (...)”

En canto á mellora de camiños e accesos a núcleos de poboación, ademais: a Lei 8/2013, de 28 de xuño, de estradas de Galicia, establece no seu artigo 1 o obxecto, sinalando “ten por obxecto regular o dominio público viario nas redes de estradas de titularidade Autonómica de Galicia ou das entidades locais do seu ámbito territorial, e establecer os procesos de planificación, proxección, construción, financiamento, explotación, uso e protección de aquel e os mecanismos que permitan coordinar a actuación das distintas administracións titulares”. Do mesmo xeito, o artigo 9.3 desta mesma Lei sinala en canto a titularidade das estradas “... as de titularidade das respectivas entidades locais compoñen a súa correspondente rede de estradas”. É de ter en conta o establecido nos artigos 30.1.c en canto ao financiamento das actuacións, “mediante procedementos de colaboración con outras administracións públicas, sociedades ou entes públicos, con outros organismos locais, nacionais ou internacionais, ou con particulares” e 33.6 da amentada Lei, “correspóndelle aos Concellos a conservación e mantemento de todos os elementos que, estando situados no dominio público viario, non formen parte da estrada nin dos seus elementos funcionais, e lles sirvan a aqueles para exercer as súas competencias propias”.

Neste mesmo senso debe terse en conta o Decreto 66/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento xeral de estradas de Galicia, e en concreto o establecido no artigo 18 – cambios de titularidade-; artigo 76.2 –procedementos de colaboración- “(...), c) Instalación, ás súas



expensas e polos seus propios medios, de elementos funcionais ou equipamentos complementarios da estrada, tales como mobiliario urbano e calquera outro similar, (...); artigo 77 –convenios de colaboración- e artigo 85 –dirección e inspección da explotación-.

Décimo primeiro.- O Concello de Monforte de Lemos, segundo o establecido no convenio, prevese que sexa o órgano de contratación; na licitación do contrato ou contratos e na súa execución, deberá respectarse polo mesmo a lexislación contractual e sectorial de aplicación, segundo as esixencias propias da súa natureza consonte as esixencias legais para cada investimento, sendo responsabilidade dese Concello tanto a obtención de autorizacións e licencias como o cumprimento dos condicionantes técnicos e legais para a execución do investimento e das actuacións sinaladas; así como a dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras, recepción, conservación e mantemento e posta en funcionamento, tal e como se especifica no convenio interadministrativo obxecto deste informe. Naturalmente cabe a execución directa das prestacións polo propio Concello, a través de medios propios non personificados, de acordo co previsto no artigo 30 da LCSP.

Decimo segundo.- Sinalar que o convenio interadministrativo se configura como unha relación xurídica bilateral voluntaria, na que concorren competencias e fins comúns a todas as entidades, tanto pola causa, como polos fins e mesmo o seu ámbito, entendendo que a colaboración horizontal inter-administrativa contribúe eficazmente á satisfacción dun fin público compartido, colaboración admitida tanto pola lexislación do réxime local estatal e autonómico, como polo artigo 12.4 da Directiva 2014/24, UE, do Parlamento Europeo, segundo se recolle na guía de colaboración pública horizontal (público – público), da lexislación xurídica xeral da Xunta de Galicia.

A potestade de auto organización e este sistema de cooperación horizontal desenvólvese mais polo miúdo na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público e incorporación das directivas, en tanto que ambas administracións participantes actúan coa finalidade de garantir os servizos públicos que lles incumben.

A subscrición desta modificación do convenio mellora a eficiencia na xestión pública, contribúe á utilización conxunta de medios e servizos públicos, etc., e ademais encádrase no deber

de colaboración e asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos sinalada no artigo 36 da Lei 7/85 , de Bases de réxime local.

O Concello de Monforte de Lemos, unha vez entregada a obra, será titular e responsable da posta en uso e mantemento do resultado da cooperación como previsión a incorporar ao convenio interadministrativo de acordo co previsto no artigo 49 da LRXSP.

Décimo terceiro.- A presente modificación ao convenio, non lle é de aplicación a Lei de Contratos do Sector Público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que sinala que “quedan excluídos do ámbito da presente Lei os convenios, cuxo contido non estea comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebradas entre si pola Administración Xeral do Estado, (...), entidades locais, (...)”.

Nestes supostos de colaboración entre administracións públicas, con contraprestacións entre os beneficiarios ou que as administracións que os subscriben ostentan competencias compartidas de execución (ademais de actuar “conveniendi causa”), non é de aplicación a lexislación xeral de subvencións, sen prexuízo de tomala como marco de referencia na xustificación dos fondos, de conformidade co establecido no artigo 2.4 do RD 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o RXLS e demais normativa de concordante aplicación. A terse en conta para a CCAA de Galicia o artigo 2.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de subvencións de Galicia (Lei 9/2007), que aínda que non resulta aplicable ás EELL, pode tomarse como referencia.

Décimo cuarto.- Sobre a modificación interesada, o artigo 49 da lei 40/2015, de 01 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, xa que se refire ao contido dos convenios e no seu apartado 2 establece que “en cualquier momento antes de la finalización del plazo previsto para la vigencia del convenio, los firmantes podrán acordar unánimamente su prórroga por un período de hasta cuatro años adicionales o su extinción”.



Xa que logo, a cláusula quinta do dito convenio precisa que a súa vixencia comezará no momento da súa sinatura, e en todo caso a súa vixencia concluirá no momento en que por parte da Deputación se proceda á aprobación e pagamento da conta xustificativa, data na que, salvo prórroga previamente acordada, se extinguirá o convenio por vencemento do prazo.

En consecuencia o convenio neste momento está vixente, e as partes poden modificar, mediando acordo de vontade, algunha das súas determinacións; neste senso o artigo 49 letra g) da Lei 40/2015, prevé que os convenios entre administracións estipulen o réxime de modificación, se non existe regulación, requírese o acordo unánime dos asinantes. Neste caso prevese na cláusula sexta do convenio a modificación.

Vixente o convenio, este pode ser modificado polas partes, cos límites relatados de concorrencia de razóns de interese público e/ou semellantes motivadores da concesión e sen danar ou prexudicar a terceiros.

Media vontade das dúas partes para a modificación do convenio, de xeito que a data límite para executar e xustificar a actuación quede establecida no 30 de novembro 2021.

Décimo quinto.- En canto ao órgano competente, sinalar que segundo o artigo 59, apartado 18 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, publicado no BOP nº 202 de data 03 de setembro de 2020, en relación co artigo 54.41 do mesmo regulamento, resulta a Xunta de Goberno, atendendo ao importe económico do convenio.

Así pois a proposta de modificación do convenio é axustada á regulamentación específica que se contempla nos artigos referidos, polo que se informa favorablemente.”

Por todo o exposto proponse:

Que se aprobe a addenda de modificación ao convenio interadministrativo entre a Excm. Deputación Provincial de Lugo e o concello de Monforte de Lemos coa finalidade común de colaborar na execución de fins comúns consistentes en: Mellora e ampliación de camiño público no

polígono industrial de Reboredo de tal xeito que a data límite para executar e xustificar os investimentos quede establecida no 30 de novembro de 2021.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

4.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE LUGO E O CONCELLO DE MONFORTE PARA A ACHEGA DO MEDIO PROPIO “TECNOLOGÍAS Y SERVICIOS AGRARIOS S.A., S.M.E., M.P. (TRAGSA) PARA A REALIZACIÓN DE ACTUACIÓNS URXENTES NO PARQUE INFANTIL SITO NA URBANIZACIÓN VAL DE LEMOS (AYTO. DE MONFORTE DE LEMOS), E DO ENCARGO AO MEDIO PROPIO “TECNOLOGÍAS Y SERVICIOS AGRARIOS S.A., S.M.E., M.P. (TRAGSA) A REALIZACIÓN DE DITAS ACTUACIÓNS URXENTES NO PARQUE INFANTIL SITO NA URBANIZACIÓN VAL DE LEMOS (CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS).

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe da Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento no que literalmente se establece:

“Asunto: Convenio de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Monforte para a achega do medio propio “Empresa Transformación Agraria, S.A, S.M.E, M.P (TRAGSA)) para a execución das actuacións urxentes dentro do “Proxecto de reforma do parque infantil na urbanización Val de Lemos (Concello de Monforte de Lemos)”, e encargo ao medio propio “Empresa Transformación Agraria, S.A, S.M.E, M.P (TRAGSA) para a execución das citadas actuacións urxentes dentro do “Proxecto de reforma do parque infantil na urbanización Val de Lemos (Concello de Monforte de Lemos)”.

Visto o escrito remitido dende o Concello de Monforte (EXP 2021/PES_03/020650) no que solicita a formalización dun convenio de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Monforte de Lemos para a achega do medio propio “Empresa Transformación Agraria, S.A,



S.M.E, M.P (TRAGSA) para a execución das actuacións urxentes dentro do “Proxecto de reforma do parque infantil na Urbanización val de Lemos (concello de Monforte de Lemos)” e consecuentemente o encargo ao medio propio para a realización das citadas actuacións, dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento emítase o seguinte informe:

Legislación aplicable.

Constitución Española.

Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.

Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións Legais Vixentes en Materia de Réxime Local.

Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, polo que se transponen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Real Decreto 69/2019, do 15 de febreiro, polo que se Desenrola o réxime xurídico da Empresa Transformación Agraria, S.A, S.M.E, M.P (TRAGSA) e da súa Filial Tecnologías y Servicios Agrarios , S.A, S.M.E, M.P (TRAGSATEC).

Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

Consideracións xurídico administrativas.

a) En materia de convenios de cooperación.

Legislación de réxime local.

Primeiro.- Son fins propios e específicos da Provincia garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social (art. 31.2 LBRL).

Entre as competencias propias das Deputacións Provinciais, o artigo 36.1 da citada LBRRL sinala: “(...) b) Asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión; (...), d) A cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. (...)”. En aplicación do artigo 36, letra d) da LBRRL “a Deputación da soporte aos concellos para a tramitación de procedementos administrativos e realización de actividades materiais e de xestión asumíndoas cando aqueles se lles encomenden.”

No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da LALG ao sinalar que: “é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia”, subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas leis das Comunidades Autónomas.

Segundo: A lexislación de réxime local é consecuente coa autoorganización a través de relacións de cooperación tal e como se desprende do contido do artigo 30 do TRRL ,ao sinalar que: “1.- A Deputación cooperará á efectividade dos servizos municipais, preferentemente dos obrigatorios, aplicando a tal fin: a) medios económicos propios da mesma que se asignen; (...); c) As subvencións ou axudas de calquera procedencia (...)” 2.- A cooperación poderá ser total ou parcial, segundo aconsellen as circunstancias económicas dos Municipios interesados 3.- Os servizos aos que debe acadar a cooperación serán, en todo caso, os relacionados como mínimos no artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril.(...) 6.- As formas de cooperación serán: (...) h) Subscrición de convenios administrativos; (...)”

A lexislación de réxime local de Galicia, nesa idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as administracións públicas para a satisfacción dos intereses xerais, nun sistema multinivel de poder público, e por ende con intereses, obxectivos e fins comúns, a través da Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, precisa no seu artigo 3.3 que: “non se entenderán como o exercicio de novas competencias, (...), f) a colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para solventar os problemas comúns que



poidan formularse alen do concreto reparto competencial entre os distintos sectores da acción pública de acordo co ar. 193.2 da Lei 5/1997” –LALGA-, precepto este que regula a colaboración entre as administracións públicas autonómicas, e tamén o auxilio administrativo do art. 193.4 da LALGA conceptuado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlle apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

Terceiro: No artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, dispónse que: “as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ó interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades”.

Cuarto.- A cooperación da Deputación Provincial cos concellos atribúese directamente polo ordenamento xurídico como unha competencia propia (cooperación competencial), aínda así a súa formalización require o consentimento da outra parte (o Concello) para evitar que por medio da técnica de cooperación se limite a autonomía e o libre exercicio das funcións municipais.

A determinación competencial das Entidades locais, fixada na lexislación básica estatal, complementase coa lexislación de réxime local autonómica e coa normativa sectorial estatal e autonómica, posto que a STC 41/2016, de 3 marzo, interpreta o reformado artigo 25 da LBRL (reformado pola LRSAL), declarando que as Leis das comunidades autónomas poden atribuír competencias propias aos municipios ao igual que outras leis estatais sectoriais.

Normativa sobre o réxime xurídico do sector público.

Primeiro: No art. 3.1.k da Lei 40/2015, do 1 de outubro indicase que: “as administracións públicas, deberán respectar na súa actuación e relacións os principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas”. Esta cooperación horizontal, resulta coherente cos principios que rexen as relacións interadministrativas tal e como se prevé no artigo 140 da mesma Lei, citando no seu apartado 1.a) “lealdade institucional” e concretando no artigo 141, na

súa letra d) que consecuentemente aquelas deberán ”Prestar, no ámbito propio, a asistencia activas que as outras administracións puideran recadar para o eficaz exercicio das súas competencias”.

Ademais, conforme aos artigos 143 e 144 desta mesma Lei 40/2015: “ 1. As administracións cooperarán ao servizo do interese xeral podendo acordar de maneira voluntaria a forma de exercer as súas respectivas competencias que mellor sirva a este principio. 2. A Formalización de relacións de cooperación requirirá a aceptación expresa das partes, formulada en acordos dos órganos de cooperación ou en convenios. (...). 2. Nos convenios e acordos nos que se formalice a cooperación preveranse as condicións e compromisos que asumen as partes que os subscriben. 3. Cada Administración pública manterá actualizado un rexistro electrónico dos órganos de cooperación nos que participe e de convenios que subscriba”.

Segundo.- O artigo 47.1 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, recolle a definición de convenios, establecendo que: “Son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas ente si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.

Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos. En tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto na lexislación de contratos do sector público. (...)”.

Este mesmo artigo 47, no seu punto segundo, sinala, respecto á tipoloxía dos convenios, que: “Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos: a) Convenios interadministrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...)”.

Terceiro.- En canto aos requisitos de validez e eficacia dos convenios, o artigo 48 da amentada Lei 40/2015, recolle o seguinte: “1. As Administracións Públicas poderán subscribir convenios con suxeito de dereito público e privado, sen que elo poida supoñer cesión de



titularidade ou competencia; (...); 3. A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira; (...); 5. Os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sostibles, debendo quen os subscriban, ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia do convenio; 6. As aportacións financeiras que se comprometan a facer os asinantes non poderán ser superiores aos gastos derivados da execución do convenio; (...); 8.- Os convenios perfecciónanse pola prestación do consentimento das partes. (...)”.

Cuarto.- No que respecta ao contido dos convenios, o artigo 49 de Lei 40/2015, sinala que “(...) deberán incluír, polo menos:

Suxeitos que subscriben o convenio e a capacidade xurídica con que actúa cada unha das partes.

A competencia na que se fundamente a actuación da Administración Pública.

O Obxecto do convenio e actuacións a realizar por cada suxeito para o seu cumprimento, indicando, no seu caso, a titularidade do resultado obtido.

Obrigas e compromisos económicos asumidos por cada unha das partes, se os houbera, indicando a súa distribución temporal por anualidades e a súa imputación concreta ao orzamento, de acordo co previsto na lexislación orzamentaria.

Consecuencias aplicables no caso de incumprimentos das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes, e no seu caso os criterios para determinar a posible sanción por incumprimento

Mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes.

Réxime de modificación do convenio.

Prazo de vixencia do convenio, tendo en conta:

1. Os convenios deberán ter unha duración determinada, que non poderá ser superior a catro anos, salvo que por norma se prevea un prazo superior.

2. En calquera momento, antes de finalizar o prazo previsto, os asinantes poderán acordar de forma unánime a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais ou a súa extinción.

(...)”.

Quinto.- Polo que se refire ao contido da memoria, debe cumprir co previsto no artigo 50.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro e na Instrución Terceira do Acordo do Consello de Ministros do 15 de decembro de 2017, que establece as cuestións mínimas, en epígrafes diferenciados, a analizar na memoria xustificativa:

“1. A súa necesidade de subscribir o convenio e a oportunidade de facelo nese momento.

2. O seu impacto económico cuantificado.

3. A xustificación da natureza xurídica do convenio e, en particular, do carácter non contractual da actividade en cuestión á que se refire o obxecto do convenio.

4. Xustificación do previsto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, en particular, no previsto no artigo 48 da citada Lei”

Sexto: Os artigos 114 e 115 da LRALG regulan respectivamente, a asistencia económico–financeira e a asistencia técnica aos concellos, aplicables ao fin deste convenio.

Sétimo.- Sinalar que o convenio interadministrativo se configura como unha relación xurídica bilateral voluntaria, na que concorren competencias e fins comúns a todas as entidades, tanto pola causa, como polos fins e mesmo o seu ámbito, entendendo que a cooperación horizontal interadministrativa contribúe eficazmente á satisfacción dun fin público compartido, colaboración admitida tanto pola lexislación do réxime local estatal e autonómico, como polo artigo 12.4 da Directiva 2014/24, UE, do Parlamento Europeo, segundo se recolle na guía de colaboración pública horizontal (público – público).

A propia Xunta de Galicia ao abeiro do establecido na Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico regula diversos mecanismos de colaboración dentro do sector público e puxo en circulación a chamada guía de colaboración público - público da Comunidade Autónoma de Galicia, que serve de acervo xurídico - administrativo a tomar como referencia.

En base ao anteriormente exposto:



1º. As competencias que exerce a Deputación Provincial de Lugo, no marco da relación de cooperación que se formaliza a través da sinatura deste convenio, teñen plena cabida nos supostos dos amentados artigos 36.1 da LRBRL e 109 da LALGA (encádrase no deber de colaboración e asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos).

Ademais, na idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as Administracións Públicas para a satisfacción dos intereses xerais, nun sistema multinivel de poder público e, polo tanto, con intereses, obxectivos e fins comúns, a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, establece, no seu artigo 3.3, que: “Non se entenderá como exercicio de novas competencias: (...). f) A colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para a solución de aqueles problemas, tamén comúns, que puideran formularse máis alá do concreto reparto competencial nos distintos sectores da acción pública...” e na letra g) O auxilio administrativo, de acordo co disposto no artigo 193.4 da Lei 5/1997, conceptualizado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlles apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

2º. Pola súa banda, o Concello de Monforte de Lemos, consonte ao artigo 25 da LRBRL:

“Para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos neste artigo. O Municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas seguintes materias: (...) d) Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade.(...)”

3º. Existen títulos competenciais propios para articular e ordenar unha cooperación administrativa (art 9 da Lei 3/2012 de Galicia).

4º. O presente convenio ten natureza administrativa e non lle é de aplicación a Lei de contratos do sector público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014: “Quedan

excluídos do ámbito da presente Lei os convenios, cuxo contido non estea comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebrados entre si pola Administración Xeral do Estado, as Entidades Xestoras e os Servizos Comúns da Seguridade Social, as Universidades Públicas, as Comunidades Autónomas e as Cidades Autónomas de Ceuta e Melilla, as Entidades locais, as entidades con personalidade xurídico pública dependentes delas e as entidades con personalidade xurídico privada, sempre que, neste último caso, teñan a condición de poder adxudicador. A súa exclusión queda condicionada ao cumprimento das seguintes condicións (...). Neste caso, cúmprense as condicións fixadas ao efecto polo párrafo 1º deste artigo sexto (letras a, b, c) xa que as entidades intervincentes non teñen vocación de mercado (...), o convenio establece unha cooperación entre as entidades coa finalidade de garantir que os servizos públicos que lles incumben se presten de xeito que se acaden os obxectivos que teñen en común e, que o desenvolvemento da cooperación se guía unicamente por consideracións relacionadas co interese público. Ademais, no artigo 31.1 desta Lei, relativo á potestade de autoorganización e sistemas de cooperación pública vertical e horizontal, establécese que: “As entidades pertencentes ao sector público poderán cooperar entre si dalgunha das seguintes formas, sen que o resultado desa cooperación poida cualificarse de contractual: (...)b) Mediante sistemas de cooperación horizontal entre entidades pertencentes ao sector público, previa celebración dos correspondentes convenios, nas condicións e cos límites que se establecen no apartado 1 do artigo 6. (...)”. Nin é de aplicación a lexislación xeral en materia de subvencións.

b) En materia de cesión de medios propios/encargo a medios propios.

Primeiro: TRAGSA como medio propio da Deputación de Lugo.

No artigo 2 do Real Decreto 69/2019, do 15 de febreiro, polo que se Desenrola o réxime xurídico da Empresa Transformación Agraria, S.A, S.M.E, M.P (TRAGASA) e da súa Filial Tecnologías y Servicios Agrarios , S.A, S.M.E, M.P (TRAGSATEC) dispónse que:

“1. De acuerdo con lo establecido en la disposición adicional vigésima cuarta de la Ley 9/2017, de 8 de noviembre, TRAGSA y TRAGSATEC tendrán la consideración de medio propio personificado y servicio técnico de la Administración General del Estado, de las comunidades autónomas, de las ciudades de Ceuta y Melilla, de los cabildos y consejos insulares, de la



diputaciones forales del País Vasco, de las diputaciones provinciales y de las entidades del sector público dependientes de cualquiera de ellas que tengan la condición de poderes adjudicadores, siempre que se cumplan los requisitos establecidos en el artículo 32.2.d) 2º de la Ley 9/2017, de 8 de noviembre, y en las letras a) y b) del apartado 4 del mismo artículo.

2. Las listadas administraciones públicas deberán participar en el capital social de TRAGSA mediante la adquisición de acciones cuya enajenación será autorizada por el Ministerio Hacienda a iniciativa del Ministro de Agricultura, Pesca y Alimentación (apartado 3 de la disposición adicional vigesimocuarta de la Ley 9/2017, de 8 de noviembre) (...)"

E no mesmo senso se pronuncia a Disposición Adicional Vixésima da LCSP.

Segundo: Regulación dos encargos dos poderes adxudicadores a medios propios personificados.

No apartado 32.1 da LCSP se regulan os encargos dos poderes adxudicadores ao establecer que "1. Los poderes adjudicadores podrán organizarse ejecutando de manera directa prestaciones propias de los contratos de obras, suministros, servicios, concesión de obras y concesión de servicios, a cambio de una compensación tarifaria, valiéndose de otra persona jurídica distinta a ellos, ya sea de derecho público o de derecho privado, previo encargo a esta, con sujeción a lo dispuesto en este artículo, siempre y cuando la persona jurídica que utilicen merezca la calificación jurídica de medio propio personificado respecto de ellos de conformidad con lo dispuesto en los tres apartados siguientes, y sin perjuicio de los requisitos establecidos para los medios propios del ámbito estatal en la Ley 40/2015, de 1 de octubre, de Régimen Jurídico del Sector Público.

O artigo 32.2 LCSP contén os requisitos que deben concorrer de maneira acumulativa nos medios propios personificados respecto dunha única entidade concreta do sector público, para que podan realizarse os encargos polos poderes adxudicatarios. Sendo o apartado 4 do artigo 32 da LCSP o que regula os requisitos que deben concorrer nos medios propios personificados respecto de dous ou mais poderes adjudicadores que sexan independentes entre sí, entre os que se atopa a remisión ao artigo 32.2.d) 2º do mesmo texto normativo.

Conclusiones.

En base ao anteriormente exposto, informase favorablemente que por parte da Xunta de Goberno, por anoloxía ao establecido no artigo 59.18 do vixente regulamento orgánico da Excma. Deputación Provincial (BOP, núm. 202 de data 3 de setembro de 2020) e no establecido na base 24.4º das Bases de Execución do Orzamento provincial para o ano 2021, se acorde:

Considerar que se cumpren os requisitos esixidos na normativa vixente respecto dos encargos a medios propios, de acordo co establecido no art. 32 e disposición adicional 24 da LCSP, polas consideracións expostas polo Concello respecto a necesidade de cooperación que permita a prestación sen solución de continuidade e en óptimas condicións do “Proxecto de reforma do parque infantil na Urbanización val de Lemos (concello de Monforte de Lemos)”.

Apreciar que concorren as razóns de urxencia que expresa o Concello a través da certificación do acordo da Xunta de Goberno Local celebrada o 4 de outubro de 2021, para a realización por parte de TRAGSA, como medio propio da Deputación, das actuacións necesarias descritas en o convenio de cooperación que non poden ser atendidas de forma inmediata, nin máis eficaz por procedementos ordinarios ou extraordinarios de contratación.

Considerar que concorren razóns de excepcionalidade e singularidade para a realización destas actividades, pois a utilización da alternativa contractual demoraría amplamente a resolución das necesidades que afectan o interese xeral.

Aprobar o convenio de cooperación entre a Deputación Provincial e o Concello de Monforte nos termos do borrador que consta no expediente, e nos termos da memoria incorporada ao expediente.

De acordo con o anterior, encomendar a TRAGSA como medio propio, a inmediata execución das prestacións, por importe de 63.201,03 € (IVE engadido), de acordo co establecido no convenio, memoria xustificativa e documentación técnica anexa ao expediente, formalizando o correspondente documento de encarga, fixando como prazo de duración do encargo un máximo de 56 días prorrogables ata un máximo de 56 días mais.



No caso de que TRAGSA tivese necesidade de dispoñer de medios persoais complementarios ou acudir á subcontratación, deberá de axustarse na súa selección á lexislación vixente.

Calquera modificación ou actualización das tarifas de TRAGSA serán asumidas polo Concello de Monforte.

A empresa pública TRAGSA encargárase de realizar as seguintes tarefas:

Executar os traballos derivados deste encargo a medio propio con suxeición á documentación técnica que obra no expediente correspondente, achegando os medios que resulten necesarios.

Proporcionar os medios materiais que sexan necesarios ao persoal que execute materialmente a prestación. O persoal dependerá exclusivamente da empresa TRAGSA a cal terá todos os dereitos e deberes inherentes á súa condición de empregador.

Publicar, de conformidade co art. 32.6 apartado b da LCSP, o documento de encarga na Plataforma de Contratación.

Todos os gastos que se deriven do presente convenio serán abonados polo Concello de Monforte, de acordo co clausulado do convenio.

Formalizar e publicar o encargo.

De acordo coa certificación emitida por TRAGSA, o importe das prestacións parciais que o medio propio poida contratar con terceiros non excederá do 50% da contía do encargo, sendo a porcentaxe estimada para este encargo dun 1%.

Os traballos realizaranse por TRAGSA co máximo coidado e dilixencia respecto a os intereses da Deputación Provincial de Lugo e ao Concello de Monforte de Lemos, e o persoal de

TRAGSA estará obrigado a gardar a debida confidencialidade respecto a os feitos, datos e informacións que coñeza no curso do encargo.

O encargo dos servizos e traballos definidos a TRAGSA non implicará delegación ou renuncia de competencia algunha propia da Deputación Provincial de Lugo nin do Concello de Monforte de Lemos.

Para a supervisión, control administrativo e seguimento dos traballos encomendados désignase por parte do Concello de Monforte de Lemos ao técnico municipal, D.José Mariño Méndez, e por parte de TRAGSA a Emilio José Pardo Álvarez, que poderán ser substituídos polo simple escrito da parte que lles designou.

O presente encargo poderá modificarse de maneira executiva pola Deputación Provincial de Lugo previo requirimento do Concello de Monforte de Lemos, cando resulte necesario para a mellor realización do seu obxecto, nos termos legalmente previstos e sen prexuízo do resarcimento a TRAGSA dos compromisos que puidese adquirir para a súa correcta execución tal como estaba definida con anterioridade á súa modificación.

O presente encargo poderá finalizar anticipadamente por razóns de interese público, mediante resolución da Deputación Provincial de Lugo, previo requirimento do Concello de Monforte de Lemos, sen prexuízo da continuidade daquelas actuacións que se atopasen en execución no momento da resolución, e da súa liquidación.

As controversias que puidesen exporse sobre a interpretación e execución do presente encargo serán resoltas de forma executiva pola Deputación Provincial de Lugo.

Por todo o anteriormente exposto, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte a seguinte resolución:

1º.- Considerar que se cumpren os requisitos esixidos na normativa vixente respecto dos encargos a medios propios, de acordo co establecido no art. 32 e disposición adicional 24 da LCSP, polas consideracións expostas polo Concello respecto a necesidade de cooperación que permita a



prestación sen solución de continuidade e en óptimas condicións do “Proxecto de reforma do parque infantil na Urbanización val de Lemos (concello de Monforte de Lemos)”.

2º.- Apreciar que concorren as razóns de urxencia que expresa o Concello a través da certificación do acordo da Xunta de Goberno Local celebrada o 4 de outubro de 2021, para a realización por parte de TRAGSA, como medio propio da Deputación, das actuacións necesarias descritas en o convenio de cooperación que non poden ser atendidas de forma inmediata, nin máis eficaz por procedementos ordinarios ou extraordinarios de contratación.

3º.- Considerar que concorren razóns de excepcionalidade e singularidade para a realización destas actividades, pois a utilización da alternativa contractual demoraría amplamente a resolución das necesidades que afectan o interese xeral.

4º.- Aprobar o convenio de cooperación entre a Deputación Provincial e o Concello de Monforte nos termos do borrador que consta no expediente, e nos termos da memoria incorporada ao expediente.

5º.- De acordo con o anterior, encomendar a TRAGSA como medio propio, a inmediata execución das prestacións, por importe de 63.201,03 € (IVE engadido), de acordo co establecido no convenio, memoria xustificativa e documentación técnica anexa ao expediente, formalizando o correspondente documento de encarga, fixando como prazo de duración do encargo un máximo de 56 días prorrogables ata un máximo de 56 días mais.

6º.- No caso de que TRAGSA tivese necesidade de dispoñer de medios persoais complementarios ou acudir á subcontratación, deberá de axustarse na súa selección á lexislación vixente.

7º.- Calquera modificación ou actualización das tarifas de TRAGSA serán asumidas polo Concello de Monforte .

8º.- A empresa pública TRAGSA encargarse de realizar as seguintes tarefas:

Executar os traballos derivados deste encargo a medio propio con suxeición á documentación técnica que obra no expediente correspondente, achegando os medios que resulten necesarios.

9º.- Proporcionar os medios materiais que sexan necesarios ao persoal que execute materialmente a prestación. O persoal dependerá exclusivamente da empresa TRAGSA a cal terá todos os dereitos e deberes inherentes á súa condición de empregador.

Publicar, de conformidade co art. 32.6 apartado b da LCSP, o documento de encarga na Plataforma de Contratación.

10º.- Todos os gastos que se deriven do presente convenio serán abonados polo Concello de Monforte, de acordo co clausulado do convenio.

11º.- Formalizar e publicar o encargo.

12º.- De acordo coa certificación emitida por TRAGSA, o importe das prestacións parciais que o medio propio poida contratar con terceiros non excederá do 50% da contía do encargo, sendo a porcentaxe estimada para este encargo dun 1%.

13º.- Os traballos realizaranse por TRAGSA co máximo coidado e dilixencia respecto a os intereses da Deputación Provincial de Lugo e ao Concello de Monforte de Lemos, e o persoal de TRAGSA estará obrigado a gardar a debida confidencialidade respecto a os feitos, datos e informacións que coñeza no curso do encargo.

14º.- O encargo dos servizos e traballos definidos a TRAGSA non implicará delegación ou renuncia de competencia algunha propia da Deputación Provincial de Lugo nin do Concello de Monforte de Lemos.

15º.- Para a supervisión, control administrativo e seguimento dos traballos encomendados désígnase por parte do Concello de Monforte de Lemos ao técnico municipal, D. José Mariño



Méndez, e por parte de TRAGSA a Emilio José Pardo Álvarez, que poderán ser substituídos polo simple escrito da parte que lles designou.

16º.-O presente encargo poderá modificarse de maneira executiva pola Deputación Provincial de Lugo previo requirimento do Concello de Monforte de Lemos, cando resulte necesario para a mellor realización do seu obxecto, nos termos legalmente previstos e sen prexuízo do resarcimento a TRAGSA dos compromisos que puidese adquirir para a súa correcta execución tal como estaba definida con anterioridade á súa modificación.

17º.- O presente encargo poderá finalizar anticipadamente por razóns de interese público, mediante resolución da Deputación Provincial de Lugo, previo requirimento do Concello de Monforte de Lemos, sen prexuízo da continuidade daquelas actuacións que se atopasen en execución no momento da resolución, e da súa liquidación.

18º.-As controversias que puidesen exporse sobre a interpretación e execución do presente encargo serán resoltas de forma executiva pola Deputación Provincial de Lugo.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

5.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE INFORME SECTORIAL EN MATERIA DE ESTRADAS RELATIVO AO EXPEDIENTE DE APROBACIÓN DEFINITIVO DO PLAN BÁSICO MUNICIPAL DE O PÁRAMO (LUGO).

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“En relación co escrito de Rexistro 2020RPE021427, da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo da Xunta de Galicia, remitindo acceso aos documentos que forman o Plan Básico Municipal de O Páramo (Lugo), visto o informe do Servizo de Vías e Obras de data 21 de outubro de 2021 que di:

“Antecedentes e obxecto.

O presente informe ten carácter sectorial de estradas e emítese de acordo ás disposicións contidas na vixente redacción da Lei 8/2013, de 28 de xuño, de estradas de Galicia (LEG 8/2013).

O obxecto último do informe sectorial de estradas vén a ser o recoñecemento aos treitos de vías provinciais que discorran por solo clasificado como urbano ou de núcleo rural o carácter de “treitos urbanos”, para o que se require que no instrumento de planeamento figuren marcadas as aliñacións e que sexan informadas favorablemente polo organismo titular da estrada conforme ao artigo 7 da LEG 8/2013, o que permitiría a edificación a unha distancia inferior á xeral, e atribuiría ao Concello a competencia para autorizar as construcións nas marxes do treito urbano segundo ditas aliñacións.

No presente informe comezarase por expoñer e xustificar os criterios que se considera que deben aplicarse aos treitos urbanos das estradas provinciais, con obxecto de establecer unha sistemática de carácter xeral para a súa aplicación aos numerosos núcleos rurais situados nas marxes das vías provinciais no termo municipal.

Fundamentos legais.

A regulación das vías provinciais debe facerse por referencia á Lei 8/2013 de estradas de Galicia, estando o réxime xeral vixente contido esencialmente nos seguintes artigos:

7. Treitos urbanos.

Para os efectos desta lei, considérase treito urbano dunha estrada aquel que discorre por solo clasificado polo correspondente instrumento de planeamento urbanístico como urbano ou de núcleo rural cando, neste último caso, conte con aliñacións marcadas no antedito instrumento e aquel fose sometido a informe favorable, conforme esta lei, pola administración titular da estrada.

8. Travesías.

8.1. Para os efectos desta lei, considérase travesía o treito dunha estrada no que, discorrendo por solo clasificado como urbano, existen edificacións consolidadas que formen parte do núcleo de poboación.

23. Coordinación co planeamento urbanístico.

23.2. Nos supostos de redacción, revisión ou modificación de instrumentos de planeamento que afecten ás estradas existentes ou ás actuacións previstas nos plans de estradas vixentes, o concello remitirá, con posterioridade á súa aprobación inicial, o correspondente documento ás administracións titulares das estradas afectadas para que o informen. O informe terá carácter vinculante e deberá ser emitido no prazo de tres meses; transcorrido este, entenderase favorable.

No caso de ser desfavorable, o informe indicará expresamente, se é o caso, as normas vulneradas.

23.3. Nos treitos urbanos das estradas, o instrumento de planeamento urbanístico determinará a aliñación de edificación, que poderá fixarse, de xeito motivado, a unha distancia inferior á que prevé a lei con carácter xeral para a liña límite de edificación das estradas, valorando a existencia de edificacións continuadas preexistentes, así como a concorrencia de razóns técnicas, socioeconómicas ou de orografía do terreo que poidan aconsellar a redución.

38. Zonas de protección da estrada e liña límite de edificación.

38.4. Nos treitos urbanos das estradas non se establecen nin zonas de protección da estrada nin liña límite de edificación.

41. Delimitación da liña límite de edificación.

41.1. A liña límite de edificación está situada a ambas as dúas beiras da estrada cun trazado que discorre paralelo ás liñas exteriores de delimitación das calzadas a unha distancia, medida horizontal e ortogonalmente a aquelas, de:

a) Cincuenta metros no caso de autoestradas, autovías e vías para automóviles.

b) Quince metros no caso de estradas convencionais. En caso de que unha administración teña aprobado o catálogo da súa rede e no mesmo categorícense funcionalmente as estradas en rede estruturante, rede complementaria e rede local, según o establecido no Decreto 66/2016, de 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento de estradas de Galicia, a liña límite de edificación estará situada a 15 metros no caso das estradas da rede estruturante e da rede complementaria e a 7 metros para as estradas da rede local.

47. Réxime xeral e competencia.

2. A competencia para autorizar a execución de obras, instalacións ou a realización de calquera outra actividade na zona de dominio público da estrada ou nas súas zonas de protección, así como para realizar as actividades de comprobación daquelas suxeitas a declaración responsable no que a lexislación sectorial en materia de estradas refírese, corresponde á administración titular da estrada, excepto na talla de arboledo, que terá que ser autorizada unicamente polo órgano competente en materia forestal, de acordo co disposto na Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, ou norma que a substitúa, previo informe preceptivo e vinculante do órgano competente da administración titular da estrada.

Disposición adicional primeira. Edificacións, instalacións e peches preexistentes

1. Nas edificacións, instalacións e peches preexistentes na zona comprendida entre a liña exterior de delimitación da calzada da estrada e a liña límite de edificación poderanse autorizar, ou quedarán suxeitas ao réxime de declaración responsable, de tratarse dos usos previstos no artigo 45 bis, no que á lexislación sectorial en materia de estradas refírese, e sempre que quede garantida a seguridade viaria na estrada e nos seus accesos e non se produza cambio de uso nin incremento de volume edificado, por encima ou por baixo da rasante do terreo:

a) Con carácter xeral, as obras de mantemento, conservación e rehabilitación.

b) Excepcionalmente, obras de rehabilitación estrutural, naqueles supostos de interese público ou social, así cualificados.

Por parte da Deputación Provincial de Lugo, o Pleno de 30 de abril de 2019 adoptou o acordo de categorizar a rede de estradas provinciais como Rede Local, para a aplicación da redución da liña límite de edificación establecida pola nova redacción da Lei de Estradas de Galicia, tras a aprobación da Lei 3/2018, de 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, e na que se reduce a distancia da liña límite de edificación de 15,00 m a 7,00 m do borde exterior da calzada, debendo resultar fóra da zona de servidume e a distancia non inferior a 10 m do eixe de trazado da vía con carácter xeral en solo rústico, sen prexuízo da posible redución aplicable nos treitos urbanos da estrada conforme ao previsto no artigo 23 da LEG 8/2013. A adopción de dito criterio foi publicado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo de data 07.11.2019.

Anchuras de viario en solo de núcleo rural.

A efectos da fixación da anchura mínima necesaria entre liñas límite de edificación para o viario de titularidade provincial que discorra por tramos de solo clasificado como de núcleo rural por este Servizo véñse considerando, por razóns técnicas de carácter xeral, que a banda de protección destinada ao viario debería alcanzar polo menos unha anchura desexable de 16 metros que permitiría a implantación da seguinte semi-sección tipo:

Carril de calzada: 3,50 m.

Beiravía: 0,50 m.

Banda de aparcamento: 2,00 m.

Beirarrúa: 2,00 m.

Semiancho do vial: 8,00 m.

Esta anchura de vía de 16 metros é concordante coa establecida no seu día no artigo 48.2 Normas de calidade urbana, da Lei 9/2002 do 30 de decembro de ordenación urbanística e



protección do medio rural de Galicia como mínima para os viarios principais de nova apertura nas clases de solo urbano non consolidado e urbanizable, e permite o cumprimento do disposto na Lei 10/2014, do 3 de decembro, de accesibilidade da Comunidade Autónoma de Galicia, e o seu reglamento en vigor de aplicación, en canto a ancho de beirarrúas peonís, capaces tamén de acoller a axeitada implantación dos servizos urbanísticos.

Aínda que non se previra a implantación de beirarrúas ou aparcamentos, as dimensións desexables con carácter xeral para as vías provinciais requirirían un ancho coincidente co anterior segundo a seguinte distribución:

Carril de calzada: 3,50 m.

Beiravía: 0,50 m.

Cuneta e noiro: 2,00 m.

Beirarrúa: 2,00 m.

Semiancho do vial: 8,00 m.

A banda de 2,00 m de dominio público contiguo estaría destinada á protección da estrada mediante recuamento dos cerramentos de fincas e á instalación prioritaria das canalizacións públicas de servizos de obrigada prestación municipal conforme ao RDL 781/1986 como abastecemento de auga, saneamento e alumeadado público, así como doutros servizos de interese xeral de enerxía eléctrica, telefonía e gas.

A anchura xeral de 16,00 m desexable para a vía provincial en solo de núcleo rural podería verse reducida pola existencia de edificacións continuadas no treito da travesía rural ou por outras causas das establecidas no artigo 23.3 da LEG 8/2013.

Ditas aliñacións oficiais de viario poderán chegar a coincidir coas aliñacións de edificación nos tramos nos que o plan non estableza recuamento frontal respecto á vía por tratarse de edificacións en ordenación aliñada co viario e en contacto co borde da beirarrúa existente ou da prevista, en xeral a 8,00 m do eixe da vía ou á distancia inferior se correspondese a unha aliñación consolidada por edificacións continuadas ou por beirarrúa existente que se mantivera.

Nos casos xustificados podería reducirse o ancho xeral de 16,00 m previsto da vía a 14,00 ou 12,00 m mediante a supresión dunha ou as dúas bandas de aparcamento, e mantendo unha anchura desexable de 8,00 m entre bordos para os carrís e beiravías de calzada que permitiría o cruzamento de dous vehículos aínda coa presenza doutro estacionado ocasionalmente na vía, se ben sería admisible no caso de edificacións continuadas un semiancho mínimo estrito de 5,00 m entre o eixe e a aliñación de edificación.

Tales reducións do semiancho xeral da aliñación oficial de viario do eixe deberá xustificarse polo grado de continuidade da edificación, ou dos outros supostos establecidos no artigo 23.3 da LEG 8/2013, debendo evitarse que a eventual existencia de edificacións illadas próximas á vía leve a reducir o ancho da aliñación en toda a lonxitude do tramo de núcleo rural.

O caso de ancho mínimo estrito de viario provincial esixible para a súa funcionalidade e seguridade viaria, en treitos puntuais e coa correspondente xustificación pola existencia no ámbito dun núcleo de edificacións continuadas ás que se refire o artigo 23.3 da LEG 8/2013 correspondería a vía de 10,00 m de ancho total entre aliñacións, ou 5,00 m entre o eixe e a liña de edificación máis próxima, podendo estudarse a eventual modificación do trazado do eixe nun tramo da vía dentro do núcleo rural de xeito que manteña a continuidade de trazado nas súas conexións cos tramos non modificados.

A partir do eixe actual da estrada ou do proposto para a súa mellora resultarán definidas as aliñacións xerais de viario a 8,00 m, grafítaranse os treitos en que non afecten a edificacións existentes. Se estas foran continuadas, consolidarán a aliñación correspondente.

Nas edificacións illadas existentes a distancia inferior á aliñación de edificación homoxénea fixada para o treito esta grafítarase con liña de trazos sobre ditas edificacións, coa indicación na lenda do Plano da necesidade de obter autorización previa da Deputación para a realización de obras por diante de dita liña nas condicións da Disposición adicional primeira da LEG 8/2013, resultando autorizables en todo caso as obras de mantemento, conservación e rehabilitación.

A posible existencia de situacións actuais con semiancho viario inferior ao mínimo estrito indicado e cuxas aliñacións pretendan manterse, poderá requirir a previsión no planeamento dunha variante do trazado da vía provincial coa correspondente reserva de terreo en solo rústico e a cláusula de solicitude á Deputación da transferencia de titularidade a favor do Concello do tramo de vía provincial afecta.

Consideracións sobre a documentación recibida.

Da análise da documentación recibida, compre salientar:

As estradas titularidade provincial atópanse correctamente relacionadas na páxina 40 da Memoria Xustificativa parte 1 Información, malia que na páxina 12 do mesmo documento indícase que as únicas estradas provinciais que discorren polo termo municipal son a LU-P-1611 e a LU-P-4302.



No cuadro que se atopa nas páxinas 14 e 15 da Memoria Xustificativa parte 2 Xustificación, no que se etiquetan os servizos existentes, a clasificación do solo que se asigna a cada vía debería indicar a existencia de outros solos ademáis do rústico de protección de infraestructuras.

A delimitación da zona de afección das estradas provinciais en solo rústico atópase correctamente grafada nos planos, de acordo co artigo 40 da LEG 8/2013.

Nas fichas AMAP_02F dos núcleos deberán incluírse as coordenadas no sistema de referencia ETRS89 UTM29 de inicio e fin dos mesmos, para facilitar a súa delimitación e recoñecemento como treito urbano.

Como anexo a este informe achégase a relación de núcleos afectados por estradas provinciais, con delimitación de coordenadas no sistema de referencia ETRS89 UTM29, ao fin do seu recoñecemento como treitos urbanos.

Deberase xustificar a existencia de aliñacións menores aos anchos de 8,00 m a eixo, de acordo co artigo 23.3 da LEG 8/2013. Ditas xustificacións pódense incorporar nas fichas AMAP_02F, nas que debería grafarse os anchos que para o viario se prevé nos viais dos núcleos.

Nas fichas AMAP_02F indícase que no núcleo de Seoane (páxina 80), o sistema viario está constituído exclusivamente pola estrada provincial LU-P-2904A. Dito núcleo non está atravesado por ningunha vía de titularidade provincial.

Nos Planos PORD_01CL-Clasificación e categorización do solo, non se atopan identificadas coa súa nomenclatura as estradas provinciais, e deberían diferenciarse as cores segundo a administración titular da vía, para maior claridade, non só cambiar a tonalidade e o grosor.

Nos planos AMAP_04PORD-planos de ordenación, deberán grafarse as referencias das estradas que cruzan os núcleos, e tamén debería diferenciarse a cor das estradas das distintas administracións.

Sería desexable dispor en todos os planos cuadrículas de coordenadas no sistema de referencia ETRS89 UTM29, que servirían como guía para facilitar a identificación de elementos nos mesmos.

Conclusiones.

Por todo o exposto anteriormente, á vista das observacións sobre a rede viaria provincial que se formulan nos documentos mencionados, referentes á fixación de aliñacións que non se

consideran acordes aos criterios expostos nos apartados anteriores deste Informe, considérase necesaria a corrección do documento remitido do Plan Básico Municipal de O Páramo.”

Por todo o que antecede, propónse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

Non emitir informe favorable á documentación recibida do Plan Básico Municipal de O Páramo, no que afecta ás estradas de competencia desta Deputación Provincial, mentres non se recollan as modificacións necesarias para adaptalo ao contido do apartado “Consideracións sobre a documentación recibida” do Informe do Servizo de Vías e Obras.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

6.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE INFORME SECTORIAL EN MATERIA DE ESTRADAS RELATIVO AO EXPEDIENTE DE APROBACIÓN DEFINITIVO DO PLAN BÁSICO MUNICIPAL DE TRIACASTELA (LUGO).

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“En relación co escrito de Rexistro 2021RPE002656 de 24.02.2021, da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo da Xunta de Galicia, remitindo acceso aos documentos que forman o Plan Básico Municipal de Triacastela (Lugo), visto o informe do Servizo de Vías e Obras de data 21 de outubro de 2021 que di:

“Antecedentes e obxecto.

O presente informe ten carácter sectorial de estradas e emítese de acordo ás disposicións contidas na vixente redacción da Lei 8/2013, de 28 de xuño, de estradas de Galicia (LEG 8/2013).

O obxecto último do informe sectorial de estradas vén a ser o recoñecemento aos treitos de vías provinciais que discorran por solo clasificado como urbano ou de núcleo rural o carácter de “treitos urbanos”, para o que se require que no instrumento de planeamento figuren marcadas as aliñacións e que sexan informadas favorablemente polo organismo titular da estrada conforme ao artigo 7 da LEG 8/2013, o que permitiría a edificación a unha distancia inferior á xeral, e atribuiría



ao Concello a competencia para autorizar as construcións nas marxes do treito urbano segundo ditas aliñacións.

No presente informe comezarase por expoñer e xustificar os criterios que se considera que deben aplicarse aos treitos urbanos das estradas provinciais, con obxecto de establecer unha sistemática de carácter xeral para a súa aplicación aos numerosos núcleos rurais situados nas marxes das vías provinciais no termo municipal.

Fundamentos legais.

A regulación das vías provinciais debe facerse por referencia á Lei 8/2013 de estradas de Galicia, estando o réxime xeral vixente contido esencialmente nos seguintes artigos:

7. Treitos urbanos.

Para os efectos desta lei, considérase treito urbano dunha estrada aquel que discorre por solo clasificado polo correspondente instrumento de planeamento urbanístico como urbano ou de núcleo rural cando, neste último caso, conte con aliñacións marcadas no antedito instrumento e aquel fose sometido a informe favorable, conforme esta lei, pola administración titular da estrada.

8. Travesías.

8.1. Para os efectos desta lei, considérase travesía o treito dunha estrada no que, discorrendo por solo clasificado como urbano, existen edificacións consolidadas que formen parte do núcleo de poboación.

23. Coordinación co planeamento urbanístico.

23.2. Nos supostos de redacción, revisión ou modificación de instrumentos de planeamento que afecten ás estradas existentes ou ás actuacións previstas nos plans de estradas vixentes, o concello remitirá, con posterioridade á súa aprobación inicial, o correspondente documento ás administracións titulares das estradas afectadas para que o informen. O informe terá carácter vinculante e deberá ser emitido no prazo de tres meses; transcorrido este, entenderase favorable.

No caso de ser desfavorable, o informe indicará expresamente, se é o caso, as normas vulneradas.

23.3. Nos treitos urbanos das estradas, o instrumento de planeamento urbanístico determinará a aliñación de edificación, que poderá fixarse, de xeito motivado, a unha distancia inferior á que prevé a lei con carácter xeral para a liña límite de edificación das estradas, valorando a existencia de edificacións continuadas preexistentes, así como a concorrencia de razóns técnicas, socioeconómicas ou de orografía do terreo que poidan aconsellar a redución.

38. Zonas de protección da estrada e liña límite de edificación

38.4. Nos treitos urbanos das estradas non se establecen nin zonas de protección da estrada nin liña límite de edificación.

41. Delimitación da liña límite de edificación.

41.1. A liña límite de edificación está situada a ambas as dúas beiras da estrada cun trazado que discorre paralelo ás liñas exteriores de delimitación das calzadas a unha distancia, medida horizontal e ortogonalmente a aquelas, de:

a) Cincuenta metros no caso de autoestradas, autovías e vías para automóviles.

b) Quince metros no caso de estradas convencionais. En caso de que unha administración teña aprobado o catálogo da súa rede e no mesmo categorícense funcionalmente as estradas en rede estruturante, rede complementaria e rede local, según o establecido no Decreto 66/2016, de 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento de estradas de Galicia, a liña límite de edificación estará situada a 15 metros no caso das estradas da rede estruturante e da rede complementaria e a 7 metros para as estradas da rede local.

47. Réxime xeral e competencia.

2. A competencia para autorizar a execución de obras, instalacións ou a realización de calquera outra actividade na zona de dominio público da estrada ou nas súas zonas de protección, así como para realizar as actividades de comprobación daquelas suxeitas a declaración responsable no que a lexislación sectorial en materia de estradas refírese, corresponde á administración titular da estrada, excepto na talla de arboledo, que terá que ser autorizada unicamente polo órgano competente en materia forestal, de acordo co disposto na Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, ou norma que a substitúa, previo informe preceptivo e vinculante do órgano competente da administración titular da estrada.

Disposición adicional primeira. Edificacións, instalacións e peches preexistentes.

1. Nas edificacións, instalacións e peches preexistentes na zona comprendida entre a liña exterior de delimitación da calzada da estrada e a liña límite de edificación poderanse autorizar, ou quedarán suxeitas ao réxime de declaración responsable, de tratarse dos usos previstos no artigo 45 bis, no que á lexislación sectorial en materia de estradas refírese, e sempre que quede garantida a seguridade viaria na estrada e nos seus accesos e non se produza cambio de uso nin incremento de volume edificado, por encima ou por baixo da rasante do terreo:

a) Con carácter xeral, as obras de mantemento, conservación e rehabilitación.



b) Excepcionalmente, obras de rehabilitación estrutural, naqueles supostos de interese público ou social, así cualificados.

Por parte da Deputación Provincial de Lugo, o Pleno de 30 de abril de 2019 adoptou o acordo de categorizar a rede de estradas provinciais como Rede Local, para a aplicación da redución da liña límite de edificación establecida pola nova redacción da Lei de Estradas de Galicia, tras a aprobación da Lei 3/2018, de 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, e na que se reduce a distancia da línea límite de edificación de 15,00 m a 7,00 m do borde exterior da calzada, debendo resultar fóra da zona de servidume e a distancia non inferior a 10 m do eixe de trazado da vía con carácter xeral en solo rústico, sen prexuízo da posible redución aplicable nos treitos urbanos da estrada conforme ao previsto no artigo 23 da LEG 8/2013. A adopción de dito criterio foi publicado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo de data 07.11.2019.

Anchuras de viario en solo de núcleo rural.

A efectos da fixación da anchura mínima necesaria entre liñas límite de edificación para o viario de titularidade provincial que discorra por tramos de solo clasificado como de núcleo rural por este Servizo véñse considerando, por razóns técnicas de carácter xeral, que a banda de protección destinada ao viario debería alcanzar polo menos unha anchura desexable de 16 metros que permitiría a implantación da seguinte semi-sección tipo:

Carril de calzada: 3,50 m.

Beiravía: 0,50 m.

Banda de aparcamento: 2,00 m.

Beirarrúa: 2,00 m.

Semiancho do vial: 8,00 m.

Esta anchura de vía de 16 metros é concordante coa establecida no seu día no artigo 48.2 Normas de calidade urbana, da Lei 9/2002 do 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia como mínima para os viarios principais de nova apertura nas clases de solo urbano non consolidado e urbanizable, e permite o cumprimento do disposto na Lei 10/2014, do 3 de decembro, de accesibilidade da Comunidade Autónoma de Galicia, e o seu reglamento en vigor de aplicación, en canto a ancho de beirarrúas peonís, capaces tamén de acoller a axeitada implantación dos servizos urbanísticos.

Aínda que non se previra a implantación de beirarrúas ou aparcamentos, as dimensións desexables con carácter xeral para as vías provinciais requirirían un ancho coincidente co anterior segundo a seguinte distribución:

Carril de calzada: 3,50 m.

Beiravía: 0,50 m.

Cuneta e noiro: 2,00 m.

Beirarrúa: 2,00 m.

Semiancho do vial: 8,00 m.

A banda de 2,00 m de dominio público contiguo estaría destinada á protección da estrada mediante recuamento dos cerramentos de fincas e á instalación prioritaria das canalizacións públicas de servizos de obrigada prestación municipal conforme ao RDL 781/1986 como abastecemento de auga, saneamento e alumeadado público, así como doutros servizos de interese xeral de enerxía eléctrica, telefonía e gas.

A anchura xeral de 16,00 m desexable para a vía provincial en solo de núcleo rural podería verse reducida pola existencia de edificacións continuadas no treito da travesía rural ou por outras causas das establecidas no artigo 23.3 da LEG 8/2013.

Ditas aliñacións oficiais de viario poderán chegar a coincidir coas aliñacións de edificación nos tramos nos que o plan non estableza recuamento frontal respecto á vía por tratarse de edificacións en ordenación aliñada co viario e en contacto co borde da beirarrúa existente ou da prevista, en xeral a 8,00 m do eixe da vía ou á distancia inferior se correspondese a unha aliñación consolidada por edificacións continuadas ou por beirarrúa existente que se mantivera.

Nos casos xustificados podería reducirse o ancho xeral de 16,00 m previsto da vía a 14,00 ou 12,00 m mediante a supresión dunha ou as dúas bandas de aparcamento, e mantendo unha anchura desexable de 8,00 m entre bordos para os carrís e beiravías de calzada que permitiría o cruzamento de dous vehículos aínda coa presenza doutro estacionado ocasionalmente na vía, se ben sería admisible no caso de edificacións continuadas un semiancho mínimo estrito de 5,00 m entre o eixe e a aliñación de edificación.

Tales reducións do semiancho xeral da aliñación oficial de viario do eixe deberá xustificarse polo grado de continuidade da edificación, ou dos outros supostos establecidos no artigo 23.3 da LEG 8/2013, debendo evitarse que a eventual existencia de edificacións illadas próximas á vía leve a reducir o ancho da aliñación en toda a lonxitude do tramo de núcleo rural.



O caso de ancho mínimo estrito de viario provincial esixible para a súa funcionalidade e seguridade viaria, en treitos puntuais e coa correspondente xustificación pola existencia no ámbito dun núcleo de edificacións continuadas ás que se refire o artigo 23.3 da LEG 8/2013 correspondería a vía de 10,00 m de ancho total entre aliñacións, ou 5,00 m entre o eixe e a liña de edificación máis próxima, podendo estudarse a eventual modificación do trazado do eixe nun tramo da vía dentro do núcleo rural de xeito que manteña a continuidade de trazado nas súas conexións cos tramos non modificados.

A partir do eixe actual da estrada ou do proposto para a súa mellora resultarán definidas as aliñacións xerais de viario a 8,00 m, grafitaranse os treitos en que non afecten a edificacións existentes. Se estas foran continuadas, consolidarán a aliñación correspondente.

Nas edificacións illadas existentes a distancia inferior á aliñación de edificación homoxénea fixada para o treito esta grafitarase con liña de trazos sobre ditas edificacións, coa indicación na lenda do Plano da necesidade de obter autorización previa da Deputación para a realización de obras por diante de dita liña nas condicións da Disposición adicional primeira da LEG 8/2013, resultando autorizables en todo caso as obras de mantemento, conservación e rehabilitación.

A posible existencia de situacións actuais con semiancho viario inferior ao mínimo estrito indicado e cuxas aliñacións pretendan manterse, poderá requirir a previsión no planeamento dunha variante do trazado da vía provincial coa correspondente reserva de terreo en solo rústico e a cláusula de solicitude á Deputación da transferencia de titularidade a favor do Concello do tramo de vía provincial afecta.

Anchuras de viario en solo urbano consolidado.

Para os tramos de vías provinciais que discorran por solo cualificado como urbano consolidado, e coa xustificación derivada do establecido no artigo 23.3 da lei 8/2013, considérase posible aceptar con carácter xeral as propostas de aliñacións contidas no instrumento de planeamento con ancho igual ou superior a 10,00 m, por estimar que se respecta o mínimo estrito correspondente a dous carrís de circulación de 3,00 m de ancho e dúas beirarrúas de 2,00 m, e que tales propostas proceden dun coñecemento detallado das necesidades municipais en cada caso concreto por parte do equipo redactor.

As propostas de ancho inferior a 10,00 m poderán ser susceptibles de xustificación por razóns obxectivas como a existencia de beirarrúas públicas ou de edificacións consolidadas que

formen parte do núcleo de poboación, o cal constituiría o motivo de delimitación do treito de vía como “travesía urbana” conforme ao artigo 8.1 da lei 8/2013.

Consideracións sobre a documentación recibida.

Da análise da documentación recibida, compre salientar:

As estradas titularidade provincial atópanse correctamente relacionadas na páxina 47 da Memoria Xustificativa parte 1 Información. Na páxina 61 etiquétanse as vías que discorren polo termo municipal, existindo pequenas diferenzas (non superiores a 5 m) na lonxitude das estradas provinciais con respecto ao Catálogo da Rede Viaria aprobado.

No cadro da páxina 21, na columna de clasificación do solo, na vía SX-IC-VIA-43, correspondente coa LU-P-6201, debería engadirse a clasificación SUC.

Nas páxinas 31 a 33 da Memoria Xustificativa parte 2 Xustificación, xustifícase que os terreos do núcleo de Triacastela cumpren coas características exixidas pola lexislación vixente para ser delimitado como solo urbano. Parte de ese solo urbano consolidado susténtase nun treito da estrada provincial LU-P-6201, tal e como se indica no plano 27062_PBM_202102_AI_PORD_02SUC, marcando para as aliñacións un ancho inferior ao indicado no epígrafe anterior, polo que deberá xustificarse dito estreitamento.

A delimitación da zona de afección das estradas provinciais en solo rústico atópase correctamente grafada nos planos, de acordo co artigo 40 da LEG 8/2013.

Nas fichas AMAP_02F dos núcleos deberán incluírse as coordenadas no sistema de referencia ETRS89 UTM29 de inicio e fin dos mesmos, para facilitar a súa delimitación e recoñecemento como treito urbano.

Como anexo a este informe achégase a relación de núcleos afectados por estradas provinciais, con delimitación de coordenadas no sistema de referencia ETRS89 UTM29, ao fin do seu recoñecemento como treitos urbanos.

Non se indica en ningún plano a distancia entre alineacións nos núcleos rurais. En todo caso, deberase xustificar a existencia de aliñacións menores aos anchos de 8,00 m a eixo, de acordo co artigo 23.3 da LEG 8/2013. Ditas xustificacións pódense incorporar nas fichas AMAP_02F, nas que debería grafarse os anchos entre as aliñacións do viario previstos nos viais dos núcleos.

Os planos de escala 1/5000 e 1/10000 contan coa cuadrícula de coordenadas no sistema de referencia ETRS89 UTM29. Sería desexable dispor cotar no resto dos planos con referencias de coordenadas, que serviran como guía para facilitar a identificación de elementos nos mesmos.



Na meirande parte dos planos as estradas atópanse localizables, ven sexa pola súa etiqueta (SX-IC-VIA-...) ou pola súa nomenclatura (LU-...), o que favorece a súa localización. Sería desexable diferenciar as cores segundo a administración titular da vía, para maior claridade, non só cambiar a tonalidade e o grosor.

Conclusiones.

Por todo o exposto anteriormente, á vista das observacións sobre a rede viaria provincial que se formulan nos documentos mencionados, referentes á fixación de aliñacións que non se consideran acordes aos criterios expostos nos apartados anteriores deste Informe, considérase necesaria a corrección do documento remitido do Plan Básico Municipal de Triacastela.”

Por todo o que antecede, proponse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

Non emitir informe favorable á documentación recibida do Plan Básico Municipal de Triacastela, no que afecta ás estradas de competencia desta Deputación Provincial, mentres non se recollan as modificacións necesarias para adaptalo ao contido do apartado “Consideracións sobre a documentación recibida” do Informe do Servizo de Vías e Obras.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

7.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE INFORME SECTORIAL EN MATERIA DE ESTRADAS RELATIVO AO EXPEDIENTE DE APROBACIÓN DEFINITIVO DO PLAN BÁSICO MUNICIPAL DE TRABADA (LUGO).

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“En relación co escrito de Rexistro 2021RPE004577 de 25.03.2021, da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo da Xunta de Galicia, remitindo acceso aos documentos que forman o Plan Básico Municipal de Trabada (Lugo), visto o informe do Servizo de Vías e Obras de data 21 de outubro de 2021 que di:

“Antecedentes e obxecto.

O presente informe ten carácter sectorial de estradas e emítese de acordo ás disposicións contidas na vixente redacción da Lei 8/2013, de 28 de xuño, de estradas de Galicia (LEG 8/2013).

O obxecto último do informe sectorial de estradas vén a ser o recoñecemento aos treitos de vías provinciais que discorran por solo clasificado como urbano ou de núcleo rural o carácter de “treitos urbanos”, para o que se require que no instrumento de planeamento figuren marcadas as aliñacións e que sexan informadas favorablemente polo organismo titular da estrada conforme ao artigo 7 da LEG 8/2013, o que permitiría a edificación a unha distancia inferior á xeral, e atribuiría ao Concello a competencia para autorizar as construcións nas marxes do treito urbano segundo ditas aliñacións.

No presente informe comezase por expoñer e xustificar os criterios que se considera que deben aplicarse aos treitos urbanos das estradas provinciais, con obxecto de establecer unha sistemática de carácter xeral para a súa aplicación aos numerosos núcleos rurais situados nas marxes das vías provinciais no termo municipal.

Fundamentos legais.

A regulación das vías provinciais debe facerse por referencia á Lei 8/2013 de estradas de Galicia, estando o réxime xeral vixente contido esencialmente nos seguintes artigos:

7. Treitos urbanos.

Para os efectos desta lei, considérase treito urbano dunha estrada aquel que discorre por solo clasificado polo correspondente instrumento de planeamento urbanístico como urbano ou de núcleo rural cando, neste último caso, conte con aliñacións marcadas no antedito instrumento e aquel fose sometido a informe favorable, conforme esta lei, pola administración titular da estrada.

8. Travesías.

8.1. Para os efectos desta lei, considérase travesía o treito dunha estrada no que, discorrendo por solo clasificado como urbano, existen edificacións consolidadas que formen parte do núcleo de poboación.

23. Coordinación co planeamento urbanístico.

23.2. Nos supostos de redacción, revisión ou modificación de instrumentos de planeamento que afecten ás estradas existentes ou ás actuacións previstas nos plans de estradas vixentes, o concello remitirá, con posterioridade á súa aprobación inicial, o correspondente documento ás



administracións titulares das estradas afectadas para que o informen. O informe terá carácter vinculante e deberá ser emitido no prazo de tres meses; transcorrido este, entenderase favorable.

No caso de ser desfavorable, o informe indicará expresamente, se é o caso, as normas vulneradas.

23.3. Nos treitos urbanos das estradas, o instrumento de planeamento urbanístico determinará a aliñación de edificación, que poderá fixarse, de xeito motivado, a unha distancia inferior á que prevé a lei con carácter xeral para a liña límite de edificación das estradas, valorando a existencia de edificacións continuadas preexistentes, así como a concorrencia de razóns técnicas, socioeconómicas ou de orografía do terreo que poidan aconsellar a redución.

38. Zonas de protección da estrada e liña límite de edificación.

38.4. Nos treitos urbanos das estradas non se establecen nin zonas de protección da estrada nin liña límite de edificación.

41. Delimitación da liña límite de edificación.

41.1. A liña límite de edificación está situada a ambas as dúas beiras da estrada cun trazado que discorre paralelo ás liñas exteriores de delimitación das calzadas a unha distancia, medida horizontal e ortogonalmente a aquelas, de:

a) Cincuenta metros no caso de autoestradas, autovías e vías para automóviles.

b) Quince metros no caso de estradas convencionais. En caso de que unha administración teña aprobado o catálogo da súa rede e no mesmo categorícense funcionalmente as estradas en rede estruturante, rede complementaria e rede local, según o establecido no Decreto 66/2016, de 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento de estradas de Galicia, a liña límite de edificación estará situada a 15 metros no caso das estradas da rede estruturante e da rede complementaria e a 7 metros para as estradas da rede local.

47. Réxime xeral e competencia.

2. A competencia para autorizar a execución de obras, instalacións ou a realización de calquera outra actividade na zona de dominio público da estrada ou nas súas zonas de protección, así como para realizar as actividades de comprobación daquelas suxeitas a declaración responsable no que a lexislación sectorial en materia de estradas refírese, corresponde á administración titular da estrada, excepto na talla de arboledo, que terá que ser autorizada unicamente polo órgano competente en materia forestal, de acordo co disposto na Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, ou norma que a substitúa, previo informe preceptivo e vinculante do órgano competente da administración titular da estrada.

Disposición adicional primeira. Edificacións, instalacións e peches preexistentes.

1. Nas edificacións, instalacións e peches preexistentes na zona comprendida entre a liña exterior de delimitación da calzada da estrada e a liña límite de edificación poderanse autorizar, ou quedarán suxeitas ao réxime de declaración responsable, de tratarse dos usos previstos no artigo 45 bis, no que á lexislación sectorial en materia de estradas refírese, e sempre que quede garantida a seguridade viaria na estrada e nos seus accesos e non se produza cambio de uso nin incremento de volume edificado, por encima ou por baixo da rasante do terreo:

a) Con carácter xeral, as obras de mantemento, conservación e rehabilitación.

b) Excepcionalmente, obras de rehabilitación estrutural, naqueles supostos de interese público ou social, así cualificados.

Por parte da Deputación Provincial de Lugo, o Pleno de 30 de abril de 2019 adoptou o acordo de categorizar a rede de estradas provinciais como Rede Local, para a aplicación da redución da liña límite de edificación establecida pola nova redacción da Lei de Estradas de Galicia, tras a aprobación da Lei 3/2018, de 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, e na que se reduce a distancia da liña límite de edificación de 15,00 m a 7,00 m do borde exterior da calzada, debendo resultar fóra da zona de servidume e a distancia non inferior a 10 m do eixe de trazado da vía con carácter xeral en solo rústico, sen prexuízo da posible redución aplicable nos treitos urbanos da estrada conforme ao previsto no artigo 23 da LEG 8/2013. A adopción de dito criterio foi publicado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo de data 07.11.2019.

Anchuras de viario en solo de núcleo rural.

A efectos da fixación da anchura mínima necesaria entre liñas límite de edificación para o viario de titularidade provincial que discorra por tramos de solo clasificado como de núcleo rural por este Servizo véñse considerando, por razóns técnicas de carácter xeral, que a banda de protección destinada ao viario debería alcanzar polo menos unha anchura desexable de 16 metros que permitiría a implantación da seguinte semi-sección tipo:

Carril de calzada: 3,50 m.

Beiravía: 0,50 m.

Banda de aparcamento: 2,00 m.

Beirarrúa: 2,00 m.

Semiancho do vial: 8,00 m.



Esta anchura de vía de 16 metros é concordante coa establecida no seu día no artigo 48.2 Normas de calidade urbana, da Lei 9/2002 do 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia como mínima para os viarios principais de nova apertura nas clases de solo urbano non consolidado e urbanizable, e permite o cumprimento do disposto na Lei 10/2014, do 3 de decembro, de accesibilidade da Comunidade Autónoma de Galicia, e o seu reglamento en vigor de aplicación, en canto a ancho de beirarrúas peonís, capaces tamén de acoller a axeitada implantación dos servizos urbanísticos.

Aínda que non se previra a implantación de beirarrúas ou aparcamentos, as dimensións desexables con carácter xeral para as vías provinciais requirirían un ancho coincidente co anterior segundo a seguinte distribución:

Carril de calzada: 3,50 m.

Beiravía: 0,50 m.

Cuneta e noiro: 2,00 m.

Beirarrúa: 2,00 m.

Semiancho do vial: 8,00 m.

A banda de 2,00 m de dominio público contiguo estaría destinada á protección da estrada mediante recuamento dos cerramentos de fincas e á instalación prioritaria das canalizacións públicas de servizos de obrigada prestación municipal conforme ao RDL 781/1986 como abastecemento de auga, saneamento e alumeadado público, así como doutros servizos de interese xeral de enerxía eléctrica, telefonía e gas.

A anchura xeral de 16,00 m desexable para a vía provincial en solo de núcleo rural podería verse reducida pola existencia de edificacións continuadas no treito da travesía rural ou por outras causas das establecidas no artigo 23.3 da LEG 8/2013.

Ditas aliñacións oficiais de viario poderán chegar a coincidir coas aliñacións de edificación nos tramos nos que o plan non estableza recuamento frontal respecto á vía por tratarse de edificacións en ordenación aliñada co viario e en contacto co borde da beirarrúa existente ou da prevista, en xeral a 8,00 m do eixe da vía ou á distancia inferior se correspondese a unha aliñación consolidada por edificacións continuadas ou por beirarrúa existente que se mantivera.

Nos casos xustificados podería reducirse o ancho xeral de 16,00 m previsto da vía a 14,00 ou 12,00 m mediante a supresión dunha ou as dúas bandas de aparcamento, e mantendo unha anchura desexable de 8,00 m entre bordos para os carrís e beiravías de calzada que permitiría o cruzamento de dous vehículos aínda coa presenza doutro estacionado ocasionalmente na vía, se ben

sería admisible no caso de edificacións continuadas un semiancho mínimo estrito de 5,00 m entre o eixe e a aliñación de edificación.

Tales reducións do semiancho xeral da aliñación oficial de viario do eixe deberá xustificarse polo grado de continuidade da edificación, ou dos outros supostos establecidos no artigo 23.3 da LEG 8/2013, debendo evitarse que a eventual existencia de edificacións illadas próximas á vía leve a reducir o ancho da aliñación en toda a lonxitude do tramo de núcleo rural.

O caso de ancho mínimo estrito de viario provincial esixible para a súa funcionalidade e seguridade viaria, en treitos puntuais e coa correspondente xustificación pola existencia no ámbito dun núcleo de edificacións continuadas ás que se refire o artigo 23.3 da LEG 8/2013 correspondería a vía de 10,00 m de ancho total entre aliñacións, ou 5,00 m entre o eixe e a liña de edificación máis próxima, podendo estudarse a eventual modificación do trazado do eixe nun tramo da vía dentro do núcleo rural de xeito que manteña a continuidade de trazado nas súas conexións cos tramos non modificados.

A partir do eixe actual da estrada ou do proposto para a súa mellora resultarán definidas as aliñacións xerais de viario a 8,00 m, grafítaranse os treitos en que non afecten a edificacións existentes. Se estas foran continuadas, consolidarán a aliñación correspondente.

Nas edificacións illadas existentes a distancia inferior á aliñación de edificación homoxénea fixada para o treito esta grafítarase con liña de trazos sobre ditas edificacións, coa indicación na lenda do Plano da necesidade de obter autorización previa da Deputación para a realización de obras por diante de dita liña nas condicións da Disposición adicional primeira da LEG 8/2013, resultando autorizables en todo caso as obras de mantemento, conservación e rehabilitación.

A posible existencia de situacións actuais con semiancho viario inferior ao mínimo estrito indicado e cuxas aliñacións pretendan manterse, poderá requirir a previsión no planeamento dunha variante do trazado da vía provincial coa correspondente reserva de terreo en solo rústico e a cláusula de solicitude á Deputación da transferencia de titularidade a favor do Concello do tramo de vía provincial afecta.

Anchuras de viario en solo urbano consolidado.

Para os tramos de vías provinciais que discorran por solo cualificado como urbano consolidado, e coa xustificación derivada do establecido no artigo 23.3 da lei 8/2013, considérase posible aceptar con carácter xeral as propostas de aliñacións contidas no instrumento de



planeamento con ancho igual ou superior a 10,00 m, por estimar que se respecta o mínimo estrito correspondente a dous carrís de circulación de 3,00 m de ancho e dúas beirarrúas de 2,00 m, e que tales propostas proceden dun coñecemento detallado das necesidades municipais en cada caso concreto por parte do equipo redactor.

As propostas de ancho inferior a 10,00 m poderán ser susceptibles de xustificación por razóns obxectivas como a existencia de beirarrúas públicas ou de edificacións consolidadas que formen parte do núcleo de poboación, o cal constituiría o motivo de delimitación do treito de vía como “travesía urbana” conforme ao artigo 8.1 da lei 8/2013.

Consideracións sobre a documentación recibida.

Da análise da documentación recibida, compre salientar:

Na páxina 4 da Memoria Xustificativa parte 1 Información, indícase que o Concello conta cunha delimitación de solo urbano, aprobada en maio de 1.978, que ordena os núcleos de Trabada e Ría de Abres, e cunha delimitación de solo de núcleo rural, A Fórnea, na parroquia de Santo Estebo de Fórnea, aprobada o 10 de novembro de 2.016.

A delimitación de solo urbano consolidado na documentación varía as aliñacións, pero estas serían válidas cos condicionantes indicados no epígrafe anterior. Parte do solo aséntase nas estradas provinciais LU-P-5506 e LU-P-6104.

A delimitación do DSNR A Fórnea conta con informe favorable da Deputación de Lugo, tras proposta do Servizo de Vías e Obras.

As estradas titularidade provincial atópanse correctamente relacionadas na páxina 41 da Memoria Xustificativa parte 1 Información. Na páxina 49 etiquétanse as vías que discorren polo termo municipal, distinguindo entre tramos principais e tramos antigos.

A delimitación da zona de afección das estradas provinciais en solo rústico atópase correctamente grafada nos planos, de acordo co artigo 40 da LEG 8/2013.

Na páxina 23 da Memoria Xustificativa parte 2 xustificación indícase que a línea límite de edificación en estradas provinciais atópase a 15,00 m. Tal e como se indicou no último párrafo do apartado Fundamentos Legais (páx 4 do presente informe), dita distancia é menor.

Na táboa das páxinas 31 e 32 da MX parte 2, atópanse perfectamente etiquetadas as estradas, con completa identificación da categoría e clasificación do solo que lles afecta, e ordenanzas de aplicación.

Na páxina 79 do mesmo documento indícase que a estrada LU-132 é de titularidade provincial, o cal non é correcto.

Nas fichas AMAP_02F dos núcleos deberían incluírse as coordenadas no sistema de referencia ETRS89 UTM29 de inicio e fin dos mesmos, para facilitar a súa delimitación e recoñecemento como treito urbano.

Como anexo a este informe achégase a relación de núcleos afectados por estradas provinciais, con delimitación de coordenadas no sistema de referencia ETRS89 UTM29, ao fin do seu recoñecemento como treitos urbanos.

Os anchos entre aliñacións nos núcleos rurais está marcado nos planos. En todo caso, debería xustificarse a existencia de aliñacións menores aos anchos de 8,00 m a eixo, de acordo co artigo 23.3 da LEG 8/2013. Ditas xustificacións pódense incorporar nas fichas AMAP_02F.

Os planos de escala 1/5000 e 1/10000 contan coa cuadrícula de coordenadas no sistema de referencia ETRS89 UTM29. Sería desexable dispor no resto dos planos de referencias de coordenadas, que serviran como guía para facilitar a identificación de elementos nos mesmos.

Nos planos as estradas atópanse localizables, ven sexa pola súa etiqueta (SX-IC-VIA-...) ou pola súa nomenclatura (LU-...), o que favorece a súa localización. Sería desexable diferenciar as cores segundo a administración titular da vía, para maior claridade, non só cambiar a tonalidade e o grosor.

Conclusiones.

Por todo o exposto anteriormente, á vista das observacións sobre a rede viaria provincial que se formulan nos documentos mencionados, referentes á fixación de aliñacións que non se consideran acordes aos criterios expostos nos apartados anteriores deste Informe, considérase necesaria a corrección do documento remitido do Plan Básico Municipal de Trabada.”

Por todo o que antecede, propónse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

Non emitir informe favorable á documentación recibida do Plan Básico Municipal de Trabada, no que afecta ás estradas de competencia desta Deputación Provincial, mentres non se recollan as modificacións necesarias para adaptalo ao contido do apartado “Consideracións sobre a documentación recibida” do Informe do Servizo de Vías e Obras.”



A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

8.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE INFORME SECTORIAL EN MATERIA DE ESTRADAS RELATIVO AO EXPEDIENTE DE APROBACIÓN DEFINITIVO DO PLAN BÁSICO MUNICIPAL DE RIOTORTO (LUGO).

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“En relación co escrito de Rexistro 2021RPE012425, de 11.06.2021, da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo da Xunta de Galicia, remitindo acceso aos documentos que forman o Plan Básico Municipal de Riotorto (Lugo), visto o informe do Servizo de Vías e Obras de data 21 de outubro de 2021 que di:

“Antecedentes e obxecto.

O presente informe ten carácter sectorial de estradas e emítase de acordo ás disposicións contidas na vixente redacción da Lei 8/2013, de 28 de xuño, de estradas de Galicia (LEG 8/2013).

O obxecto último do informe sectorial de estradas vén a ser o recoñecemento aos treitos de vías provinciais que discorran por solo clasificado como urbano ou de núcleo rural o carácter de “treitos urbanos”, para o que se require que no instrumento de planeamento figuren marcadas as aliñacións e que sexan informadas favorablemente polo organismo titular da estrada conforme ao artigo 7 da LEG 8/2013, o que permitiría a edificación a unha distancia inferior á xeral, e atribuiría ao Concello a competencia para autorizar as construcións nas marxes do treito urbano segundo ditas aliñacións.

No presente informe comezase por expoñer e xustificar os criterios que se considera que deben aplicarse aos treitos urbanos das estradas provinciais, con obxecto de establecer unha sistemática de carácter xeral para a súa aplicación aos numerosos núcleos rurais situados nas marxes das vías provinciais no termo municipal.

Fundamentos legais.

A regulación das vías provinciais debe facerse por referencia á Lei 8/2013 de estradas de Galicia, estando o réxime xeral vixente contido esencialmente nos seguintes artigos:

7. Treitos urbanos.

Para os efectos desta lei, considérase treito urbano dunha estrada aquel que discorre por solo clasificado polo correspondente instrumento de planeamento urbanístico como urbano ou de núcleo rural cando, neste último caso, conte con aliñacións marcadas no antedito instrumento e aquel fose sometido a informe favorable, conforme esta lei, pola administración titular da estrada.

8. Travesías.

8.1. Para os efectos desta lei, considérase travesía o treito dunha estrada no que, discorrendo por solo clasificado como urbano, existen edificacións consolidadas que formen parte do núcleo de poboación.

23. Coordinación co planeamento urbanístico

23.2. Nos supostos de redacción, revisión ou modificación de instrumentos de planeamento que afecten ás estradas existentes ou ás actuacións previstas nos plans de estradas vixentes, o concello remitirá, con posterioridade á súa aprobación inicial, o correspondente documento ás administracións titulares das estradas afectadas para que o informen. O informe terá carácter vinculante e deberá ser emitido no prazo de tres meses; transcorrido este, entenderase favorable.

No caso de ser desfavorable, o informe indicará expresamente, se é o caso, as normas vulneradas.

23.3. Nos treitos urbanos das estradas, o instrumento de planeamento urbanístico determinará a aliñación de edificación, que poderá fixarse, de xeito motivado, a unha distancia inferior á que prevé a lei con carácter xeral para a liña límite de edificación das estradas, valorando a existencia de edificacións continuadas preexistentes, así como a concorrencia de razóns técnicas, socioeconómicas ou de orografía do terreo que poidan aconsellar a redución.

38. Zonas de protección da estrada e liña límite de edificación.

38.4. Nos treitos urbanos das estradas non se establecen nin zonas de protección da estrada nin liña límite de edificación.

41. Delimitación da liña límite de edificación.

41.1. A liña límite de edificación está situada a ambas as dúas beiras da estrada cun trazado que discorre paralelo ás liñas exteriores de delimitación das calzadas a unha distancia, medida horizontal e ortogonalmente a aquelas, de:

a) Cincuenta metros no caso de autoestradas, autovías e vías para automóviles.

b) Quince metros no caso de estradas convencionais. En caso de que unha administración teña aprobado o catálogo da súa rede e no mesmo categorícense funcionalmente as estradas en rede



estructurante, rede complementaria e rede local, según o establecido no Decreto 66/2016, de 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento de estradas de Galicia, a liña límite de edificación estará situada a 15 metros no caso das estradas da rede estruturante e da rede complementaria e a 7 metros para as estradas da rede local.

47. Réxime xeral e competencia.

2. A competencia para autorizar a execución de obras, instalacións ou a realización de calquera outra actividade na zona de dominio público da estrada ou nas súas zonas de protección, así como para realizar as actividades de comprobación daquelas suxeitas a declaración responsable no que a lexislación sectorial en materia de estradas refírese, corresponde á administración titular da estrada, excepto na talla de arboledo, que terá que ser autorizada unicamente polo órgano competente en materia forestal, de acordo co disposto na Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, ou norma que a substitúa, previo informe preceptivo e vinculante do órgano competente da administración titular da estrada.

Disposición adicional primeira. Edificacións, instalacións e peches preexistentes

1. Nas edificacións, instalacións e peches preexistentes na zona comprendida entre a liña exterior de delimitación da calzada da estrada e a liña límite de edificación poderanse autorizar, ou quedarán suxeitas ao réxime de declaración responsable, de tratarse dos usos previstos no artigo 45 bis, no que á lexislación sectorial en materia de estradas refírese, e sempre que quede garantida a seguridade viaria na estrada e nos seus accesos e non se produza cambio de uso nin incremento de volume edificado, por encima ou por baixo da rasante do terreo:

a) Con carácter xeral, as obras de mantemento, conservación e rehabilitación.

b) Excepcionalmente, obras de rehabilitación estrutural, naqueles supostos de interese público ou social, así cualificados.

Por parte da Deputación Provincial de Lugo, o Pleno de 30 de abril de 2019 adoptou o acordo de categorizar a rede de estradas provinciais como Rede Local, para a aplicación da redución da liña límite de edificación establecida pola nova redacción da Lei de Estradas de Galicia, tras a aprobación da Lei 3/2018, de 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, e na que se reduce a distancia da liña límite de edificación de 15,00 m a 7,00 m do borde exterior da calzada, debendo resultar fóra da zona de servidume e a distancia non inferior a 10 m do eixe de trazado da vía con carácter xeral en solo rústico, sen prexuízo da posible redución aplicable nos treitos urbanos da estrada conforme ao previsto no artigo 23 da LEG 8/2013. A adopción de dito criterio foi publicado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo de data 07.11.2019.

Anchuras de viario en solo de núcleo rural.

A efectos da fixación da anchura mínima necesaria entre liñas límite de edificación para o viario de titularidade provincial que discorra por tramos de solo clasificado como de núcleo rural por este Servizo véñse considerando, por razóns técnicas de carácter xeral, que a banda de protección destinada ao viario debería alcanzar polo menos unha anchura desexable de 16 metros que permitiría a implantación da seguinte semi-sección tipo:

Carril de calzada: 3,50 m.

Beiravía: 0,50 m.

Banda de aparcamento: 2,00 m.

Beirarrúa: 2,00 m.

Semiancho do vial: 8,00 m.

Esta anchura de vía de 16 metros é concordante coa establecida no seu día no artigo 48.2 Normas de calidade urbana, da Lei 9/2002 do 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia como mínima para os viarios principais de nova apertura nas clases de solo urbano non consolidado e urbanizable, e permite o cumprimento do disposto na Lei 10/2014, do 3 de decembro, de accesibilidade da Comunidade Autónoma de Galicia, e o seu reglamento en vigor de aplicación, en canto a ancho de beirarrúas peonís, capaces tamén de acoller a axeitada implantación dos servizos urbanísticos.

Aínda que non se previra a implantación de beirarrúas ou aparcamentos, as dimensións desexables con carácter xeral para as vías provinciais requirirían un ancho coincidente co anterior segundo a seguinte distribución:

Carril de calzada: 3,50 m.

Beiravía: 0,50 m.

Cuneta e noiro: 2,00 m.

Beirarrúa: 2,00 m.

Semiancho do vial: 8,00 m.

A banda de 2,00 m de dominio público contiguo estaría destinada á protección da estrada mediante recuamento dos cerramentos de fincas e á instalación prioritaria das canalizacións públicas de servizos de obrigada prestación municipal conforme ao RDL 781/1986 como abastecemento de auga, saneamento e alumeadado público, así como doutros servizos de interese xeral de enerxía eléctrica, telefonía e gas.



A anchura xeral de 16,00 m desexable para a vía provincial en solo de núcleo rural podería verse reducida pola existencia de edificacións continuadas no treito da travesía rural ou por outras causas das establecidas no artigo 23.3 da LEG 8/2013.

Ditas aliñacións oficiais de viario poderán chegar a coincidir coas aliñacións de edificación nos tramos nos que o plan non estableza recuamento frontal respecto á vía por tratarse de edificacións en ordenación aliñada co viario e en contacto co borde da beirarrúa existente ou da prevista, en xeral a 8,00 m do eixe da vía ou á distancia inferior se correspondese a unha aliñación consolidada por edificacións continuadas ou por beirarrúa existente que se mantivera.

Nos casos xustificados podería reducirse o ancho xeral de 16,00 m previsto da vía a 14,00 ou 12,00 m mediante a supresión dunha ou as dúas bandas de aparcamento, e mantendo unha anchura desexable de 8,00 m entre bordos para os carrís e beiravías de calzada que permitiría o cruzamento de dous vehículos aínda coa presenza doutro estacionado ocasionalmente na vía, se ben sería admisible no caso de edificacións continuadas un semiancho mínimo estrito de 5,00 m entre o eixe e a aliñación de edificación.

Tales reducións do semiancho xeral da aliñación oficial de viario do eixe deberá xustificarse polo grado de continuidade da edificación, ou dos outros supostos establecidos no artigo 23.3 da LEG 8/2013, debendo evitarse que a eventual existencia de edificacións illadas próximas á vía leve a reducir o ancho da aliñación en toda a lonxitude do tramo de núcleo rural.

O caso de ancho mínimo estrito de viario provincial esixible para a súa funcionalidade e seguridade viaria, en treitos puntuais e coa correspondente xustificación pola existencia no ámbito dun núcleo de edificacións continuadas ás que se refire o artigo 23.3 da LEG 8/2013 correspondería a vía de 10,00 m de ancho total entre aliñacións, ou 5,00 m entre o eixe e a liña de edificación máis próxima, podendo estudarse a eventual modificación do trazado do eixe nun tramo da vía dentro do núcleo rural de xeito que manteña a continuidade de trazado nas súas conexións cos tramos non modificados.

A partir do eixe actual da estrada ou do proposto para a súa mellora resultarán definidas as aliñacións xerais de viario a 8,00 m, grafitaranse os treitos en que non afecten a edificacións existentes. Se estas foran continuadas, consolidarán a aliñación correspondente.

Nas edificacións illadas existentes a distancia inferior á aliñación de edificación homoxénea fixada para o treito esta grafitarase con liña de trazos sobre ditas edificacións, coa indicación na lenda do Plano da necesidade de obter autorización previa da Deputación para a realización de obras por diante de dita liña nas condicións da Disposición adicional primeira da

LEG 8/2013, resultando autorizables en todo caso as obras de mantemento, conservación e rehabilitación.

A posible existencia de situacións actuais con semiancho viario inferior ao mínimo estrito indicado e cuxas aliñacións pretendan manterse, poderá requirir a previsión no planeamento dunha variante do trazado da vía provincial coa correspondente reserva de terreo en solo rústico e a cláusula de solicitude á Deputación da transferencia de titularidade a favor do Concello do tramo de vía provincial afecta.

Anchuras de viario en solo urbano consolidado.

Para os tramos de vías provinciais que discorran por solo cualificado como urbano consolidado, e coa xustificación derivada do establecido no artigo 23.3 da lei 8/2013, considérase posible aceptar con carácter xeral as propostas de aliñacións contidas no instrumento de planeamento con ancho igual ou superior a 10,00 m, por estimar que se respecta o mínimo estrito correspondente a dous carrís de circulación de 3,00 m de ancho e dúas beirarrúas de 2,00 m, e que tales propostas proceden dun coñecemento detallado das necesidades municipais en cada caso concreto por parte do equipo redactor.

As propostas de ancho inferior a 10,00 m poderán ser susceptibles de xustificación por razóns obxectivas como a existencia de beirarrúas públicas ou de edificacións consolidadas que formen parte do núcleo de poboación, o cal constituiría o motivo de delimitación do treito de vía como “travesía urbana” conforme ao artigo 8.1 da lei 8/2013.

Consideracións sobre a documentación recibida.

Da análise da documentación recibida, compre salientar:

Na páxina 10 da Memoria Xustificativa parte 1 Información, indícase que o Concello conta cunha delimitación de solo urbano, do ano 1.986, do asentamento da capital municipal, con modificacións puntuais nos anos 1989 e 1986. O solo urbano aséntase en parte en dúas vías de titularidade provincial, a LU-P-5501 e a LU-P-4404.

A delimitación de solo urbano consolidado na documentación varía as aliñacións, pero estas serían válidas cos condicionantes indicados no epígrafe anterior.

As estradas titularidade provincial atópanse relacionadas na páxina 89 da Memoria Xustificativa parte 1 Información. Na lista semella que non se inclúen os treitos antigos, xa que algunha das lonxitudes non é correcta.



Na páxina 27 da Memoria Xustificativa parte 2 Xustificación, a táboa que etiqueta as estradas como elementos do sistema xeral non identifica as estradas de titularidade provincial.

As estradas de titularidade provincial non están correctamente identificadas nos planos.

Nos planos AMAP_04PORD estradas non conteñen etiquetas para identificalas, ven sexa pola súa etiqueta (SX-IC-VIA-...) ou pola súa nomenclatura (LU-...). Sería desexable diferenciar as cores segundo a administración titular da vía, para maior claridade, non só cambiar a tonalidade e o grosor.

A liña límite de edificación fora de núcleos delimitados está mal grafiada, está marcada a 15,00 m, cando tal e como se indicou no último párrafo do epígrafe fundamentos legais a Deputación de Lugo ten aprobada unha redución de dita distancia.

Nas fichas AMAP_02F dos núcleos deberán incluírse as coordenadas no sistema de referencia ETRS89 UTM29 de inicio e fin dos mesmos, para facilitar a súa delimitación e recoñecemento como treito urbano.

Como anexo a este informe achégase a relación de núcleos afectados por estradas provinciais, con delimitación de coordenadas no sistema de referencia ETRS89 UTM29, ao fin do seu recoñecemento como treitos urbanos.

A distancia entre alineacións nos núcleos rurais non está correctamente referenciada. En todo caso, deberase xustificar a existencia de aliñacións menores aos anchos de 8,00 m a eixo, de acordo co artigo 23.3 da LEG 8/2013. Ditas xustificacións pódense incorporar nas fichas AMAP_02F, nas que debería grafarse os anchos entre as aliñacións do viario previstos nos viais dos núcleos.

Sería desexable dispor en todos os planos cuadrículas de coordenadas no sistema de referencia ETRS89 UTM29, que servirían como guía para facilitar a identificación de elementos nos mesmos.

Conclusiones.

Por todo o exposto anteriormente, á vista das observacións sobre a rede viaria provincial que se formulan nos documentos mencionados, referentes á fixación de aliñacións que non se consideran acordes aos criterios expostos nos apartados anteriores deste Informe, considérase necesaria a corrección do documento remitido do Plan Básico Municipal de Riotorto.”

Por todo o que antecede, proponse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

Non emitir informe favorable á documentación recibida do Plan Básico Municipal de Riotorto, no que afecta ás estradas de competencia desta Deputación Provincial, mentres non se recollan as modificacións necesarias para adaptalo ao contido do apartado “Consideracións sobre a documentación recibida” do Informe do Servizo de Vías e Obras.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

9.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE INFORME SECTORIAL EN MATERIA DE ESTRADAS RELATIVO AO EXPEDIENTE DE APROBACIÓN DEFINITIVO DO PLAN BÁSICO MUNICIPAL DE RIBEIRA DE PIQUÍN (LUGO).

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“En relación co escrito de Rexistro 2021RPE017546, de 05.07.2021, da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo da Xunta de Galicia, remitindo acceso aos documentos que forman o Plan Básico Municipal de Ribeira de Piquín (Lugo), visto o informe do Servizo de Vías e Obras de data 21 de outubro de 2021 que di:

“Antecedentes e obxecto.

O presente informe ten carácter sectorial de estradas e emítese de acordo ás disposicións contidas na vixente redacción da Lei 8/2013, de 28 de xuño, de estradas de Galicia (LEG 8/2013).

O obxecto último do informe sectorial de estradas vén a ser o recoñecemento aos treitos de vías provinciais que discorran por solo clasificado como urbano ou de núcleo rural o carácter de “treitos urbanos”, para o que se require que no instrumento de planeamento figuren marcadas as aliñacións e que sexan informadas favorablemente polo organismo titular da estrada conforme ao artigo 7 da LEG 8/2013, o que permitiría a edificación a unha distancia inferior á xeral, e atribuiría ao Concello a competencia para autorizar as construcións nas marxes do treito urbano segundo ditas aliñacións.

No presente informe comezarase por expoñer e xustificar os criterios que se considera que deben aplicarse aos treitos urbanos das estradas provinciais, con obxecto de establecer unha



sistemática de carácter xeral para a súa aplicación aos numerosos núcleos rurais situados nas marxes das vías provinciais no termo municipal.

Fundamentos legais.

A regulación das vías provinciais debe facerse por referencia á Lei 8/2013 de estradas de Galicia, estando o réxime xeral vixente contido esencialmente nos seguintes artigos:

7. Treitos urbanos.

Para os efectos desta lei, considérase treito urbano dunha estrada aquel que discorre por solo clasificado polo correspondente instrumento de planeamento urbanístico como urbano ou de núcleo rural cando, neste último caso, conte con aliñacións marcadas no antedito instrumento e aquel fose sometido a informe favorable, conforme esta lei, pola administración titular da estrada.

8. Travesías.

8.1. Para os efectos desta lei, considérase travesía o treito dunha estrada no que, discorrendo por solo clasificado como urbano, existen edificacións consolidadas que formen parte do núcleo de poboación.

23. Coordinación co planeamento urbanístico.

23.2. Nos supostos de redacción, revisión ou modificación de instrumentos de planeamento que afecten ás estradas existentes ou ás actuacións previstas nos plans de estradas vixentes, o concello remitirá, con posterioridade á súa aprobación inicial, o correspondente documento ás administracións titulares das estradas afectadas para que o informen. O informe terá carácter vinculante e deberá ser emitido no prazo de tres meses; transcorrido este, entenderase favorable.

No caso de ser desfavorable, o informe indicará expresamente, se é o caso, as normas vulneradas.

23.3. Nos treitos urbanos das estradas, o instrumento de planeamento urbanístico determinará a aliñación de edificación, que poderá fixarse, de xeito motivado, a unha distancia inferior á que prevé a lei con carácter xeral para a liña límite de edificación das estradas, valorando a existencia de edificacións continuadas preexistentes, así como a concorrencia de razóns técnicas, socioeconómicas ou de orografía do terreo que poidan aconsellar a redución.

38. Zonas de protección da estrada e liña límite de edificación

38.4. Nos treitos urbanos das estradas non se establecen nin zonas de protección da estrada nin liña límite de edificación.

41. Delimitación da liña límite de edificación.

41.1. A liña límite de edificación está situada a ambas as dúas beiras da estrada cun trazado que discorre paralelo ás liñas exteriores de delimitación das calzadas a unha distancia, medida horizontal e ortogonalmente a aquelas, de:

a) Cincuenta metros no caso de autoestradas, autovías e vías para automóviles.

b) Quince metros no caso de estradas convencionais. En caso de que unha administración teña aprobado o catálogo da súa rede e no mesmo categorícense funcionalmente as estradas en rede estruturante, rede complementaria e rede local, según o establecido no Decreto 66/2016, de 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento de estradas de Galicia, a liña límite de edificación estará situada a 15 metros no caso das estradas da rede estruturante e da rede complementaria e a 7 metros para as estradas da rede local.

47. Réxime xeral e competencia.

2. A competencia para autorizar a execución de obras, instalacións ou a realización de calquera outra actividade na zona de dominio público da estrada ou nas súas zonas de protección, así como para realizar as actividades de comprobación daquelas suxeitas a declaración responsable no que a lexislación sectorial en materia de estradas refírese, corresponde á administración titular da estrada, excepto na talla de arboledo, que terá que ser autorizada unicamente polo órgano competente en materia forestal, de acordo co disposto na Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, ou norma que a substitúa, previo informe preceptivo e vinculante do órgano competente da administración titular da estrada..

Disposición adicional primeira. Edificacións, instalacións e peches preexistentes.

1. Nas edificacións, instalacións e peches preexistentes na zona comprendida entre a liña exterior de delimitación da calzada da estrada e a liña límite de edificación poderanse autorizar, ou quedarán suxeitas ao réxime de declaración responsable, de tratarse dos usos previstos no artigo 45 bis, no que á lexislación sectorial en materia de estradas refírese, e sempre que quede garantida a seguridade viaria na estrada e nos seus accesos e non se produza cambio de uso nin incremento de volume edificado, por encima ou por baixo da rasante do terreo:

a) Con carácter xeral, as obras de mantemento, conservación e rehabilitación.

b) Excepcionalmente, obras de rehabilitación estrutural, naqueles supostos de interese público ou social, así cualificados.

Por parte da Deputación Provincial de Lugo, o Pleno de 30 de abril de 2019 adoptou o acordo de categorizar a rede de estradas provinciais como Rede Local, para a aplicación da redución da liña límite de edificación establecida pola nova redacción da Lei de Estradas de



Galicia, tras a aprobación da Lei 3/2018, de 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, e na que se reduce a distancia da línea límite de edificación de 15,00 m a 7,00 m do borde exterior da calzada, debendo resultar fóra da zona de servidume e a distancia non inferior a 10 m do eixe de trazado da vía con carácter xeral en solo rústico, sen prexuízo da posible redución aplicable nos treitos urbanos da estrada conforme ao previsto no artigo 23 da LEG 8/2013. A adopción de dito criterio foi publicado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo de data 07.11.2019.

Anchuras de viario en solo de núcleo rural.

A efectos da fixación da anchura mínima necesaria entre liñas límite de edificación para o viario de titularidade provincial que discorra por tramos de solo clasificado como de núcleo rural por este Servizo véñse considerando, por razóns técnicas de carácter xeral, que a banda de protección destinada ao viario debería alcanzar polo menos unha anchura desexable de 16 metros que permitiría a implantación da seguinte semi-sección tipo:

Carril de calzada: 3,50 m.

Beiravía: 0,50 m.

Banda de aparcamento: 2,00 m.

Beirarrúa: 2,00 m.

Semiancho do vial: 8,00 m.

Esta anchura de vía de 16 metros é concordante coa establecida no seu día no artigo 48.2 Normas de calidade urbana, da Lei 9/2002 do 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia como mínima para os viarios principais de nova apertura nas clases de solo urbano non consolidado e urbanizable, e permite o cumprimento do disposto na Lei 10/2014, do 3 de decembro, de accesibilidade da Comunidade Autónoma de Galicia, e o seu reglamento en vigor de aplicación, en canto a ancho de beirarrúas peonís, capaces tamén de acoller a axeitada implantación dos servizos urbanísticos.

Aínda que non se previra a implantación de beirarrúas ou aparcamentos, as dimensións desexables con carácter xeral para as vías provinciais requirirían un ancho coincidente co anterior segundo a seguinte distribución:

Carril de calzada: 3,50 m.

Beiravía: 0,50 m.

Cuneta e noiro: 2,00 m.

Beirarrúa: 2,00 m.

Semiancho do vial: 8,00 m.

A banda de 2,00 m de dominio público contiguo estaría destinada á protección da estrada mediante recuamento dos cerramentos de fincas e á instalación prioritaria das canalizacións públicas de servizos de obrigada prestación municipal conforme ao RDL 781/1986 como abastecemento de auga, saneamento e alumeadado público, así como doutros servizos de interese xeral de enerxía eléctrica, telefonía e gas.

A anchura xeral de 16,00 m desexable para a vía provincial en solo de núcleo rural podería verse reducida pola existencia de edificacións continuadas no treito da travesía rural ou por outras causas das establecidas no artigo 23.3 da LEG 8/2013.

Ditas aliñacións oficiais de viario poderán chegar a coincidir coas aliñacións de edificación nos tramos nos que o plan non estableza recuamento frontal respecto á vía por tratarse de edificacións en ordenación aliñada co viario e en contacto co borde da beirarrúa existente ou da prevista, en xeral a 8,00 m do eixe da vía ou á distancia inferior se correspondese a unha aliñación consolidada por edificacións continuadas ou por beirarrúa existente que se mantivera.

Nos casos xustificados podería reducirse o ancho xeral de 16,00 m previsto da vía a 14,00 ou 12,00 m mediante a supresión dunha ou as dúas bandas de aparcamento, e mantendo unha anchura desexable de 8,00 m entre bordos para os carrís e beiravías de calzada que permitiría o cruzamento de dous vehículos aínda coa presenza doutro estacionado ocasionalmente na vía, se ben sería admisible no caso de edificacións continuadas un semiancho mínimo estrito de 5,00 m entre o eixe e a aliñación de edificación.

Tales reducións do semiancho xeral da aliñación oficial de viario do eixe deberá xustificarse polo grado de continuidade da edificación, ou dos outros supostos establecidos no artigo 23.3 da LEG 8/2013, debendo evitarse que a eventual existencia de edificacións illadas próximas á vía leve a reducir o ancho da aliñación en toda a lonxitude do tramo de núcleo rural.

O caso de ancho mínimo estrito de viario provincial esixible para a súa funcionalidade e seguridade viaria, en treitos puntuais e coa correspondente xustificación pola existencia no ámbito dun núcleo de edificacións continuadas ás que se refire o artigo 23.3 da LEG 8/2013 correspondería a vía de 10,00 m de ancho total entre aliñacións, ou 5,00 m entre o eixe e a liña de edificación máis próxima, podendo estudarse a eventual modificación do trazado do eixe nun tramo da vía dentro do núcleo rural de xeito que manteña a continuidade de trazado nas súas conexións cos tramos non modificados.



A partir do eixe actual da estrada ou do proposto para a súa mellora resultarán definidas as aliñacións xerais de viario a 8,00 m, grafítaranse os treitos en que non afecten a edificacións existentes. Se estas foran continuadas, consolidarán a aliñación correspondente.

Nas edificacións illadas existentes a distancia inferior á aliñación de edificación homoxénea fixada para o treito esta grafítarase con liña de trazos sobre ditas edificacións, coa indicación na lenda do Plano da necesidade de obter autorización previa da Deputación para a realización de obras por diante de dita liña nas condicións da Disposición adicional primeira da LEG 8/2013, resultando autorizables en todo caso as obras de mantemento, conservación e rehabilitación.

A posible existencia de situacións actuais con semiancho viario inferior ao mínimo estrito indicado e cuxas aliñacións pretendan manterse, poderá requirir a previsión no planeamento dunha variante do trazado da vía provincial coa correspondente reserva de terreo en solo rústico e a cláusula de solicitude á Deputación da transferencia de titularidade a favor do Concello do tramo de vía provincial afecta.

Consideracións sobre a documentación recibida.

Da análise da documentación recibida, compre salientar:

Na páxina 4 da Memoria Xustificativa parte 1 Información, indícase que o Concello conta con catro delimitacións de solo de núcleo rural, dúas das cales, as de Barcia e Cabaceira, aséntanse en estradas de titularidade provincial.

Na relación des estradas de titularidade provincial de páxina 39 da Memoria Xustificativa parte 1 Información atópanse dúas incorreccións:

A titularidade da estrada LU-P-5403 foi cedida ao Concello de Ribeira de Piquín, tras publicación no DOGA de data 16 de febreiro de 2021.

Non se atopa na lista a estrada LU-P-5404, de 164,00 m, que está incluída no Catálogo da Rede Viaria aprobado.

Ditos incorreccións tamén se atopan no cadro de etiquetado da páxina 19 da Memoria Xustificativa parte 2 xustificación e na páxina 7 da parte 3.1 Síntese.

A delimitación da zona de afección das estradas provinciais en solo rústico atópase correctamente grafada nos planos, de acordo co artigo 40 da LEG 8/2013, así como a liña límite de edificación fora de núcleos delimitados.

Nas fichas AMAP_02F dos núcleos deberían incluírse as coordenadas no sistema de referencia ETRS89 UTM29 de inicio e fin dos mesmos, para facilitar a súa delimitación e recoñecemento como treito urbano.

Como anexo a este informe achégase a relación de núcleos afectados por estradas provinciais, con delimitación de coordenadas no sistema de referencia ETRS89 UTM29, ao fin do seu recoñecemento como treitos urbanos.

Os anchos entre aliñacións nos núcleos rurais non están marcados en todos os núcleos. En todo caso, deberase xustificar a existencia de aliñacións menores aos anchos de 8,00 m a eixo, de acordo co artigo 23.3 da LEG 8/2013. Ditas xustificacións pódense incorporar nas fichas AMAP_02F.

No segundo tramo do núcleo de Ouviaña, na parroquia de Os Vaos, non se marca aliñación a pesar de que o núcleo linda coa estrada LU-P-4606.

No núcleo de Cabaceira, na parroquia de Santalla, a estrada provincial LU-P-1906 atópase incorrectamente localizada, non discorre pola parte este do núcleo, se non que a atravesa.

Sería desexable dispor en todos os planos cuadrículas de coordenadas no sistema de referencia ETRS89 UTM29, que servirían como guía para facilitar a identificación de elementos nos mesmos.

Nos planos as estradas atópanse localizables, ven sexa pola súa etiqueta (SX-IC-VIA-...) ou pola súa nomenclatura (LU-...), o que favorece a súa localización. Sería desexable diferenciar as cores segundo a administración titular da vía, para maior claridade, non só cambiar a tonalidade e o grosor.

Conclusiones.

Por todo o exposto anteriormente, á vista das observacións sobre a rede viaria provincial que se formulan nos documentos mencionados, referentes á fixación de aliñacións que non se consideran acordes aos criterios expostos nos apartados anteriores deste Informe, considérase necesaria a corrección do documento remitido do Plan Básico Municipal de Ribeira de Piquín.”

Por todo o que antecede, proponse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

Non emitir informe favorable á documentación recibida do Plan Básico Municipal de Ribeira de Piquín, no que afecta ás estradas de competencia desta Deputación Provincial, mentres



non se recollan as modificacións necesarias para adaptalo ao contido do apartado “Consideracións sobre a documentación recibida” do Informe do Servizo de Vías e Obras.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

10.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE RECTIFICACIÓN DE ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO POR CAMBIO DE TITULARIDADE DE FINCA EN EXPEDIENTE EXPROPIATORIO.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Proponse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

1º.- 94 POS 2005 O CORGO- CASTROVERDE “Sobrado-Souto de Torres”, ensanche e mellora do PK 3,330 ao 4,800.

Co base no informe do Xefe do Servizo de Expropiacións e Control de Proxectos que di:

No Servizo de Expropiacións e Control de Proxectos recibíuse solicitude sobre cambio de titularidade da finca 23 do expediente expropiatorio para a obra 94 POS 2005 O CORGO-CASTROVERDE “Sobrado-Souto de Torres”, ensanche e mellora do PK 3,330 ao 4,800. Unha vez examinado o expediente e a documentación achegada, procede rectificar a mencionada titularidade no seguinte senso:

Finca	Titularidade anterior	Nova titularidade
23	Francisco Riveira Arias	Francisco Ángel Riveira Doval

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

11.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONVOCATORIA DE CONCESIÓN DE AUTORIZACIÓN DE USO DOS HORTOS URBANOS DO RÍO RATO (3ª FASE).

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Medio Ambiente, do seguinte teor:

“Á vista da incoación do inicio da tramitación do expediente relativo á convocatoria para a concesión das autorizacións de uso dos hortos urbanos do parque do río rato (3ª fase) mediante concorrencia pública, asinada o 20.09.2021 baixo o CSV IV7FQXDLZV4JZFMDUAMXDZSPA4 polo Deputado Delegado da Area de Medio Ambiente.

Tendo en conta a consecución dos obxectivos e finalidades deste procedemento que baixo o CSV IV7FQ2TZKAB77JOOQT5NGRBFMA do 21.09.2021 sinala o Servizo de Medio Ambiente e no que formula que:

Logo da remodelación dos hortos urbanos do Parque do río Rato en decembro de 2019, realizáronse sendas convocatorias públicas co obxectivo da asignación individualizada das 150 parcelas dispoñibles, a primeira para usuarios que xa disfrutaran con anterioridade de un Horto no río Rato ou en Paradai (BOP nº 264 de 17 de novembro de 2020) e unha segunda fase aberta a poboación en xeral, na que se tiveron en conta criterios sociais á hora de valorar as solicitudes (BOP nº 072 de 30 de marzo de 2021).

Unha vez finalizadas estas dúas primeiras convocatorias, quedan libres os Hortos Nº 110 a 150, ambos incluídos, e é necesario o establecemento dun procedemento para a autorización de uso destes restantes hortos urbanos do río Rato e para a elaboración, de ser o caso, da correspondente listaxe de agarda ou reserva para a adxudicación dos hortos que queden vacantes debido a renuncias ou a procedementos sancionadores.

Tendo en conta que coa aprobación do Regulamento das Hortas urbanas ecolóxicas da Excma. Deputación Provincial de Lugo que foi publicado no BOP nº 156 do 9 de xullo de 2020 a



Deputación Provincial, e concretamente como cometido do Servizo de Medio Ambiente, articúlase o instrumento regulador para a xestión da utilización e uso do dominio público provincial seguinte:

Baixo a denominación de hortos urbanos do parque do río Rato referimos as parcelas de titularidade provincial que están inscritas baixo o epígrafe un, folio oitenta e nove do Libro Inventario Xeral de Bens e Dereitos desta Deputación Provincial de Lugo, pertencentes ao Concello de Lugo e cualificadas xuridicamente como bens de dominio público que se identifican segundo as seguintes referencias catastrais:

Lugar: Concello de Lugo	Referencia catastral
Parque do río Rato	27900A531000340000WE
Parque do río Rato	27900A531000330000WJ
Parque do río Rato	27900A531000350000WS

Así consta no Certificado do Libro de Inventario Xeral de Bens e Dereitos desta Deputación expedido o 9 de marzo de 2021 baixo o CSV IV7H6YKTYBJSWSEDAQP4EASW6Y.

Tendo en conta os informes asinados pola Secretaria Xeral Adxunta o 28.09.2021 baixo o CSV IV7FRSRCFJO77S5Y65XQKQTTOQ se estima adecuado á lexislación vixente para a súa proposta ante a Xunta de Goberno o procedemento de outorgamento de autorización en réxime de concorrencia e dos seus pregos reitores formulados polo Servizo de Medio Ambiente baixo o CSV IV7FQ2TZKAB77JOOQT5NGRBFMA do 21.09.2021.

Tendo en conta o informe do 14.10.2021 emitido pola Intervención provincial con CSV IV7F4WRIZV7IUSUDZRFDJYXAF4 que indica que, en relación á convocatoria para a concesión das autorizacións de uso dos hortos urbanos do parque do Río Rato (3ª fase), non supón ningún gasto nin ingreso, polo que non está suxeito a fiscalización limitada previa.

Polo exposto, tendo en conta os expresados informes e de conformidade ás previsións contidas na lexislación patrimonial, en particular na Lei 33/2003 de 3 de novembro do Patrimonio das Administracións Públicas, do Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais, e o Regulamento das Hortas urbanas ecolóxicas da

Excma. Deputación Provincial de Lugo, procédese a establecer as bases que rexerán no procedemento para a concesión de autorizacións de uso dos bens de dominio público provincial denominado Hortos do Río Rato (3ª fase) mediante concorrencia pública, a cuxos efectos propónse á Xunta de Goberno:

1º.- Realizar a convocatoria pública de participación para a solicitude de autorización de uso dos denominados Hortos do Río Rato (3ª fase) mediante concorrencia pública, tendo en conta o Regulamento das Hortas urbanas ecolóxicas da Excma. Deputación Provincial de Lugo publicado BOP nº 156 do 09.07.2020.

2º.- Aprobar as seguintes cláusulas pola que se rexera o presente procedemento:

Obxecto.

Os Hortos Urbanos do Parque do río Rato están situados no concello de Lugo nas parcelas catastrais:

27900A531000340000WE / 27900A531000330000WJ / 27900A531000350000WS

Serán obxecto deste procedemento os Hortos Urbanos do Parque do río Rato que se atopen vacantes, sendo na actualidade un total de 41 (do nº 110 ao nº 150) ou que queden libres debido a renuncias ou a procedementos sancionadores.

Os Hortos son individuais, de 30 metros cadrados e cunhas dimensións de 6x5 metros, delimitados mediante rasillóns cerámicos.

Réxime Xurídico.

Rexerán este procedemento de autorización as presentes Bases, o recollido no Regulamento das Hortas Urbanas Ecolóxicas da Excma. Deputación de Lugo (BOP nº 156 de 9 de xullo de 2020) e a Lei 33/2003, de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas.



En todo o non recollido na anterior normativa, serán de aplicación supletoria as normas contidas no Real Decreto 1372/1986 , de 13 de xuño, que aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais, a Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP) e a Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e as súas disposicións de desenvolvemento.

Destinatarios.

Para poder acceder á autorización para o uso dos Hortos Urbanos, as persoas ou entidades solicitantes deberán cumprir os seguintes requisitos:

Ser persoa física e maior de idade.

Ser representante acreditado de asociacións que estean inscritas regulamentariamente no rexistro de Asociacións.

Ser veciño de Lugo ou dalgún outro Concello limdeiro figurando como inscrito no padrón municipal correspondente.

Estar exento de obrigas coas administracións públicas de calquera tipo.

Así mesmo segundo o apartado 18 do Regulamento, non poderán acudir ao procedemento de outorgamento de autorización de uso de Hortos, as persoas que se atopen nos seguintes casos:

Aqueles que convivan con algunha persoa á cal se lle asignou un Horto, entendendo que conviven todas aquelas persoas empadroadas nun mesmo domicilio.

Tras verse revocada a autorización de uso da Horto a consecuencia da resolución dun expediente sancionador.

Posuír terreos no concello de Lugo con potencialidade de ser cultivados, isto no caso de novas adxudicacións.

Prazo da autorización.

A autorización outorgarase por un período de dous anos, sen prexuízo de posibles prórrogas. Esta non será transmisíble en ningún caso.

Gastos esixibles ao adxudicatario.

A autorización de uso outorgarase con carácter gratuíto e non se esixe a constitución de ningún tipo de garantía.

Presentación de solicitudes.

Prazo.

O prazo de presentación de solicitudes será de 10 días hábiles, a contar dende o seguinte a publicación do anuncio no BOP.

Forma de presentación.

Os interesados presentarán no Rexistro da Deputación de Lugo, na súa Sede electrónica (<https://sede.deputacionlugo.org/>) ou calquera outro medio dos establecidos no artigo 16.4 da LPACAP:

Copia do DNI ou documento que legalmente o substitúa.

Solicitud (Anexo I) debidamente cuberta e asinada.

Declaración responsable (Anexo II) asinada.

Quen compareza ou asine proposicións en nome doutra persoa ou entidade deberá acreditar a representación mediante documento orixinal, copia auténtica, lexitimada ou fotocopia compulsada da escritura do poder do representado, estar debidamente inscrita no rexistro mercantil (se este requisito fose esixible), certificado da súa representación ou calquera outro documento valido en Dereito que acredite a representación.

Certificado de empadramento do solicitante (no caso de non autorizar a súa consulta no Anexo II).



Certificado de estar ó corrente e coas obrigas tributarias expedidas pola Axencia Estatal da Administración Tributaria, de non ter débedas pendentes coa Comunidade Autónoma Galega e coa Deputación Provincial de Lugo e, de ser o caso, de estar ao corrente de pagamento coas obrigas da Seguridade Social (no caso de non autorizar a súa consulta no Anexo II).

A acreditación das circunstancias sociais e persoais que serán tidos en conta para a valoración no caso de que o número de solicitudes sexa superior ao de Hortos dispoñibles acreditaranse mediante a presentación de:

Desemprego: Vida laboral actualizada e Certificado da Oficina do Servizo Público de Emprego que acredite a condición de desempregado/a e o período de inscrición.

Renda per capita (IPREM): Copia da Declaración da renda do ano 2020 de todos os membros da unidade familiar.

Familia numerosa: Copia do libro de familia e a documentación complementaria necesaria en caso de supostos especiais.

Xubilado/a: Certificado do Instituto Nacional da Seguridade Social que acredite a condición de xubilado.

Asociacións: Acreditación de ser representante da asociación e estatutos da asociación ou Acreditación de representante de Centro Educativo ou colectivo de nais e pais xunto coa Inscrición no Rexistro de Asociacións, de ser o caso.

Mesa de seguimento.

O órgano competente para a concesión das autorizacións estará asistido pola Mesa de seguimento (Mesa), un órgano de asistencia encargado de cualificar e comprobar a documentación achegada polos solicitantes, requirir a subsanación de deficiencias e competente para a valoración das solicitudes e a demais documentación achegada polos interesados, elevando posteriormente a correspondente proposta de outorgamento.

A Mesa estará composta por tres funcionarios da Área de Medio Ambiente, os cales serán nomeados mediante Decreto da Presidencia.

Procedemento.

Unha vez finalizado o prazo de presentación de solicitudes, a Mesa reunirse para examinar a documentación presentada polos interesados, determinando se existe algunha causa de exclusión por incumprimento dos requisitos da convocatoria.

No caso de que o número de solicitudes supere ó de Hortos vacantes (41), requirirá aos solicitantes a presentación da documentación acreditativa das circunstancias que serán tidas en conta na valoración das solicitudes, de acordo co punto 6.2 apartado 6 destas bases, no Rexistro Xeral da Deputación de Lugo, no prazo de 10 días hábiles, dende a recepción da correspondente notificación.

Valoración de solicitudes.

No caso de que o número de solicitudes admitidas sexa menor que o de Hortos libres, procederase ao sorteo dos Hortos dispoñibles entre os solicitantes admitidos no procedemento, en caso contrario, será precisa unha valoración previa, para a asignación dos Hortos mediante un procedemento de concorrencia no cal se valorarán aspectos de carácter social, establecendo unha orde de asignación e creando unha listaxe de reserva.

Criterios de valoración persoas físicas.

Ser desempleado/a e demostralo coa presentación dunha vida laboral actualizada e Certificado da Oficina do Servizo Público de Emprego correspondente, na que acredite a condición de desempleado e o período de inscrición. (Máximo 4 puntos):

Desempleado/a de longa duración + de 24 meses (incluído) (4 puntos).

Desempleado/a longa duración entre 12 (incluído) e 24 meses (3 puntos).

Desempleado/a duración inferior a 12 meses (2 puntos).



Ter unha renda per cápita anual que non supere ao 100% do IPREM (7.908,60 €), acreditando esta situación cunha fotocopia da Declaración da Renda do ano 2020 de todos os membros da unidade familiar. (Máximo 2 puntos):

Renda per cápita anual inferior ao 75% do IPREM (2 puntos).

Renda per cápita anual entre o 75% e o 100% (incluído) do IPREM (1 punto).

Ser familia numerosa, condición que se acreditará mediante fotocopia do libro de familia, e a documentación complementaria necesaria en caso de supostos especiais. (Máximo 2 puntos):

Familias con máis de 3 descendentes (2 puntos).

Familias con 3 descendentes (1 punto).

Xubilado/a, acreditando dita condición mediante a presentación do correspondente certificado.

(1 punto).

Criterios de valoración Asociacións – Colectivos.

Ser representante dunha asociación sen ánimo de lucro que actúe no campo de persoas con discapacidade, en risco de exclusión social, con colectivos vinculados ao medio ambiente... e que solicite ese Horto para o colectivo da Asociación. O outorgamento de Hortos, para as asociacións vinculadas a persoas con dificultades de mobilidade, estará limitado ao número de Hortos adaptados existentes. (5 puntos).

Ser representante de Centros educativos (Director ou representante legal) ou representante de Asociacións de Nais e Pais (Presidente ou representante legal) de centros educativos. (4 puntos).

No caso de solicitudes como representante de Asociación ou colectivo:

Os solicitantes deberán acreditar a súa función dentro dos devanditos colectivos e aportar acreditación como representante da asociación, entidade ou centro escolar; así como as escrituras da asociación e a Inscripción no Rexistro de Asociacións correspondente.

Ó ser limitados os espazos existentes, no caso de empate na puntuación realizarase un desempate nun sorteo público que se anunciará cunha antelación mínima de 3 días hábiles, mediante a publicación da data, hora e lugar do mesmo no taboleiro de anuncios da Deputación de Lugo e na web da Deputación de Lugo.

Listaxe provisional e definitiva.

A Mesa é a encargada de examinar o cumprimento dos requisitos e circunstancias de cada unha das solicitudes admitidas no procedemento e de proceder a súa valoración. Dita valoración publicarase no taboleiro de anuncios da Deputación de Lugo, e de ser o caso, incluírá a relación valorada da listaxe de reservas das solicitudes que non acadaron Horto.

No caso de empates na puntuación, o desempate realizarase mediante un sorteo ao chou.

As listaxes publicaranse no taboleiro de anuncios da Deputación de Lugo e na web da Deputación de Lugo, estando exposta para a súa consulta durante 10 días naturais, prazo durante o cal os interesados poderán presentar as alegacións que consideren.

No caso de non recibir alegacións, ás listaxes publicadas pasarán a ser definitivas. En caso de que existan alegacións, a Mesa resolverá sobre o seu contido, facendo pública unha nova listaxe, nos mesmos medios, que será definitiva.

A listaxe de reservas deberá estar numerada por orde de puntuación e terá unha validez de 2 anos dende a súa publicación definitiva.

Sorteo de Hortos.



A asignación individualizada de cada Horto realizarase ao chou, entre os solicitantes admitidos, mediante un sorteo público, correspondendo un Horto por cada solicitante e por unidade familiar.

O sorteo terá lugar as 10:00 horas do terceiro luns do terceiro mes, seguinte ao da publicación no BOP desta convocatoria.

O sorteo realizarase nas dependencias da Deputación Provincial de Lugo, sitas na rúa San Marcos, 8 (Lugo).

Proposta de outorgamento.

Unha vez publicada a listaxe definitiva de admitidos e de reserva, e unha vez efectuado o sorteo público, a Mesa fará unha proposta de outorgamento ao órgano competente para outorgar as autorizacións no que se indique individualmente o Horto asignado a cada interesado. Dita proposta non creará dereito ningún a favor do solicitante proposto.

O órgano competente poderá, sempre antes de proceder á autorización, renunciar ao seu outorgamento por razóns de interese público debidamente xustificadas no expediente, ou desistir do procedemento en caso de producirse unha infracción non emendable das normas de preparación ou das reguladoras do presente procedemento.

Cando o órgano competente non resolva segundo a proposta formulada pola Mesa deberá motivar a súa decisión.

O outorgamento da presente autorización de uso notificarase aos candidatos procedendo a asinar o documento administrativo de autorización de uso do dominio público que os autorizará ao uso da parcela asignada nos Hortos Urbanos do Parque do río Rato, durante o período de 2 anos.

Xurisdición competente e interposición de recursos.

As diferenzas que poidan xurdir entre a Deputación de Lugo e o adquirente en canto á interpretación, modificación, resolución e efectos destas cláusulas serán resoltas polo respectivo órgano provincial poñendo os seus acordos fin á vía administrativa. Todos os litixios, preitos ou cuestións xudiciais que deriven desta autorización de uso someteranse aos Tribunais competentes con xurisdición en Lugo.

Contra as resolucións que poñan fin a vía administrativa, poderá interpoñerse polos interesados recurso de reposición, ante o Presidente da Excm. Deputación Provincial de Lugo, no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado Contencioso– Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses, ou a interposición de calquera outro recurso que se considere procedente.

Outras consideracións.

Os solicitantes, coa presentación da solicitude de participación neste procedemento, comprométese ao cumprimento do Regulamento das Hortas Urbanas Ecolóxicas da Excm. Deputación Provincial de Lugo, ao mantemento da orde, estado e convivencia nos Hortos e ao mantemento en boas condicións dos materiais e instalacións necesarias para o funcionamento e cultivo dos mesmos.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

12.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA RENUNCIA DUNHA ENTIDADE Á PARTICIPACIÓN NO PROGRAMA COÑECE A TÚA PROVINCIA (ANUALIDADE 2021).

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:



“Visto o escrito presentado por D. Emilio Carral Vilariño con DNI ***4671** en representación da entidade Asoc de Veciños O Pazo Santa Mariña con NIF G27201102 en data 15 de outubro de 2021 e con nº de Rexistro de entrada 2021RPE028923 no que renuncia á participación no Programa Coñece a túa Provincia.

Vistas as bases da convocatoria do Programa Coñece a túa Provincia (anualidade 2021), aprobadas en Xunta de Goberno de data 18 de xuño de 2021 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Lugo o 30 de xuño de 2021.

Visto o acordo de Xunta de Goberno de data 13 de agosto de 2021 polo que se aproba a listaxe de entidades admitidas, en agarda e solicitudes excluídas para a participación no Programa Coñece a túa Provincia (anualidade 2021) e publicado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo de data 16 de agosto de 2021.

Visto o informe do Servizo de Turismo.

A Deputada- Delegada que subscribe propón que pola Xunta de Goberno se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar a renuncia da Asoc de Veciños O Pazo Santa Mariña con NIF G27201102 para a participación no Programa Coñece a túa Provincia (anualidade 2021).

2º.- Recurrir á lista de entidades en agarda para asignar as prazas concedidas a esta asociación, de acordo co establecido nas bases reguladoras do programa.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

13.- PROPOSTA DE CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA DESTINADAS A INVESTIMENTOS EN INSTALACIÓNS DE CARÁCTER CULTURAL E PARA EQUIPAMENTOS CULTURALS

REALIZADOS POR ASOCIACIÓN CULTURAS DA PROVINCIA DE LUGO NA ANUALIDADE 2021.

Logo de ver a proposta da Vicepresidencia do seguinte teor:

“Tendo en conta que a Xunta de Goberno de data 2 de xullo de 2021 acordou á aprobación das Bases da convocatoria e os modelos de solicitude de concesión de subvencións en réxime de concorrencia competitiva, para a concesión de subvencións destinadas a investimentos en instalacións de carácter cultural e para equipamentos culturais realizados por asociacións culturais da Provincia de Lugo na anualidade 2021.

Tendo en conta que o correspondente anuncio do extracto das Bases, dos modelos e da convocatoria se publicou no BOP nº 156 de 10 de xullo de 2021.

Tendo en conta o previsto no punto 6 das Bases da convocatoria “Avaliación de solicitudes”, en réxime de concorrencia competitiva, para a concesión de subvencións destinadas a investimentos en instalacións de carácter cultural e para equipamentos culturais realizados por asociacións culturais da Provincia de Lugo, anualidade 2021, que reflicte que se constituirá unha Comisión de Avaliación que se encargará da valoración das solicitudes presentadas e formulará unha proposta a través do órgano instructor consonte ao disposto no artigo 24 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Tendo en conta o previsto no punto 10, “Acordos de resolución e comunicación/notificacións”, onde se prevé que o órgano instructor, á vista do expediente e do informe da Comisión de Valoración, efectuará a proposta de resolución provisional, motivada, á Xunta de Goberno e que o acordo de resolución provisional será notificada aos interesados, concedéndolles un prazo de dez días para presentar alegacións.

Tendo en conta que finalizado, no seu caso, o trámite de audiencia sen formularse alegacións, o acordo de resolución provisional terá carácter definitivo e procederase á publicación no BOP e na páxina web da Deputación de Lugo www.deputacionlugo.org do anuncio correspondente para o seu coñecemento e efectos oportunos.



Tendo en conta que, nesta convocatoria se presentaron as solicitudes incluídas na listaxe de desagregación de orzamentos que se achegan no expediente e na acta da comisión de avaliación correspondente, cuxos expedientes foron aceptados pola Comisión coa documentación que acompañan ás solicitudes.

Tendo en conta que para esta convocatoria os criterios empregados para a súa avaliación foron os recollidos nas normas específicas da convocatoria aprobadas polo órgano competente.

Visto que para estes efectos, se achega a listaxe na que se inclúen os solicitantes propostos para a concesión de subvencións.

Tendo en conta que, con data 29 de setembro de 2021, se constituíu a Comisión de Avaliación prevista, que acordou elevar informe de proposta de concesión de acordo co establecido nas Bases.

Tendo en conta que o orzamento previsto no punto 5 “Orzamento” das Bases da Convocatoria é de 71.000,00 €.

Por todo o exposto:

Á vista do informe da Comisión de Avaliación.

Á vista do informe do Servizo de Cultura, Patrimonio Histórico-Artístico e Normalización Lingüística.

Á vista do informe do Servizo de Intervención.

A Deputada Delegada que subscribe, propón á Xunta de Goberno, en base á proposta da Comisión de Avaliación:

1º.- Aprobar a resolución provisional de concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para a concesión de subvencións destinadas a investimentos en instalacións de carácter cultural e para equipamentos culturais realizados por asociacións culturais da Provincia de Lugo, na anualidade 2021, de acordo aos criterios de determinación do importe da subvención reflectidos nos puntos 6 e 7 das Bases da convocatoria, segundo as especificacións que constan nas listaxes que se achegan anexadas á acta da Comisión da Avaliación.

2º.- O presente acordo de carácter provisional terá carácter definitivo no caso de finalizar o trámite de audiencia sen que se formulen alegacións e procederase á publicación no BOP e na páxina web da Deputación de Lugo www.deputacionlugo.org do anuncio correspondente para o seu coñecemento e efectos oportunos.

3º.- Notificar o presente acordo provisional aos beneficiarios de acordo ao previsto no punto 10 das Bases da convocatoria, Acordos de resolución e comunicación/notificacións, concedéndolles un prazo de dez días para presentar alegacións.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

14.- PROPOSTA DE CONCESIÓN DE SUBVENCIONES EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA DESTINADAS A ENTIDADES ASOCIATIVAS CULTURAIS DA PROVINCIA DE LUGO PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE INTERESE CULTURAL NA ANUALIDADE 2021.

Logo de ver a proposta da Vicepresidencia do seguinte teor:

“Tendo en conta que a Xunta de Goberno de data 2 de xullo de 2021 acordou á aprobación das Bases da convocatoria e os modelos de solicitude de concesión de subvencións en réxime de concorrencia competitiva, para a concesión de subvencións destinadas a entidades asociativas culturais da provincia de Lugo para a realización de actividades de interese cultural na anualidade 2021.



Tendo en conta que o correspondente anuncio do extracto das Bases, dos modelos e da convocatoria se publicou no BOP nº 156 de 10 de xullo de 2021.

Tendo en conta o previsto no punto 6 das Bases da convocatoria “Avaliación de solicitudes”, en réxime de concorrencia competitiva, para a concesión de subvencións destinadas a entidades asociativas culturais da provincia de Lugo, para a realización de actividades de interese cultural, anualidade 2021, que reflicte que se constituirá unha Comisión de Avaliación que se encargará da valoración das solicitudes presentadas e formulará unha proposta a través do órgano instructor consonte ao disposto no artigo 24 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Tendo en conta o previsto no punto 10, “Acordos de resolución e comunicación/notificacións”, onde se prevé que o órgano instructor, á vista do expediente e do informe da Comisión de Valoración, efectuará a proposta de resolución provisional, motivada, á Xunta de Goberno e que o acordo de resolución provisional será notificada aos interesados, concedéndolles un prazo de dez días para presentar alegacións.

Tendo en conta que finalizado, no seu caso, o trámite de audiencia sen formularse alegacións, o acordo de resolución provisional terá carácter definitivo e procederase á publicación no BOP e na páxina web da Deputación de Lugo www.deputacionlugo.org do anuncio correspondente para o seu coñecemento e efectos oportunos.

Tendo en conta que, nesta convocatoria se presentaron as solicitudes incluídas na listaxe de desagregación de orzamentos que se achegan no expediente e na acta da comisión de avaliación correspondente, cuxos expedientes foron aceptados pola Comisión coa documentación que acompañan ás solicitudes.

Tendo en conta que para esta convocatoria os criterios empregados para a súa avaliación foron os recollidos nas normas específicas da convocatoria aprobadas polo órgano competente.

Visto que para estes efectos, se achega a listaxe na que se inclúen os solicitantes propostos para a concesión de subvencións.

Tendo en conta que, con data 29 de setembro de 2021, se constituíu a Comisión de Avaliación prevista, que acordou elevar informe de proposta de concesión de acordo co establecido nas Bases.

Tendo en conta que o orzamento previsto no punto 5 “Orzamento” das Bases da Convocatoria é de 130.000,00 €.

Por todo o exposto:

Á vista do informe da Comisión de Avaliación.

Á vista do informe do Servizo de Cultura, Patrimonio Histórico-Artístico e Normalización Lingüística.

Á vista do informe do Servizo de Intervención.

A Deputada Delegada que subscribe, propón á Xunta de Goberno, en base á proposta da Comisión de Avaliación:

1º.- Aprobar a resolución provisional de concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para a concesión de subvencións destinadas a entidades asociativas culturais da provincia de Lugo, para a realización de actividades de interese cultural, na anualidade 2021, de acordo aos criterios de determinación do importe da subvención reflectidos nos puntos 6 e 7 das Bases da convocatoria, segundo as especificacións que constan nas listaxes que se achegan anexadas á acta da Comisión da Avaliación.

2º.- O presente acordo de carácter provisional terá carácter definitivo no caso de finalizar o trámite de audiencia sen que se formulen alegacións e procederase á publicación no BOP e na páxina web da Deputación de Lugo www.deputacionlugo.org do anuncio correspondente para o seu coñecemento e efectos oportunos.



3º.- Notificar o presente acordo provisional aos beneficiarios de acordo ao previsto no punto 10 das Bases da convocatoria, Acordos de resolución e comunicación/notificacións, concedéndolles un prazo de dez días para presentar alegacións.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

15.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CORRECCIÓN DE ERRO NA DENOMINACIÓN DA ACTIVIDADE NA CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS EN CONCORRENCIA COMPETITIVA PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE INTERESE CULTURAL NA ANUALIDADE 2018.

Logo de ver a proposta da Vicepresidencia do seguinte teor:

“Detectado erro material na denominación da actividade:

En relación cos expedientes dos beneficiarios de subvencións concedidas por acordo da Xunta de Goberno desta Excm. Deputación Provincial, a proposta da Mesa Técnica, na sesión do día 10 de agosto de 2018, onde se resolveu o concurso convocado, segundo o anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia núm. 186, do martes 14 de agosto de 2018, para a concesión de subvencións destinadas a entidades asociativas culturais da Provincia de Lugo para a realización de actividades de interese cultural na anualidade 2018.

Onde dí,

“A Deputada Delegada que subscribe, propón a Xunta de Goberno, en base á proposta da Comisión de Valoración:”

1.- Conceder as subvencións individualizadas que figuran na relación que se acompaña:

N.º REXISTRO	ENTIDADE	CIF	DENOMINACIÓN ACTIVIDADE	IMPORTE
16.821	ASOC. CORO OS CASTROS DE CANGAS	G27434760	ENCONTRO DE COROS RURAIS EN CANGAS E FESTIVAL MÚSICA NA RÚA	760,00

Debe dicir,

“A Deputada Delegada que subscribe, propón a Xunta de Goberno, en base á proposta da Comisión de Valoración:”

1.- Conceder as subvencións individualizadas que figuran na relación que se acompaña:

N.º REXISTRO	ENTIDADE	CIF	DENOMINACIÓN ACTIVIDADE	IMPORTE
16.821	ASOC. CORO OS CASTROS DE CANGAS	G27434760	ENCONTRO DE COROS RURAIS EN CANGAS	760,00

Por todo o exposto, a Deputada Delegada que subscribe, propón á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

1º.- Corrección de erro na denominación da actividade na concesión de subvencións destinadas a entidades asociativas culturais da Provincia de Lugo para a realización de actividades de interese cultural, anualidade 2018.

N.º REXISTRO	ENTIDADE	CIF	DENOMINACIÓN ACTIVIDADE	IMPORTE
16.821	ASOC. CORO OS CASTROS DE CANGAS	G27434760	ENCONTRO DE COROS RURAIS EN CANGAS	760,00

2º.- Que se notifique aos interesados o acordo adoptado pola Xunta de Goberno.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

16.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE PERDA DO DEREITO AO COBRO DAS SUBVENCÍONS CONCEDIDAS POLO PROCEDIMENTO DE



CONCORRENCIA COMPETITIVA DESTINADAS A ENTIDADES ASOCIATIVAS CULTURAIS DA PROVINCIA DE LUGO, PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE INTERESE CULTURAL NA ANUALIDADE 2020.

Logo de ver a proposta da Vicepresidencia do seguinte teor.

“En relación aos expedientes de xustificación das entidades asociativas culturais, correspondentes ás subvencións concedidas por acordo da Xunta de Goberno do día 18 de decembro de 2020, ao abeiro da convocatoria do procedemento de concorrencia competitiva para a concesión de subvencións destinadas á realización de actividades de interese cultural, ano 2020, convocado mediante extracto da convocatoria publicado no BOP N.º 203, da data 4 de setembro de 2020.

Visto o informe do Servizo de Cultura, no que se indica que:

1.- Na Xunta de Goberno do día 28 de agosto de 2020, aprobáronse, entre outros asuntos, as bases da convocatoria, en réxime de concorrencia competitiva, para a concesión de subvencións destinadas á realización de actividades de interese cultural, anualidade 2020, así como o gasto correspondente e os modelos de solicitude e xustificación que deberían de rexer no procedemento de concorrencia para a concesión.

2.- Con data 4 de setembro de 2020 a convocatoria publicase no Boletín Oficial da Provincia número 203, pola Base de Datos Nacional de Subvencións, concedendo un prazo de 10 días hábiles para a presentación de solicitudes, a contar dende o día seguinte á publicación no BOPdo extracto da convocatoria.

3.- Con data 18 de decembro de 2020, por acordo da Xunta de Goberno, aprobouse a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para a concesión de subvencións destinadas á realización de actividades de interese cultural, anualidade 2020, así como as solicitudes desestimadas.

4.- Con data 31 de decembro de 2020, dáse publicidade no Boletín Oficial da Provincia de Lugo número 300, a listaxe de subvencións concedidas e desestimadas pola Xunta de Goberno de data 18 de decembro de 2020.

5.- O punto 11 das referidas bases, denominada “Xustificación e aboamento das subvencións”, recolle a documentación que as entidades beneficiarias teñen que presentar para proceder ao pago da subvención, unha vez aprobada a conta xustificativa.

6.- A cláusula 12 das mesmas bases, baixo o epígrafe “Prazos de xustificación”, prevé: “Unha vez finalizada a actuación e no prazo establecido, as entidades beneficiarias das axudas deberán xustificar o cumprimento da finalidade da acción ou comportamento subvencionado.

A rendición da conta xustificativa constitúe un acto obrigatorio do beneficiario, e a súa presentación realizarase no prazo de tres meses a contar a partir da execución da actividade e, en calquera caso, rematará o 31 de marzo de 2021.

(...)

Logo de transcorrer o prazo establecido da xustificación das subvencións sen que a conta xustificativa fose presentada diante desta Deputación, o órgano de xestión requirirá ao beneficiario da mesma para que no prazo improrrogable de quince días sexa presentada. A falta de presentación da xustificación neste prazo adicional levará consigo a perda do dereito ao cobro total da subvención –previo trámite do expediente. Na declaración de perda de dereito (...) tramitarase o correspondente procedemento con audiencia do interesado”.

7.- Unha vez rematados os prazos de presentación das contas xustificativas, correspondentes ás entidades culturais, revísase a documentación presentada e constátase que presenta deficiencias dacordo as Bases da Convocatoria para a xustificación das subvencións concedidas. Por este motivo, a Presidencia desta Deputación resolveu requirir ás asociacións relacionadas, para que no prazo improrrogable de 10 días, presenten a documentación requerida, advertíndoselles que a non presentación da documentación xustificativa requirida no prazo sinalado, levará consigo a perda do dereito ao cobro da subvención, previo trámite do expediente. Polo tanto, envíase notificación aos interesados, dando conta da Resolución da Presidencia citada.



8.- Despois de revisar a documentación achegada polas distintas asociación, como contestación ao requirimento, obsérvase que a documentación achegada non resolve as deficiencias atopadas polo Servizo de Cultura na súa revisión, polo que a Presidencia desta Excm. Deputación de Lugo, resolveu iniciar o expediente de perda de dereito ás subvencións de concorrencia competitiva, destinadas a entidades asociativas culturais da Provincia de Lugo, no ano 2020, aprobadas pola Xunta de Goberno de 28 de agosto de 2020, por incumprimento da obriga de xustificación en virtude dos artigos 34.3 e 37 da LXS.

9.- En relación a esta Resolución de Presidencia, envíase notificación aos interesados, na que se lles comunica, que dispoñen dun prazo de 10 días de trámite de audiencia segundo o establecido no artigo 82 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas para alegar e presentar os documentos e xustificacións que estimen pertinentes e que xa lles foron requeridos no seu momento.

10.- Transcorrido o prazo de 10 días, establecido para o trámite de audiencia, as asociacións relacionadas non presentan, ante este organismo, ningún documento dos requeridos ou a presentación da documentación non subsana as deficiencias atopadas polo Servizo de Cultura.

Tendo en conta o sinalado pola Xefatura de Servizo da Área de Cultura, Patrimonio Histórico-Artístico e Normalización Lingüística, a Deputada Delegada que subscribe, propón á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

1º.- Que se declare a perda do dereito ao cobro total das subvencións concedidas, ás Asociacións que se relacionan, mediante acordo da Xunta de Goberno de data 18 de decembro de 2020, polo que se resolveu o concurso de subvencións destinadas á realización de actividades de interese cultural, anualidade 2020, convocado mediante anuncio publicado no BOP nº 203 de 4 de setembro de 2020, por incumprimento da obriga de xustificación en virtude dos artigos 34.3 e 37 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións e dos puntos 11 e 12 das Bases da convocatoria, e despois de transcorrer o prazo de Audiencia concedido, sen presentar alegacións nin documentación algunha.

EXPEDIENTE	ENTIDADE	ACTIVIDADE	IMPORTE
2020RT006023	ASOCIACIÓN COLECTIVO EGERIA	PROXECTO MANUEL RODRÍGUEZ LÓPEZ	2.192,00
2020RT006296	ASOCIACIÓN CULTURAL DE ANDRADE	CLASES DE PANDEIRETA E BAILE	2.684,00
2020RT006297	ASOCIACIÓN CULTURAL EN MOVEMENTO	CLASES DE BAILE MODERNO	2.962,00
2020RT006372	ASOCIACIÓN CULTURAL PROA DE VIVEIRO	A TRASTENDA DE NICOMEDES DE VIVEIRO	2.000,00
2020RT006581	ASOCIACIÓN SOCIAL CULTURAL DOS VECIÑOS DE LANZÓS	CELEBRACIÓN DO ENTROIDO E ANINOVO	900,00
2020RT006619	ASOC. CULTURAL E DEPORTIVA DE ÁRBOL	OBRADOIROS DE MÚSICA TRADICIONAL E TEATRO	2.070,00
2020RT006775	ASOCIACIÓN CARPE DIEM LUGO	VIAXE CULTURAL	642,00
2020RT006792	AGRUPACIÓN DE NAI S E PAIS DE ALUMNOS A ULLOA DE PALAS DE REI	XORNADAS MEDIOAMBIENTAIS – MUSICAIS	2.962,00
2020RT006809	ASOC. LEÑA VERDE DE POL	ENTROIDO E MAGOSTO	1.836,00
2020RPE013844	ASOC. MULLERES RURAIS “COUSAS NOSAS”	OBRADOIRO DE INGÉS E CONCURSO INFANTIL DE DISFRACES ENTROIDO	630,00

2º.- Que se notifique aos interesados o acordo adoptado pola Xunta de Goberno.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

17.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA DESTINADAS A ENTIDADES E CLUBS DEPORTIVOS DA PROVINCIA DE LUGO NA ANUALIDADE 2021.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica, do seguinte teor:

“Tendo en conta que a Xunta de Goberno, en sesión celebrada o pasado 11 de xuño de 2021, aprobou ás bases e os modelos de solicitude do procedemento de concorrencia competitiva para concesión de subvencións destinadas a entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo anualidade 2021.



Tendo en conta que o extracto do acordo da Xunta de Goberno polo que se aproba a convocatoria foi publicado no Boletín Oficial da Provincia núm. 138 do sábado 19 de xuño de 2021.

Tendo en conta que de conformidade co punto 6º das Bases do concurso de subvencións destinadas a entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo, para tal efecto constituirase unha Comisión de Avaliación que se encargará da valoración das solicitudes presentadas e formulará unha proposta a través do órgano instrutor consonte ao disposto no Artigo 24 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Tendo en conta que, nesta convocatoria se presentaron as solicitudes incluídas nas listaxes que se acompañan, cuxos expedientes foron aceptados pola Comisión de Avaliación coa documentación que acompañan as solicitudes para participar no concurso.

Tendo en conta que para esta convocatoria os criterios empregados para a súa avaliación e valoración foron os recollidos na norma específica do concurso despois da aprobación polo órgano competente.

Tendo en conta que, para estes efectos, achéganse as respectivas listaxes nas que inclúen os solicitantes propostos para cadansúa liña de subvencións prevista nas bases da convocatoria e no seu caso as solicitudes desestimadas, por se presentaren fóra de prazo, non se axustaren as bases do concurso ou teren presentado desistencia.

Tendo en conta que, con data 15 de outubro de 2021 se constituíu a Comisión de Avaliación, para informe de avaliación de solicitudes e formulación de proposta a través do órgano instrutor de concesión de subvencións e de desestimación das solicitudes que figuran como tal nas listaxes que se achegan e se anexan á acta da Comisión e expediente.

Tendo en conta que no punto 10. Acordos de resolución e notificacións se prevé que o órgano instrutor, á vista do expediente e do informe da Comisión de valoración, efectuará a proposta de resolución provisional, motivada, á Xunta de Goberno e que o acordo de resolución

provisional será notificada aos interesados, concedéndolles un prazo de dez días para presentar alegacións.

Tendo en conta que finalizado, no seu caso, o trámite de audiencia sen formularse alegacións, o acordo de resolución provisional terá carácter definitivo e procederase á publicación no BOP e na paxina web da Deputación de Lugo www.deputacionlugo.org do anuncio correspondente para o seu coñecemento e efectos oportunos.

Tendo en conta que os importes de subvencións suman os seguintes totais, de acordo coas liñas de axudas previstas nas bases da convocatoria e cos importes que se indican:

Subvencións destinadas a entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo.

FINALIDADE	IMPORTE
ACTIVIDADE COMPETITIVA FEDERADA	470.000 €
EVENTOS DEPORTIVOS	30.000 €
TOTAL	500.000 €

Por todo o exposto,

Á vista do informe da Comisión de avaliación.

Á vista do informe do servizo de Deportes.

Visto o informe do servizo de Intervención.

O Deputado Delegado que subscribe, propón a Xunta de Goberno, en base a proposta da Comisión de Valoración;

1º.- Aprobar a resolución provisional de concesión de subvencións en réxime de concorrencia competitiva destinadas a entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo, anualidade 2021, de acordo aos criterios xerais para a valoración das solicitudes reflectidos na base 6 e ao previsto na base 7 respecto do importe e cálculo da subvención das bases da convocatoria,



segundo as especificacións que constan nas listaxes que se achegan anexadas á acta da Comisión de avaliación.

2º.- O presente acordo de carácter provisional, terá carácter definitivo no caso de finalizar o tramite de audiencia sen que se formulasen alegacións e procederase á publicación no BOP e na paxina web da Deputación de Lugo www.deputacionlugo.org do anuncio correspondente para o seu coñecemento e efectos oportunos.

3º.- Notificar o presente acordo provisional aos beneficiarios de acordo ao previsto na base 10 da convocatoria, concedéndolles un prazo de dez días para presentar alegacións.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

18.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONCESIÓN DE PREMIOS PARA DEPORTISTAS INDIVIDUAIS DA PROVINCIA DE LUGO, DISCIPLINA AUTOMOBILISMO, ESPECIALIDADE RALLY DE ASFALTO, TERRA OU MONTAÑA E VEHÍCULOS HISTÓRICOS NA ANUALIDADE 2021.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica, do seguinte teor:

“Tendo en conta que, pola Xunta de Goberno de data dezaseis de xullo de dous mil vinte e un se lles prestou aprobación ás bases da convocatoria do procedemento para a concesión de premios para deportistas individuais da provincia de Lugo, disciplina automobilismo, especialidade rally de asfalto, terra ou montaña e vehículos históricos, na anualidade 2021.

Tendo en conta que o extracto das Bases da convocatoria aprobadas en Xunta de Goberno celebrada o día 16 de xullo de 2021 se publicou no Boletín Oficial da Provincia núm. 168 do sábado, 24 de xullo de 2021.

Tendo en conta que de conformidade co punto 8º das Bases do procedemento de premios para deportistas individuais da provincia de Lugo, disciplina automobilismo, especialidade rally de asfalto, terra ou montaña e vehículos históricos, na anualidade 2021, para tal efecto constituirase unha Comisión de Avaliación que se encargará da valoración das solicitudes presentadas e formulará unha proposta a través do órgano instrutor consonte ao disposto no Artigo 24 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Tendo en conta que, nesta convocatoria se presentaron as solicitudes de premios incluídos na listaxe que se acompaña, cuxos expedientes foron aceptados pola Comisión de Avaliación coa documentación que acompañan as solicitudes para participar no procedemento e que obra nos respectivos expedientes electrónicos.

Tendo en conta que os criterios empregados para a súa avaliación e valoración foron os recollidos na norma específica do concurso trala aprobación polo órgano competente e que para estes efectos, achéganse as listaxes nas que inclúen os/as solicitantes propostos e que van asinadas para os efectos.

Tendo en conta que, con data e 15 de outubro de 2021 se constituíu a Comisión de Avaliación establecida nas Bases, que acorda formular informe de avaliación para a concesión de premios para deportistas individuais da provincia de Lugo, disciplina automobilismo, especialidade rally de asfalto, terra ou montaña e vehículos históricos na anualidade 2021.

Tendo en conta que no punto Décimo. Acordos de resolución e notificacións se prevé que o órgano instrutor, á vista do expediente e do informe da Comisión de valoración, efectuará a proposta de resolución provisional, motivada, á Xunta de Goberno e que o acordo de resolución provisional será notificada aos interesados, concedéndolles un prazo de dez días para presentar alegacións.

Tendo en conta que finalizado, no seu caso, o trámite de audiencia sen formularse alegacións, o acordo de resolución provisional terá carácter definitivo e procederase á publicación no BOP e na paxina web da Deputación de Lugo www.deputacionlugo.org do anuncio correspondente para o seu coñecemento e efectos oportunos.



A vista da avaliación e informe da Comisión de Avaliación.

Visto o informe de servizo de Deportes.

Visto o informe de Intervención.

O Deputado Delegado que subscribe, propón a Xunta de Goberno, en base a proposta da Comisión de Valoración;

1º.- Aprobar a resolución provisional de concesión de premios para deportistas individuais da provincia de Lugo, disciplina automobilismo, especialidade rally de asfalto, terra ou montaña e vehículos históricos na anualidade 2021, de acordo aos criterios de valoración e número de premios e contías previstos nas bases da convocatoria, segundo as especificacións que constan nas listaxes que se achegan anexadas á acta da Comisión de avaliación.

Nº REXISTRO	SOLICITANTE	NIF	IMPORTE PREMIO
2021/CCP_01/000178	CLEMENTE ALVES BELLO	***5043**	2.500,00 €
2021/CCP_01/000193	ADRIAN DIAZ PEREZ	***4577**	2.500,00 €
2021/CCP_01/000194	PEDRO REIJA DIAZ	***4187**	2.500,00 €
2021/CCP_01/000195	JOSE ANTONIO ALONSO LISTE	***4725**	2.500,00 €
2021/CCP_01/000196	ELOY SAA FERNANDEZ	***5327**	2.500,00 €
2021/CCP_01/000197	FRANCISCO DORADO VIZCAINO	***5176**	2.500,00 €
2021/CCP_01/000198	CESAR DIAZ PEREZ	***4577**	2.500,00 €
2021/CCP_01/000199	DIEGO CAMUÑAS IGLESIAS	***8386**	2.500,00 €
2021/CCP_01/000200	RUBEN LOPEZ LOPEZ	***5304**	2.500,00 €
2021/CCP_01/000201	OSCAR VEIGA BELLO	***3817**	2.500,00 €
2021/CCP_01/000202	ANTONIO FERNANDEZ VALCARCEL	***3677**	2.500,00 €
2021/CCP_01/000203	AITOR COTO VAZQUEZ	***3953**	2.500,00 €
2021/PES_03/015605	IAGO ALVAREZ TORRON	***5791**	2.500,00 €
2021/PES_03/015630	MARCOS DIAZ DIAS	***8011**	2.500,00 €
2021/PES_03/015677	FRANCISCO LOPEZ RIVAS	***4950**	2.500,00 €
2021/PES_03/015694	FABIO ERNESTO GARCIA RIVAS	***7045**	2.500,00 €

2º.- O presente acordo de carácter provisional, terá carácter definitivo no caso de finalizar o tramite de audiencia sen que se formulasen alegacións e procederase á publicación no BOP e na paxina web da Deputación de Lugo www.deputacionlugo.org do anuncio correspondente para o seu coñecemento e efectos oportunos.

3º.- Notificar o presente acordo provisional aos beneficiarios de acordo ao previsto na base décima da convocatoria, concedéndolles un prazo de dez días para presentar alegacións.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

19.- COMPARECENCIA NO PROCEDIMENTO ORDINARIO Nº 713/2021.

Logo de ver a proposta do Director da Asesoría Xurídica, do seguinte teor.

“Visto o Decreto de data 6 de agosto de 2021 ditado polo Xulgado do Social nº4 de Lugo dentro do Procedemento Ordinario 713/2021 seguido a instancia de D. Uxío Souto Castro fronte a Empresa de Transformación Agraria, S.A. e a Deputación en materia de recoñecemento de dereito, en cuxa parte dispositiva se admite a trámite a demanda presentada polo dito recorrente.

Visto o anterior, á Xunta de Goberno proponse a adopción dos seguintes acordos:

1º.- A comparecencia desta entidade no devandito procedemento.

2º.- A remisión, se fora necesario, do expediente ao Xulgado do Social nº4 de Lugo pola unidade administrativa encargada da súa elaboración.

3º.- O emprazamento, se fora preciso, de todos os que aparezan como interesados no procedemento.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.



20.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

Dación de conta da aprobación da Resolución Presidencial, de data 19 de outubro de 2021, por motivo de urxencia relativa a:

1º.- Aprobar a modificación do convenio de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o concello de Monforte de Lemos para a achega do medio propio “Empresa de Teconoloxías y Servicios Agrarios S.A., S.M.E., M.P. (TRAGSA) e a súa filial “Empresa de Teconoloxías y Servicios Agrarios S.A., S.M.E., M.P. (TRAGSATEC) para a “realización de actuacións urxentes tendentes á prestación do servizo de piscina municipal climatizada, dos servizos de cafetería e demais incluídos na instalación, e das pistas de tenis municipal da Pinguela” formalizado o 23 de abril de 2021, nos termos da modificación do convenio incorporada ao expediente, e mantendo inalteradas o resto das cláusulas do convenio de referencia que non se vexan afectadas por dita modificación, tendo en conta que o convenio está vixente, media a vontade de ambas partes (concorrenza de interese común), e non se alteran as condicións esenciais do documento inicial.

2º.- Aprobar a prórroga do encargo a TRAGSATEC para a “realización de actuacións urxentes tendentes á prestación do servizo de piscina municipal climatizada, dos servizos de cafetería e demais incluídos na instalación, e das pistas de tenis municipal da Pinguela” formalizado o 26 de abril de 2021, cuxa prórroga abarcaría dende o 27 de outubro de 2021 ao 27 de abril de 2022 (6 meses).

O encargo abarcaría dende o 26 de abril de 2021 ao 27 de abril de 2022.(6 meses + 6 meses).

A Xunta de Goberno queda enterada.

21.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

Non se formulan polos señores Deputados.

E non habendo máis asuntos de que tratar, a Presidenta levanta a sesión, sendo as once horas e trinta minutos do día de referencia, de todo o cal eu, a Secretaria, certifico.